

# Réxime xurídico dos coidados e o benestar dos animais

*Monografías do IBADER - Serie Pecuaria*

Luís Villares Naveira (coordinador)

Lucía Belver Quiroga

María Lucía Girón Conde

David Santos Río



## Réxime xurídico dos coidados e o benestar dos animais

**Autores:** Luís Villares Naveira (coordinador), Lucía Belver Quiroga, María Lucía Girón Conde, David Santos Río.

### **A efectos bibliográficos a obra debe citarse:.**

Villares Naveira, L., Belver Quiroga, L., Girón Conde, M.L., Santos Río, D. (2024). Réxime xurídico dos coidados e o benestar dos animais. Monografías do Ibader - Serie Pecuaria. Ibader. Universidade de Santiago de Compostela. Lugo.

Esta publicación foi sometida a un proceso de revisión por pares.

**Deseño e Maquetación:** L. Gómez-Orellana

**ISSN edición dixital:** 1988-8341

**Depósito Legal:** C 173-2008

**Edita:** IBADER. Instituto de de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural. Universidade de Santiago de Compostela, Campus Universitario s/n. E-27002 Lugo, Galicia.

<http://www.ibader.gal>

[info@ibader.gal](mailto:info@ibader.gal)

**Copyright:** Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER).

**Editado coa colaboración da Deputación de Lugo:**



# Réxime xurídico dos coidados e o benestar dos animais

---

**Luís Villares Naveira (coordinador)**  
Maxistrado na Sala do Contencioso-Administrativo do  
Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

**Lucía Belver Quiroga**  
Xefa do Servizo Xurídico-Administrativo na xefatura territorial  
en Lugo da Consellería do Medio Rural

**María Lucía Girón Conde**  
Fiscal Delegada de Medio Ambiente e Urbanismo da Fiscalía  
Provincial de Lugo

**David Santos Río**  
Ltrado da Administración de Xustiza no Xulgado de Primeira  
instancia nº 5 de Lugo



**Monografías do IBADER - Serie Pecuaria  
Lugo 2024**

# Monografías do IBADER

Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural

## Temática e alcance

O Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER) é un instituto mixto universitario, situado na cidade de Lugo e conformado pola Universidade de Santiago de Compostela, as Consellerías da Xunta de Galicia con competencias en Medio Ambiente e Medio Rural e a Deputación de Lugo.

Unha das actividades do IBADER é a publicación e difusión de información científica e técnica sobre o medio rural desde unha perspectiva pluridisciplinar. Con este obxectivo publícanse a revista Recursos Rurais e as Monografías do IBADER, espazos orientados a fortalecer as sinerxías entre colectivos vinculados ao I+D+I no ámbito da conservación e xestión da Biodiversidade e do Medio Ambiente nos espazos rurais e nas áreas protexidas, os Sistemas de Producción Agrícola, Gandeira, Forestal e a Planificación do Territorio, tendentes a propiciar o Desenvolvemento Sostible dos recursos naturais.

A Revista científico-técnica Recursos Rurais publica artigos, revisións, notas de investigación e reseñas bibliográficas. A revista inclúe unha Serie Cursos, que publica os resultados de reunións, seminarios e xornadas técnicas ou de divulgación. As Monografías do IBADER divulgan traballos de investigación de maior entidade, manuais e textos de apoio a docencia ou investigación e obras de divulgación científico-técnica.

A revista Recursos Rurais atópase incluída na publicación dixital Unerevistas da UNE (Unión de Editoriales Universitarias Españolas) e na actualidade inclúese nas seguintes bases de datos especializadas: CIRBIC, Dialnet, ICYT (CSISC), Latindex, Rebiun e REDIB.

## Política de revisión

Todos os traballos publicados polo IBADER, deben ser orixinais. Os traballos presentados serán sometidos á avaliación confidencial de dous expertos anónimos designados polo Comité Editorial, que poderá considerar tamén a elección de revisores suxeridos polo propio autor. Nos casos de discrepancia recorrerase á intervención dun terceiro avaliador. Finalmente corresponderá ao Comité Editorial a decisión sobre a aceptación do traballo. Caso dos avaliadores propoñeren modificacións na redacción do orixinal, será de responsabilidade do equipo editorial -unha vez informado o autor- o seguimento do proceso de reelaboración do traballo. Caso de non ser aceptado para a súa edición, o orixinal será devolto ao seu autor, xunto cos ditames emitidos polos avaliadores. En calquera caso, os orixinais que non se suxeiten ás seguintes normas técnicas serán devoltos aos seus autores para a súa corrección, antes do seu envío aos avaliadores.

IBADER  
Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural  
Universidade de Santiago de Compostela  
Campus Universitario s/n  
E 27002 Lugo, Galicia (España)

Tfno 982 824500  
Fax 982 824501

<http://www.ibader.gal>  
[info@ibader.gal](mailto:info@ibader.gal)

### **Réxime xurídico dos cuidados e o benestar dos animais**

**Resumo** A presente obra é un estudio xurídico de enfoque multidisciplinar que pretende familiarizar ao/á lector/a co réxime legal de cuidados e benestar dos animais que entran nalgún momento en contacto co ser humano, ben sexa como animais de compañía, de produción, de experimentación, ou en xeral calquera que sexa susceptible de apropiación.

**Palabras clave** benestar animal; dereitos dos animais; cuidados dos animais; animal; ser sensible; reforma lexislativa; dereito civil; dereito administrativo; dereito sancionador; Lei de benestar animal; maltrato animal; abandono dos animais; animais de compañía; cans; gatos; furóns; veterinaria; medio rural; colonias felinas.

### **Régimen jurídico de los cuidados y el bienestar de los animales**

**Resumen** La presente obra es un estudio jurídico de enfoque multidisciplinar que pretende familiarizar al lector/a con el régimen legal de cuidados y bienestar de los animales que entran en algún momento en contacto con el ser humano, bien sea como animales de compañía, de producción, de experimentación, o en general cualquiera que sea susceptible de apropiación.

**Palabras clave** bienestar animal; derechos de los animales; cuidados de los animales; animal; ser sensible; reforma legislativa; derecho civil; derecho administrativo; derecho sancionador; Ley de bienestar animal; maltrato animal; abandono de los animales; animales de compañía; perros; gatos; hurones; veterinaria; medio rural; colonias felinas.

### **Legal regime for the care and welfare of animals**

**Abstract** This work is a legal study with a multidisciplinary approach that aims to familiarise the reader with the legal regime for the care and welfare of animals that come into contact with humans at any time, whether as pets, production animals, experimental animals or, in general, any animal that is susceptible to appropriation.

**Key words** animal welfare; animal rights; animal care; animal; sentient being; legislative reform; civil law; administrative law; sanctioning law;; Animal Welfare Law; animal abuse; animal abandonment; pets; dogs; cats; ferrets; veterinary; rural environment; cat colonies

# Índice

<b>Introdución.</b>	<b>13</b>
---------------------	-----------

## **Parte I**

<b>Réxime substantivo da protección e o benestar animal</b>	<b>15</b>
---	-----------

<b>1. Fontes internacionais, constitucionais e estatutarias.</b>	<b>15</b>
--	-----------

*Lucía Girón Conde.*

*Luís Villares Naveira.*

### **1.1. Fontes internacionais e comunitarias.**

1.1.1. Marco internacional.

1.1.2. Union Europea.

### **1.2 Fontes constitucionais.**

### **1.3. Fontes estatutarias.**

<b>2. Caracterización xurídico civil dos animais.</b>	<b>24</b>
---	-----------

*Luís Villares Naveira.*

### **2.1. Natureza xurídico civil dos animais como seres vivos dotados de sensibilidade.**

2.1.1. Definición do Código Civil dos animais como seres vivos dotados de sensibilidade.

2.1.2. Lexislación estatal básica sobre animais de compañía: dereitos dos animais e benestar animal.

2.1.3. Lexislación galega relativa a animais de compañía. Sensibilidade física e psíquica.

2.1.4. Dereito da Unión Europea. Seres sentintes.

2.1.5. Conclusións.

### **2.2. Réxime xurídico civil dos animais.**

2.2.1. Disposicións xerais relativas á asunción de coidados dun animal dun terceiro e valoración da súa perda.

2.2.2. Achado de animal perdido. Restitución e reembolso de gastos. Disposición especial de malos tratos.

2.2.3. Responsabilidade por danos causados por un animal.

---

2.2.4. Especial consideración do réxime xurídico civil só aplicable a animais de compañía no Código Civil:

2.2.4.1. Copropiedade dun animal de compañía. Excepción á *actio communi dividundo*.

2.2.4.2. Falecemento do propietario do animal de compañía.

2.2.4.3. Límites á garantía mobiliaria.

2.2.5. Modulación xeral da aplicación do réxime de cousas no Código Civil.

2.2.6. Disposicións especiais en materia de contrato de compravenda.

2.2.6.1. Responsabilidade por danos por incumprimento do deber de coidado e asistencia veterinaria anterior á venda.

2.2.6.2. Garantías por vicios ocultos adquiridos en feiras ou poxas de animais produtivos.

2.2.6.3. Dereito á devolución dos cartos con restitución do animal en caso de vicios ocultos.

### **2.3. Dereito de familia. O coidado dos animais de compañía no cese da convivencia conxugal.**

2.3.1. O Convenio regulador. Control do contido relativo aos animais de compañía.

2.3.2. Medidas definitivas en sentenza. O coidado dos animais de compañía. Modificación.

2.3.2.1. Influencia do maltrato ao animal de compañía na atribución da garda e custodia dos fillos menores.

2.3.2.2. Coidado do animal e compañía e dereito de visita do (ex)cónxuxe non coidador .

2.3.3. Das medidas provisionais por demanda de nulidade, separación e divorcio.

## **3. Contido do deber de coidado e benestar dos animais.**

**33**

### **3.1. Obrigas comúns a todo tipo de animais.**

*Luís Villares Naveira.*

3.1.1. Obrigacións xerais do responsable dun animal de calquera clase.

3.1.2. Obrigas específicas derivadas da loita contra as enfermidades dos animais.

### **3.2. Obrigas específicas en relación a animais de produción ou de granxa.**

*Lucía Belver Quiroga.*

3.2.1. Obrigas xerais nas explotacións de animais

3.2.1.1. Persoal.

3.2.1.2. Inspeccións ou controis a efectuar polo propietario ou criador.

3.2.1.3. Liberdade de movementos.

3.2.1.4. Instalacións.

3.2.1.5. Animais mantidos ao aire libre.

---

- 3.2.1.6. Equipos automáticos ou mecánicos.
- 3.2.1.7. Alimento e auga.
- 3.2.1.8. Mutilacións.
- 3.2.1.9. Procedementos de cría.
- 3.2.2. Obrigas específicas adicionais segundo a especie.
- 3.2.3. Obrigas dos partícipes de relacións de integración (contratos gandeiros).
- 3.2.4. Verificación do cumprimento das obrigas establecidas.
- 3.2.5. Obrigas no transporte de animais.
  - 3.2.5.1. Animais aptos para o transporte
  - 3.2.5.2. Requisitos dos vehículos, das viaxes e do persoal implicados no transporte dos animais
    - 3.2.5.2.1. Vehículos
    - 3.2.5.2.2. Tempos de viaxe e descanso.
    - 3.2.5.2.3. Operacións conexas ao transporte.
      - 3.2.5.2.3.1. Procedementos de carga, descarga e manipulación.
      - 3.2.5.2.3.2. Instalacións.
  - 3.2.6. Obrigas no sacrificio ou matanza de animais de produción ou de granxa.
    - 3.2.6.1. O atordamento.
    - 3.2.6.2. Formación e protocolos de traballo.
    - 3.2.6.3. Sacrificio na explotación
      - 3.2.6.3.1. Sacrificio de urxencia.
      - 3.2.6.3.2. Matanza para consumo privado

### **3.3. Obrigas específicas de coidado dos animais de compañía.**

*Luís Villares Naveira.*

- 3.3.1. Lexislación aplicable e delimitación do concepto de animal de compañía.
  - 3.3.2. Obrigas das persoas propietarias e posuidoras de animais de compañía.
    - 3.3.2.1. Deberes básicos.
    - 3.3.2.2. Condutas prohibidas en relación aos animais de compañía.
    - 3.3.2.3. Responsabilidade por danos.
    - 3.3.2.4. Identificación dos animais de compañía.
    - 3.3.2.5. Normas de transporte dos animais de compañía.
  - 3.3.3. Disposicións específicas da protección e benestar de Animais domésticos.
    - 3.3.3.1. Obrigas específicas e condicións de tenza das persoas posuidoras e propietarias de animais domésticos.
    - 3.3.3.2. Recollida e acollemento dos animais vagabundos e extraviados.
    - 3.3.3.3. Abandono de animais domésticos.
-



- 3.3.3.4. Adopción dos animais domésticos abandonados.
- 3.3.3.5. Acollemento temporal de animais domésticos.
- 3.3.3.6. Colonias felinas.
- 3.3.4. Regulación dos núcleos zoolóxicos e os centros de cría. Réxime de compravenda.
  - 3.3.4.1. Clasificación e rexistro dos núcleos zoolóxicos.
  - 3.3.4.2. Requisitos e obrigas dos núcleos zoolóxicos.
  - 3.3.4.3. Réxime legal da cría e venda de animais de compañía.
  - 3.3.4.4. A prohibición de venda “*on line*” e os anuncios de venda de animais de compañía.
- 3.3.5. Esterilización obrigatoria de animais de compañía.
- 3.3.6. Sacrificio e eutanasia.
- 3.3.7. Réxime da tenza dos animais especialmente perigosos.
  - 3.3.7.1. Definicións.
  - 3.3.7.2. Requisitos para a tenza.
  - 3.3.7.3. Responsabilidades e obrigas específicas:
  - 3.3.7.4. Esterilización forzosa de animais potencialmente perigosos.
- 3.3.8. Réxime especial de animais silvestres mantidos en cativeidade.
  - 3.3.8.1. Definición de animal silvestre en cativeidade.
  - 3.3.8.2. Condicións específicas de tenza, cría e comercio.
  - 3.3.8.3. Normas xerais de custodia.
  - 3.3.8.4. Aves de rapina en cativeidade.

#### **3.4. Obrigas específicas de coidado dos animais empregados para experimentación, docencia e outros fins científicos.**

*Luís Villares Naveira.*

- 3.4.1. Ámbito de aplicación e principios xerais de substitución, redución e refinamento.
  - 3.4.2. Finalidade dos procedementos.
  - 3.4.3. Condicións xerais de aloxamento e coidado dos animais.
  - 3.4.4. Métodos de eutanasia.
  - 3.4.5. Requisitos adicionais para cans, gatos e primates.
  - 3.4.6. Restricións ao emprego de animais capturados na natureza.
  - 3.4.7. Restricións ao emprego de animais asilvestrados e animais vagabundos de especies domésticas.
  - 3.4.8. Especialidades dos procedementos aos que son sometidos os animais de experimentación.
    - 3.4.8.1. Elección de métodos.
    - 3.4.8.2. Condicións xerais dos procedementos
-

- 3.4.8.3. Pautas de anestesia e analxesia durante o procedemento
- 3.4.8.4. Destino dos animais á finalización do procedemento
- 3.4.8.5. Reutilización de animais noutros procedementos.
- 3.4.8.6. Posta en liberdade e realoxamento de animais.
- 3.4.9. Centros ou establecementos destinados á cría, subministración ou uso de animais utilizados para experimentación e outros fins científicos, incluída a docencia.
- 3.4.10. Autorizacións e rexistros administrativos.
- 3.4.11. Importacións de animais vivos.

### **3.5. Outra normativa de protección e benestar animal.**

- 3.5.1. Normativa sectorial de espectáculos, deportes e festas.
- 3.5.2. Normativa relativa á protección doutros animais.

## **Parte II**

### **Tutela institucional da protección e o benestar animal 85**

#### **4. Tutela administrativa dos deberes de coidado e benestar animal. 85**

*Lucía Belver Quiroga.*

##### **4.1. Introducción. O control administrativo sobre os deberes de coidado e benestar animal.**

##### **4.2. Fomento da protección dos animais de compañía.**

- 4.2.1. Órganos de dirección, coordinación e participación.
- 4.2.2. Planificación e medios das políticas de protección animal.
- 4.2.3. Entidades de fomento da protección animal.
- 4.2.4. Deberes prestacionais municipais derivados da normativa de protección e benestar dos animais de compañía.

##### **4.3. Actividade de ordenación e control do benestar e a protección dos animais de produción.**

- 4.3.1. O persoal inspector
- 4.3.2. Obrigas na inspección
- 4.3.3. Ámbito da inspección en materia de benestar animal.
- 4.3.4. Contido esencial dunha acta de inspección
- 4.3.5. Realización de advertencias previas e seguimento da explotación.

##### **4.4. A potestade sancionadora en materia de benestar e protección animal.**

- 4.4.1. Disposicións comúns a todos os procedementos sancionadores.
  - 4.4.2. Disposicións sancionadoras relativas a animais de produción e experimentación.
    - 4.4.2.1. Competencia sancionadora.
    - 4.4.2.2. Prazo para tramitar o expediente sancionador.
-

- 4.4.2.3. Responsabilidade
- 4.4.2.4. Infraccións
- 4.4.2.5. Reincidencia.
- 4.4.2.6. Prescrición das infraccións.
- 4.4.2.7. Sancións.
- 4.4.2.8. Sancións accesorias.
- 4.4.2.9. Outras medidas de intervención administrativa de carácter forzoso no marco sancionador e fóra del.
  - 4.4.2.9.1. Medidas cautelares
  - 4.4.2.9.2. Medidas non sancionadoras
  - 4.4.2.9.3. Medidas de execución forzosa
- 4.4.3. Disposicións sancionadoras relativas a animais de compañía e domésticos.
  - 4.4.3.1. Responsabilidade administrativa.
  - 4.4.3.2. Infraccións.
  - 4.4.3.3. Sancións
    - 4.4.3.3.1. Sancións pecuniarias
    - 4.4.3.3.2. Sancións accesorias
  - 4.4.3.4. Gradación das sancións.
  - 4.4.3.5. Medidas provisionais.
  - 4.4.3.6. Reposición da situación alterada e reparación dos gastos e dos danos e perdas.
  - 4.4.3.7. Competencia sancionadora.
  - 4.4.3.8. Prescrición das infraccións e sancións.
  - 4.4.3.9. Caducidade do procedemento sancionador.
  - 4.4.3.10. Publicidade das sancións.
- 4.4.4. Especialidades do procedemento sancionador comúns ás obrigas de custodia de animais en materias competencia da administración xeral do Estado.
  - 4.4.4.1. Prazo e tramitación de procedementos sancionadores en materia de sanidade e protección animal.
  - 4.4.4.2. Redución da sanción pecuniaria.
- 4.4.5. Disposicións sancionadoras en materia de seguridade cidadá relacionadas co benestar e coidado dos animais.

## **5. Protección do benestar animal no Dereito Penal español**

110

### **5.1. Os delitos contra os animais no Código Penal.**

*Lucía Girón Conde.*

#### **5.1.1. Introducción.**

---

- 5.1.2. Evolución histórica da regulación penal do maltrato animal
- 5.1.3. Regulación actual
  - 5.1.3.1. Ben xurídico protexido.
  - 5.1.3.2. Condutas típicas
    - 5.1.3.2.1. Tipo básico
      - 5.1.3.2.1.1. Conduta penada. Elementos.
        - 5.1.3.2.1.1.1. Elemento normativo.
        - 5.1.3.2.1.1.2. Medios comisivos.
          - 5.1.3.2.1.1.2.1. Comisión por acción.
          - 5.1.3.2.1.1.2.2. Comisión por omisión.
          - 5.1.3.2.1.1.2.3. Comisión por acción e omisión.
        - 5.1.3.2.1.1.3. Conduta intencionada.
        - 5.1.3.2.1.1.4. Animais protexidos.
        - 5.1.3.2.1.1.5. Resultado lesivo.
      - 5.1.3.2.2. Tipos agravados.
      - 5.1.3.2.3. Penas na metade superior.
      - 5.1.3.2.4. Tipo “super-agravado”.
      - 5.1.3.2.5. Tipo atenuado.
      - 5.1.3.2.6. O delito leve de abandono.
    - 5.1.3.3. A responsabilidade penal das persoas xurídicas no maltrato animal.
    - 5.1.3.4. Medidas cautelares e outras previsións sobre as penas.

## **5.2. Especialidades procesuais: A proba como medio de garantía no proceso en materia de benestar animal.**

*David Santos Río.*

- 5.2.1. Introducción: a fase preprocesual.
  - 5.2.2. Medios de proba do proceso.
    - 5.2.2.1. Análise da entrada e rexistro e as súas peculiaridades.
    - 5.2.2.2. Da entrada e rexistro en lugar pechado.
    - 5.2.2.3. A captación de comunicacións orais e de dispositivos de imaxe ou de almacenamento masivo.
    - 5.2.2.4. A cadea de custodia.
    - 5.2.2.5. Relevancia da proba pericial veterinaria nos delitos de maltrato animal.
    - 5.2.2.6. A inspección ocular.
  - 5.2.3. A figura do comiso no eido penal.
  - 5.2.4. O principio acusatorio e a necesidade de concienciación.
-

<b>6. Referencia á tutela xurisdicional civil.</b>	<b>144</b>
<i>Luís Villares Naveira.</i>	
<b>Parte III</b>	
<b>Conclusións e bibliografía.</b>	<b>145</b>
<b>7. Conclusións.</b>	<b>145</b>
<b>8. Bibliografía.</b>	<b>147</b>
<b>9. Abreviaturas.</b>	<b>148</b>
<b>10. Agradecementos</b>	<b>149</b>

---

## Introdución.

Este traballo xorde tras a posta en común e desenvolvemento dos relatorios do Curso de Verán organizado pola USC en 2023 a cargo da Prof. Mercedes Camiña García titulado “*Protección e maltrato animal. Unha perspectiva actual das normas e actuacións dende o ámbito legal e veterinario*”, e quere ser unha guía útil para que profesionais de veterinaria, das administracións públicas, dos corpos e forzas de seguridade do Estado, xuristas e en xeral persoas en relación estreita cos animais coñezan de forma sinxela, en cada ámbito, cal son as obrigas de todo posuidor ou titular de animais a cargo que deberán asumir para asegurarlles uns coidados e un benestar acordes coa consideración legal e social de seres vivos dotados de sensibilidade física e nalgúns casos, psíquica. Conscientes deste amplo alcance e dun público alleo ao mundo do dereito, a obra busca simplificar e sistematizar a achega ás normas que regulan o coidado e benestar animal, para facilitar a consulta áxil en cada situación, e dar unha resposta sinxela, sen renunciar ao rigor, pero sintentizando os trazos principais da normativa, deixando apuntadas as fontes para o caso de requirimentos máis específicos.

A obra divídese en tres partes. A primeira delas aborda o estudo substantivo dos coidados e o benestar dos animais, é dicir, aborda o marco regulatorio e describe os dereitos e deberes dos titulares ou posuidores dos animais, tanto dunha perspectiva civil como administrativa.

A perspectiva civil explica como a súa configuración como seres sentintes matiza a súa tradicional consideración de “cosa”, para delimitar un novo contido para o dereito de propiedade, modulado por esta caracterización. O caso concreto dos animais de compañía ocupa un lugar destacado no dereito de familia e sucesorio que se describe polo miúdo, así como en xeral da compravenda de animais.

A perspectiva administrativa describe os deberes de coidado dos animais polos seus titulares ou posuidores en función da súa situación, quer como animais de compañía, quer de produción ou experimentación, dissipando as dúbidas do que a norma entende como trato inadecuado ao animal e que condutas deben observarse para evitarlles sufrimentos ou malestar innecesarios.

A segunda parte contempla a tutela que se dispensa dende as institucións para garantir o cumprimento do réxime legal de protección e benestar animal. Dunha banda, a nivel administrativo, descríbense as institucións de fomento do benestar animal, as potestades de control, inspección e sanción a cargo das administracións públicas. Doutra, a nivel penal, estúdanse tanto as condutas que constitúen o delito de maltrato animal, como o réxime procesual que o acompaña, co obxecto de mellorar a calidade da investigación desta clase de delitos. Esta parte complétase cunha referencia á tutela xurisdiccional civil do benestar animal.

Finalmente, na terceira parte os autores realizan unhas conclusións onde, dende o estado actual da regulación normativa, fan reflexións que poden contribuír ao debate sobre aspectos que, ao seu entender, admiten marxe de mellora para unha máis eficiente protección dos animais.



## Parte I.

### Réxime substantivo da protección e o benestar animal

#### 1. Fontes internacionais, constitucionais e estatutarias.

##### 1.1. Fontes internacionais e comunitarias.

###### 1.1.1. Marco internacional.

A protección xurídica do benestar animal tivo un grande desenvolvemento a nivel mundial desde finais do século XX e nestas primeiras décadas do século XXI, sendo moi destacable o labor das institucións internacionais e a súa influencia na evolución do dereito interno do Estados, entre eles no dereito español.

Así, cómpre destacar, especialmente pola súa relevancia, os traballos realizados neste eido pola Organización Mundial de Sanidade Animal (OMSA), organización creada por un convenio internacional o 25 de xaneiro de 1924, con sede en París, Francia. Coñecida orixinalmente en 1924 como a Oficina Internacional de Epizootias (OIE), desde o 23 de maio de 2003 ten a súa actual denominación pero conservando as siglas orixinais.

Como organización internacional a OIE ten un papel ben establecido na elaboración de normas de benestar animal, a divulgación de información, a axuda aos países para que desenvolvan os seus servizos veterinarios nacionais, e a promoción da cooperación internacional. Desde 2001, estas e outras actividades permitiron á OIE facer unha contribución mundial única e destacada en termos de avances do benestar animal, a solicitude dos seus Países Membros.

A estratexia mundial de benestar animal da OIE, segundo recollen os propios comunicados, creouse coa visión *“dun mundo no que o benestar dos animais se respecte, promova e avance, de maneira que complementa a procura da sanidade animal, o benestar humano, o desenvolvemento socioeconómico e a sustentabilidade do medio ambiente”*.

As primeiras normas da Organización Mundial de Sanidade Animal sobre o benestar animal publicáronse en 2004 no Código Terrestre e en 2008 no Código Acuático en ambos os dous casos contendo normas referentes fundamentalmente ao benestar animal durante o transporte por calquera vía, no momento da matanza e na súa utilización con fines de experimentación. Estes capítulos baseados en elementos científicos actualízanse con regularidade en función da evolución dos coñecementos científicos e elabóranse novas normas co fin de abarcar diversos aspectos do benestar en diferentes especies.

#### Consello de Europa

Non podemos deixar de facer referencia neste ámbito europeo, ao destacable labor do Consello de Europa, que mediante a elaboración de Convenios, Acordos e Recomendacións, contribúe á creación dun espazo legal común europeo. En moitos casos, estes instrumentos serven de referente en todo o continente e constitúen a base para a modificación e harmonización das lexislacións dos diferentes países nas



diferentes áreas de traballo. España entrou a formar parte do Consello de Europa en 1977.

Actualmente, neste marco, están en vigor cinco convenios básicos referentes ao benestar animal, importantes non só polo seu carácter vinculante, senón tamén porque a UE os toma como documento base de traballo para elaborar normativas con frecuencia. Estes, cronoloxicamente enumerados, son os seguintes:

- Convenio para a Protección dos animais en Explotacións Gandeiras, feito en Estrasburgo o 10 de marzo de 1976. O día 8 de novembro de 1985, o Plenipotenciario de España, nomeado en boa e debida forma para o efecto, asinou en Estrasburgo o Convenio Europeo de protección dos animais en explotacións gandeiras.

- O Convenio para a Protección dos Animais de Experimentación, feito en Estrasburgo o 18 de marzo de 1986. O día 11 de agosto de 1988, o Plenipotenciario de España, nomeado en boa e debida forma para o efecto, asinou en Estrasburgo o Convenio Europeo sobre protección dos animais vertebrados utilizados con fins experimentais e outros fins científicos.

- Convenio para a Protección dos Animais de Compañía. Elaborado en Estrasburgo en outubro de 1987. O día 9 de outubro de 2015 o Plenipotenciario de España asinou en Estrasburgo o Convenio Europeo sobre protección de animais de compañía.

- O Convenio para a Protección dos Animais ao Sacrificio, feito en Estrasburgo o 10 de maio de 1979. Non foi asinado nin ratificado por España. Con todo, dado que o subscribiu a propia Unión Europea, a través dunha Decisión do Consello, do 16 de maio de 1988, relativa á aprobación do Convenio Europeo sobre a Protección dos Animais de sacrificio (88/306/CEE), na práctica vincula igualmente aos Estados membros, e polo tanto, tamén a España

- Convenio para a Protección dos animais no Transporte Internacional. Realizado en París o 13 de decembro de 1968. Asinado e ratificado por España. Entrou en vigor o 3 de febreiro de 1975 (BOE nº 266 do 6 de xullo do 1975). O Convenio Revisado para a protección dos animais durante o seu transporte internacional foi aberto para a súa firma en 2003.

#### 1.1.2. Unión Europea.

Con respecto ao ámbito europeo, as bases legais do benestar animal e a protección aos animais de produción lévanse traballando en Europa desde hai máis de 40 anos e, actualmente podería dicirse que a Unión Europea é líder mundial neste campo.

A Unión Europea (UE) dispón dun dos conxuntos de normas máis extensos do mundo en relación co benestar animal, que abarca aos animais de granxa nas explotacións, durante o transporte e no sacrificio.

Estas normas reflicten as cinco liberdades contidas no Convenio europeo de protección dos animais en explotacións gandeiras:

- Liberdade de fame e de sede.
  - Libres de molestias.
  - Libres de dor, feridas e enfermidades.
  - Liberdade de expresar un comportamento normal.
  - Liberdade de medo e angustia.
-

Pero esta normativa europea, como veremos, aínda que protexe sobre todo aos animais de produción, tamén regula a protección da fauna silvestre, dos animais de laboratorio e das mascotas.

Na construción do mercado común, a existencia e aplicación da normativa sobre protección animal diferente en cada Estado podería supoñer unha distorsión da competencia nos mercados, pero a UE estableceu normas comúns en forma de Directivas que deben ser traspostas por cada Estado membro ao seu ordenamento xurídico interno, e Regulamentos e Decisións de aplicación directa nos Estado membros

O mesmo TFUE (Tratado Fundacional da Unión Europea), no seu artigo 13 (antigo Protocolo n.º 33 sobre a protección e o benestar dos animais, 1997) dispón que:

*“Ao formular e aplicar as políticas da Unión en materia de agricultura, pesca, transporte, mercado interior, investigación e desenvolvemento tecnolóxico e espazo, a Unión e os Estados membros terán plenamente en conta as esixencias en materia de benestar dos animais como seres sensibles, respectando ao mesmo tempo as disposicións legais ou administrativas e os costumes dos Estados membros relativas, en particular, a ritos relixiosos, tradicións culturais e patrimonio rexional.”*

A lexislación comunitaria relativa ás condicións de benestar dos animais da granxa establece as normas mínimas, pero os gobernos nacionais poden adoptar normas máis estritas, sempre que sexan compatibles coas disposicións do Tratado.

En canto ás Directivas e Regulamentos vixentes, pasamos a referilos, clasificados por materias :

Os animais de granxa.

- Directiva 98/58/CE do Consello relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras .Esta directiva deu normas xerais para a protección dos animais de todas as especies mantidas para a produción de alimentos, la, coiro, peles ou con outros fins agrícolas, incluídos os peixes, os réptiles e anfibios. Estas regras baséanse no Convenio Europeo para a Protección dos animais en explotacións gandeiras e reflicten as cinco liberdades adoptadas polo dito Convenio xa citadas

Conservación dos animais.

- Directiva 2007/43/CE do Consello, do 28 de xuño 2007, que establece as disposicións mínimas para a protección dos pitos destinados á produción de carne.
  - Directiva 98/58/CE do Consello, do 20 de xullo de 1998, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras.
  - Directiva 1999/74/CE do Consello, do 19 de xullo de 1999, polas normas mínimas para a protección das galiñas poñedeiras.
  - Directiva 2002/4/CE da Comisión do 30 de xaneiro de 2002, sobre o rexistro de establecementos de galiñas poñedeiras, cubertos pola Directiva 1999/74/CE do Consello.
  - Directiva do Consello 2008/119/EEC do 18 de decembro de 2008, polas normas mínimas para a protección de tenreiros.
-

- Directiva 2008/120/CE do Consello pola que se establecen as normas mínimas para a protección de porcos.

Transporte de animais.

- Directiva 91/628/CEE, do Consello, do 19 de novembro de 1991, sobre a protección dos animais durante o transporte e que modifica as Directivas 90/425/CEE e 91/496/CEE.

- Directiva do Consello 95/29 do 29 de xuño de 1995 sobre a protección dos animais durante o transporte.

- Regulamento (CE) n<sup>o</sup> 06 1255/97, de 25 de xuño de 1997, sobre os criterios comunitarios para os puntos de parada e modifícase o plan de viaxe mencionada no anexo da Directiva 91/628/CEE.

- Regulamento (CE) 411/98, do 16 de febreiro de 1998, relativa ás normas de protección animal aplicables aos vehículos de estrada utilizados para o transporte de gando en viaxes de máis de oito horas.

- Decisión da Comisión 2001/298/CE, do 30 de marzo de 2001, que modifica os anexos das Directivas 64/432/CEE, 90/426/CEE, 91/68/CEE e 92/65/CEE e a Decisión 94/273/CE da Comisión como se refire á protección dos animais durante o transporte.

- Regulamento (CE) non 1/2005, do 22 de decembro de 2004, relativa á protección dos animais durante o transporte e as operacións conexas e modifícanse as Directivas 64/432/CEE e 93/119/CE e o Regulamento (CE) non 1255/97.

Sacrificio e matanza de animais.

- Regulamento 1099/2009, do 24 de setembro de 2009, sobre a protección dos animais no momento da matanza (que substitúe á Directiva 93/119/CE).

A regulación do mercado.

- Regulamento (CE) non 1234/2007, do 22 de outubro de 2007, por unha organización común de mercados agrícolas e establécense disposicións específicas para determinados produtos agrícolas (Regulamento único para as OCM).

- Regulamento (CE) non 589/2008, do 23 de xuño 2008, que establece disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n<sup>o</sup> 1234/2008 sobre normas de comercialización dos ovos

- Regulamento 2008/543/EC do 16 de xuño de 2008, polas disposicións de aplicación do Regulamento 2007/1234/EC o que respecta ás normas de comercialización das aves de curral.

Fauna.

As aves silvestres.

- Directiva 79/409/CEE do Consello, do 2 de abril de 1979, relativa á conservación das aves silvestres.

- Directiva 94/24/CE do Consello, do 8 de xuño de 1994, que modifica o anexo II da Directiva 79/409/CEE relativa á conservación das aves silvestres.

- Directiva 97/49/CE do Consello, do 29 de xullo de 1997, que modifica a Directiva 79/409/CEE relativa á conservación das aves silvestres.

#### Habitats

- Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos habitats naturais e da fauna e flora silvestres.
- Directiva 97/62/CE do Consello, do 27 de outubro de 1997, adaptada ao progreso da Directiva 92/43/CEE, técnico e científico sobre a conservación dos habitats naturais e da fauna e flora silvestres.

#### Animais exóticos

- Regulamento (CE) n.º 338/97, do 9 de decembro de 1996, sobre a protección de especies de fauna e flora silvestres mediante o control do seu comercio.
- Regulamento (CE) n.º 865/2006, do 4 de maio de 2006, polas disposicións relativas á aplicación do Regulamento (CE) n.º 338/97, relativo á protección da fauna e flora silvestres mediante o control do seu comercio.
- Regulamento (CE) n.º 359/2009, do 30 de abril 2009, polo que se suspende a introdución na Comunidade de espécimes de determinadas especies de fauna e flora silvestres.
- Regulamento (CE) n.º 407/2009, do 14 de maio de 2009, que modifica o Regulamento (CE) n.º 338/97, relativo á protección de especies da fauna e flora silvestres mediante o control do seu comercio.
- Regulamento n.º 318/2007, do 23 de marzo 2007, pola que se establecen as condicións zoosanitarias para a importación de determinadas aves na Comunidade e as condicións de corentena.
- Regulamento (CE) n.º 1739/2005, do 21 de outubro de 2005, polo que se establecen os requisitos zoosanitarios para o movemento de animais de circo entre Estados membros.

#### Zoolóxicos.

- Directiva 1999/22/CE do Consello, do 29 de marzo de 1999, relativa ao mantemento de animais salvaxes en parques zoolóxicos.

#### Cepos.

- Regulamento (CEE) n.º 3254/91, do 4 de novembro 1991, que prohíbe o uso de cepos na Comunidade, e a introdución na Comunidade de peles e produtos manufacturados de determinadas especies animais salvaxes orixinarias de países que utilizan para a súa captura por medio de cepos ou métodos de captura que non cumpran con normas internacionais de captura.
- Regulamento (CE) n.º 35/97, do 10 de xaneiro de 1997, relativo ás disposicións de certificación de peles e produtos regulados polo Regulamento (CEE) n.º 3254/91.

#### Fauna e flora mariña

- Directiva 83/129/CEE do Consello, do 28 de marzo de 1983, relativa á importación nos Estados membros de peles de determinadas crías de foca e produtos derivados da mesma.
- Directiva do Consello 85/444/EEC, do 27 de setembro de 1985, que modifica a Directiva 83/129/CEE relativa á importación nos Estados membros de peles de determinadas crías de foca e produtos derivados do mesmo.
- Directiva do Consello 89/370/CEE, do 8 de xuño de 1989, que modifica a Directiva 83/129/CEE relativa á importación nos Estados membros de peles de determinadas crías de foca e produtos derivados do mesmo.
- Regulamento (CE) nº 1007/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de setembro de 2009, sobre o comercio de produtos de foca.

#### Pesca.

- Regulamento (CEE) nº 345/92, do 27 de xaneiro de 1992, que modifica por undécima vez o Regulamento (CEE) 3094/86 polo que se establecen determinadas medidas técnicas de conservación dos recursos pesqueiros.
- Regulamento (CE) nº 1239/98, do 8 de xuño de 1998, que modifica o Regulamento (CE) nº 894/97 polo que se establecen determinadas medidas técnicas de conservación dos recursos pesqueiros.
- Regulamento (CE) nº 1185/2003, do 26 de xuño de 2003, sobre a eliminación das quenllas nos buques.

#### Animais de Laboratorio.

- Directiva 2010/63/ do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de setembro de 2010, sobre a protección dos animais utilizados para fins científicos
  - Directiva 86/609/CEE do Consello, do 24 de novembro de 1986, relativa á aproximación das disposicións legais e administrativas dos Estados membros relativas á protección dos animais utilizados para experimentación e outros.
  - Directiva 2003/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xullo de 2003, que modifica a Directiva 86/609/CEE relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros relativas á protección dos animais utilizados para experimentación e outros con fins científicos.
  - Decisión 2003/584/CE do Consello, do 22 de xullo de 2003, relativo á celebración do Protocolo de Emenda do Convenio Europeo para a protección dos animais vertebrados utilizados con fins experimentais ou científicos.
  - Directiva 93/35/CEE do Consello, do 14 de xuño de 1993, modificadora por sexta vez da a Directiva 76/768/CEE relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros en materia de produtos cosméticos.
  - Directiva 2000/41/CE, do 19 de xuño 2000, que apraza por segunda vez a data despois da cal os ensaios con animais están prohibidos para ingredientes ou combinacións de ingredientes de produtos cosméticos.
-

- Directiva 2003/15/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de febreiro de 2003, que modifica a Directiva 76/768/CEE relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros relativas aos produtos cosméticos.
- Directiva 1999/11/CE da Comisión, do 8 de marzo de 1999, polo progreso técnico os principios de boas prácticas de laboratorio que se especifican na Directiva do Consello 87/18/CEE relativa á harmonización das disposicións legais, regulamentarias e administrativas relativas á aplicación dos principios de boa prácticas de laboratorio e ao control da súa aplicación para as probas sobre as substancias químicas.
- Directiva 1999/12/CE da Comisión, do 8 de marzo de 1999, polo progreso técnico por segunda vez o Anexo da Directiva 88/320/CEE do Consello relativa á inspección e verificación de boas prácticas de laboratorio.

#### Animais de Compañía.

- Regulamento (CE) nº 998/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio de 2003, sobre as condicións de policía sanitaria aplicables aos desprazamentos sen ánimo comercial de animais de compañía e modifícase a Directiva 92/65/CEE.
- Decisión da Comisión 2004/824/CE, do 1 de decembro de 2004, que impón un modelo de certificado sanitario para os desprazamentos sen ánimo comercial de cans, gatos e furóns procedentes de terceiros países na Comunidade.
- Decisión do Consello 2003/803/CE, do 26 de novembro de 2003, que impón un modelo de pasaporte para os desprazamentos intracomunitarios de cans, gatos e furóns.
- Decisión da Comisión 2004/301/CE, do 30 de marzo 2004, que se establecen excepcións ás Decisións 2003/803/CE e 2004/203/CE polo que se refire ao formato dos certificados e pasaportes para os desprazamentos sen ánimo comercial de cans, gatos e furóns, e modifícase a Decisión 2004 / 203/EC
- Decisión do Consello 2004/595/CE, do 29 de xullo de 2004, por un modelo de certificado sanitario para a importación na Comunidade para o comercio de cans, gatos e furóns.
- Decisión do Consello 2004/650/CE, do 13 de setembro de 2004, modifica o Regulamento (CE) non 998/2003 do Parlamento Europeo e do Consello relativa ás normas zoosanitarias aplicables aos desprazamentos sen ánimo comercial de animais de compañía para ter en conta a adhesión de Malta.
- Regulamento (CE) non 1467/2006, do 4 de outubro de 2006, que modifica o anexo II do Regulamento (CE) non 998/2003 do Parlamento Europeo e do Consello no relativo ás listas de países e territorios.
- Regulamento (CE) nº 245/2007, do 8 de marzo de 2007, que modifica e adapta o anexo II do Regulamento (CE) non 998/2003 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta a Bulgaria, Rumanía e Malasia
- Regulamento (CE) nº 1523/2007 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2007, que prohíbe a comercialización no mercado, a importación ou exportación desde a Comunidade de peles de gato e can, e produtos que as conteñen.

Toda esta inxente regulación forma parte do noso ordenamento xurídico como estado membro da Unión Europea e tivo un papel decisivo na evolución da nosa lexislación

---

interna nas diversas ramas en materia de protección animal e ademais pode considerarse que a Unión Europea, xunto cos Estados membros, tivo un papel protagonista para aumentar a conciencia mundial sobre o benestar animal e conseguíronse importantes resultados. Porén, aínda cómpre mellorar os estándares de protección, xa que logo, cuestións como o uso de animais en espectáculos e eventos culturais ou deportivos son responsabilidade de los Estados membros da UE a escala nacional coas diferenzas e polémicas que poden xurdir entre os diferentes estados ou a nivel interno, como é o caso no noso país.

## 1.2. Fontes constitucionais.

A Constitución Española de 1978 (CE) non contén mención específica ningunha no referente á protección do benestar animal a diferenza do que sucede noutros países do entorno europeo nos que a protección dos animais incorporouse á súa Constitución como fin do Estado. Tal é o caso da Constitución de Alemaña que, despois da reforma realizada en maio de 2002, inclúe no seu artigo 20.a), que "*o Estado protexerá [...] os animais mediante a lexislación e, de acordo coa lei e a lei, a través dos poderes executivo e xudicial*". Tamén se observa na Constitución de Luxemburgo que, tras a reforma do 29 de marzo de 2007, establece no seu artigo 11 bis que "*o Estado [...] promoverá a protección e o benestar dos animais*". Non obstante, nos dous casos indícanse obxectivos públicos e aos animais non se lles dá un estatuto legal que lles permita ser titulares de dereitos subxectivos.

Pola súa banda, no caso de Suíza, aínda que non está integrado na Unión, atopamos que a súa Constitución reconece no seu artigo 120.2 "*a dignidade das criaturas vivas*".

Certo é que o artigo 45 da nosa Carta Magna establece que "*os poderes públicos velarán pola utilización racional de todos os recursos naturais, co fin de protexer e mellorar a calidade da vida e defender e restaurar o medio ambiente, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva.*" E nesa protección dos recursos naturais e do Medio Ambiente sectores da doutrina consideran incluída á protección dos animais, non só da fauna silvestre, senón tamén dos animais de compañía e dos animais de explotación, pero, como lembra Castro Álvarez (2019), maioritariamente estímase que a protección dos animais como seres sentintes non queda abarcada pola protección do Medio Ambiente e debería ser obxecto dunha mención e protección específica na nosa norma fundamental como guía no desenvolvemento da normativa na materia .

Porén, maila a carencia constitucional, a evolución da normativa civil, administrativa e penal neste eido, como veremos nos seguintes capítulos, sitúanos á cabeza dos estándares de protección animal a nivel internacional.

## 1.3. Fontes estatutarias.

A nivel autonómico, a norma institucional básica constitúea o Estatuto de Autonomía de Galicia (LO 1/1981, de 6 de abril). O seu Título II, Capítulo I, dedicado ás competencias en xeral, inclúe, entre outras, o art. 27.30, que lle atribúe á nosa CA a competencia exclusiva para ditar "*normas adicionais de protección do medio ambiente e da paisaxe, nos termos do art. 149.1.23 da Constitución*".

Este precepto faculta ao noso país para establecer normas *adicionais de protección* no contexto da lexislación básica que sobre protección do medio ambiente pode ditar o Estado, en desenvolvemento do art. 45.1. CE. A maiores, a nosa CA pode asumir competencias de xestión en materia de protección do medio ambiente.

---

Con esta lexitimación competencial, Galicia ten ditado as Leis 1/1993, de 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro, modificada a través da Lei 8/2014 (fundamentalmente en materia de maltrato, tortura ou trato inaxeitado aos animais), desenvolvida no Decreto 153/1998, ambas normas derogadas coa promulgación da Lei 4/2017, de 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia (LPBACG). Con rango de lei existen tamén disposicións en materia de benestar animal nos animais de produción (Lei 3/2018, de 26 de decembro, art. 25).

Unha análise do marco autonómico lévanos a concluír que o único título competencial de ancoraxe constitucional e estatutario vén constituído pola defensa do medio ambiente, unha mención claramente insuficiente, habida conta da evolución social de Galicia, que elevou, como se verá, os animais á categoría xurídica de seres sentintes, dotados de sensibilidade física e psíquica. Galicia é unha sociedade que a día de hoxe caracteriza os coidados e a protección do benestar dos animais como un ben moral digno dunha protección autónoma a respecto dos elementos constitutivos do medio ambiente, singularmente reforzada no caso dos animais de compañía, polo apego histórico e actual que teñen desenvolvido en relación ás persoas coas que manteñen vínculos, individual e colectivamente considerados.

A sociedade galega, tradicionalmente agraria, desenvolveu dende vello unha cultura de respecto cara os animais, que a levou a rexeitar prácticas que nas labores agrarias ou no espazo de lecer implicasen para eles maltrato ou crueldade. A sociedade actual, predominantemente urbana, incorporou a esa cultura de respecto o valor adicional do apego que no núcleo familiar ten a presenza de animais de compañía.

Ambos acervos culturais, presentes socialmente, forxan a idea de bens morais dignos de protección xurídica, e os títulos competenciais para legislar aparecen xa como mencións imperfectas e imprecisas do que a sociedade quere que a norma protexa.

É por iso que cumpriría unha reforma estatutaria que, nunha parte dogmática de recoñecemento de novos dereitos como consecuencia da evolución da sociedade galega que tanto ten mudado dende 1981, codifique expresamente a protección dos animais, na dobre dimensión dos seus coidados e benestar, afondando na liña dun recoñecemento de dereitos como a apuntada arestora a nivel estatal no art. 1.2. da Lei 7/2023, de protección dos dereitos e benestar dos animais, entendidos estes como *“o seu dereito ao bo trato, respecto e protección, inherentes e derivados da súa natureza de seres sentintes, e coas obrigacións que o ordenamento xurídico impón ás persoas, en particular a aquelas que manteñen contacto ou relación con eles”*.

Este camiño xa foi marcado hai case dúas décadas na reforma dalgúns estatutos de Autonomía, como o catalán (LO 2/2006, de 19 de xullo), que recolle como competencia dentro das de agricultura e gandería a de protección dos animais (art. 116), ou o andaluz (LO 2/2007, de 19 de marzo), que prevé dentro das competencias en materia de medio ambiente a protección dos animais (art. 205).

Eses estatutos de segunda xeración de inicios de século foron superados no deseño da arquitectura estatutaria pola proposta que aquí defendemos, de establecemento dunha parte dogmática substantiva de recoñecemento de dereitos, deberes e principios reitores, e cuxo exemplo máis notable é o Estatuto de Autonomía de Canarias (LO 1/2018, de 5 de novembro), cuxo art. 35 titulado *“Dereitos dos animais”*, indica que: *“nos termos que se fixen por lei, de acordo coa Constitución e o Tratado de Funcionamento da Unión Europea, as administracións públicas canarias velarán polo mantemento e salvagarda dos animais, ademais de recoñecelos como seres que*



senten e con dereito a non ser utilizados en actividades que conleven malos tratos ou crueldade”. O art. 37, dentro dos principios reitores da Comunidade Autónoma, inclúe “17. A garantía de que as institucións públicas velarán polo benestar animal, loitando contra os malos tratos e protexendo de maneira particular a aquelas especies en perigo de extinción e endemismos con presenza no Arquipélago”, engadindo dentro do desenvolvemento das competencias en materia de agricultura e gandería, a regulación da protección e o benestar dos animais (art. 130).

Cómpre que o Estatuto de Autonomía de Galicia acompañe á sociedade galega do seu tempo, tamén en materia de coidados e benestar animal.

## 2. Caracterización xurídico civil dos animais.

### 2.1. Natureza xurídico civil dos animais como seres vivos dotados de sensibilidade.

2.1.1. Definición do Código Civil dos animais como seres vivos dotados de sensibilidade.

A natureza xurídico-civil dos animais vén determinada no Código Civil (en diante, CC) -após a reforma operada pola Lei 17/2021-, que determina o seu carácter básico para o resto do estado, e sen prexuízo da competencia na materia da Comunidade Autónoma de Galicia.

A reforma implica que dende 2021 os animais deixan de ter a consideración xurídica de cousa, e aínda que se regula o seu réxime de apropiación, propiedade e uso dentro do Libro II do CC, o seu contido só resulta aplicable se é compatible coa súa propia natureza, definida como de ser vivo dotado de sensibilidade.

A este respecto di o art. 333 Bis CC que: *” os animais son seres vivos dotados de sensibilidade. Só lles será aplicable o réxime xurídico dos bens e das cousas na medida en que sexa compatible coa súa natureza ou coas disposicións destinadas á súa protección”*.

Esta redacción implica que definitivamente se crea unha categoría intermedia entre as persoas e as cousas para os efectos xurídico-civís, acorde coa súa condición, que Eze Páez (2022) clasifica como de seres sentintes susceptibles de apropiación, e limita o dereito de propiedade consonte a esta natureza, como estudan Mulà Arribas e Torres Márquez (2022), aínda que na nosa opinión estamos máis ben diante dunha verdadeira delimitación do dereito, xa que se trata da definición do contido do dereito común a toda a categoría de animais incluídos dentro do seu ámbito, que se perfila paulatinamente cando adicionalmente se establecen caracterizacións concretas para os animais de compañía.

Aínda que autoras como Vivas Tesón (2019) consideran esta reforma suficiente para concluír a superación do antropocentrismo no noso ordenamento xurídico, na nosa opinión non pode extraerse esta consecuencia nin desta reforma nin doutros textos actualmente vixentes, xa que por unha banda, do punto de vista dogmático a construción das diferentes categorías aséntase na apreciación da existencia dun ben moral valioso para o ser humano na vida animal, o que se evidencia á hora de blindar de entre eles os animais de compañía pola especial intensidade da relación que ten

coas persoas, e por outra banda porque a nivel procesual non se constrúe un verdadeiro dereito subxectivo nin a súa titularidade a favor do propio animal. Este segundo trazo queda explícito na Lei 7/2023, onde a definición que o lexislador fai de dereitos dos animais en realidade encobre un estatuto xurídico de protección en base ás súas características que en nada difire da que se dispensa ao resto de elementos ecosistémicos.

Sentado o anterior, dende a reforma os animais comparten cos seres humanos a condición de seres vivos dotados de sensibilidade, é dicir, de capacidade para sentir, e como seres sentintes son titulares do dereito a seren tratados de forma que non se lles cause un sufrimento innecesario, e que se procure un benestar aceptable cando están fóra do estado silvestre. Di a norma que: *” o propietario, posuidor ou titular de calquera outro dereito sobre un animal debe exercer os seus dereitos sobre el e os seus deberes de coidado respectando a súa calidade de ser sentinte, asegurando o seu benestar conforme ás características de cada especie e respectando as limitacións establecidas nesta e as demais normas vixentes”*.

Estes deberes de coidado e os correlativos dereitos dos animais só nacen cando existiu apropiación, é dicir, cando saen do seu ámbito de desenvolvemento no medio natural ao que pertencen a nivel ecolóxico.

A partir desa apropiación xorden os deberes para quen detentan a titularidade dalgún dereito sobre o animal, o que implica a proxección da normativa xurídico-civil pero tamén a administrativa.

#### 2.1.2. Lexislación estatal básica sobre animais de compañía: dereitos dos animais e benestar animal.

A Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais (LPDBA) contén disposicións de natureza civil e administrativa, e ten por obxecto establecer o réxime xurídico básico en todo o territorio español para a protección, garantía dos dereitos e benestar dos animais de compañía e silvestres en cativeiro, sen prexuízo da sanidade animal que se rexerá pola Lei 8/2003, do 24 de abril, de Sanidade Animal (LSA), e polas normas da Unión Europea (art. 1.1.).

A Lei define como dereitos dos animais *“o seu dereito ao bo trato, respecto e protección, inherentes e derivados da súa natureza de seres sentintes, e coas obrigacións que o ordenamento xurídico impón ás persoas, en particular a aquelas que manteñen contacto ou relación con eles”* (art. 1.2. LPDBA).

No marco da Lei, defínese o animal de compañía como o animal doméstico ou silvestre en cativeiro, mantido polo ser humano, principalmente no fogar, sempre que se poida ter en boas condicións de benestar que respecten as súas necesidades etolóxicas, poida adaptarse á cativeiro e que a súa tenencia non teña como destino o seu consumo ou o aproveitamento das súas producións ou calquera uso industrial ou calquera outro fin comercial ou lucrativo e que, no caso dos animais silvestres a súa especie estea incluída na listaxe positiva de animais de compañía. En todo caso cans, gatos e furóns, independentemente do fin ao que se destinen ou do lugar no que habiten ou do que procedan, serán considerados animais de compañía. Os animais de produción só se considerarán animais de compañía no caso de que, perdendo o seu fin produtivo, o propietario decidise inscribilo como animal de compañía no Rexistro de Animais de Compañía. (art. 3.a. LPDBA).

---

Neste contexto, a norma achega unha definición auténtica de benestar animal, como estado físico e mental dun animal en relación coas condicións en que vive e morre, nos termos definidos pola Organización Mundial de Sanidade Animal. (art. 3.k. LPDBA)

2.1.3. Lexislación galega relativa a animais de compañía. Sensibilidade física e psíquica.

Pola súa banda, a normativa galega engade, para o caso dos animais de compañía (ámbito de aplicación da Lei) unha caracterización adicional. Así a Lei 4/2017 de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia (LPBACG), con ocasión dos fins da norma di, no seu art. 3 que busca *“acadar o máximo nivel de protección e benestar dos animais incluídos no ámbito de aplicación desta lei, consonte a súa condición de seres vivos dotados de sensibilidade física e psíquica.”*

En consecuencia, declárase que a capacidade de sentir dos animais de compañía non é só na dimensión relativa ao seu benestar corporal, senón tamén mental (en liña coa definición de benestar animal da lei estatal), o que determina que as obrigas dos titulares de dereitos sobre eles se proxectarán tamén sobre o seu benestar mental, o que abre a porta a unha dimensión integral de coidado, a dispensar polo seu titular e do que é tributario o animal.

2.1.4. Dereito da Unión Europea. Seres sentintes.

Finalmente, o artigo 13 do Tratado de Lisboa da Unión Europea, texto ao que todos os países membros da Unión Europea deben adaptar a súa lexislación en materias reguladas pola normativa comunitaria, cualifica aos animais como "seres sentintes", é dicir, como seres vivos con capacidade de sentir, nestes termos:

*“Ao formular e aplicar as políticas da Unión en materia de agricultura, pesca, transporte, mercado interior, investigación e desenvolvemento tecnolóxico e espazo, a Unión e os Estados membros terán plenamente en conta as esixencias en materia de benestar dos animais como seres sensibles, respectando ao mesmo tempo as disposicións legais ou administrativas e os costumes dos Estados membros relativas, en particular, a ritos relixiosos, tradicións culturais e patrimonio rexional.”*

2.1.5. Conclusións.

En definitiva, a condición de ser vivo sentinte dotado de sensibilidade física e psíquica (no caso dos de compañía) significa que o trato que calquera persoa que ostenta dereitos sobre un animal sobre o que se exerceu a apropiación debe respectar o seu benestar físico e psíquico (con especial intensidade no caso dos de compañía). Isto implica que a súa tenza (ou relación) debe estar condicionada pola observación dunha serie de coidados enunciados legal e regulamentariamente a nivel civil e administrativo.

Dunha banda este sector do ordenamento atribúe deberes aos titulares de dereitos sobre os animais, configurando o ámbito relacional.

Isto non os converte, non obstante, en suxeitos de dereitos, no sentido de que non implica a atribución directa de dereitos aos propios animais que eles podan exercer ou que se podan facer valer no seu nome, senón que se atribúe, segundo as situacións

(de dereito civil ou administrativo) lexitimación activa particular ou xeral para accionar na defensa dos dereitos de protección e benestar recoñecidos, con cargo aos titulares de dereitos de apropiación.

A protección e o benestar dun animal son obrigas a cargo de quen ten atribuídos dereitos sobre el, e en razón de ser aquel portador dun ben moral digno de protección fáctase a todas as persoas (ou a algunhas en función do contexto) a acción pública de denuncia para o cumprimento da normativa de protección.

Se os animais fosen verdadeiros suxeitos de dereitos, poderíase incluso impetrar a acción civil en defensa do seu benestar no seu propio nome, algo que a día de hoxe non sucede no noso ordenamento xurídico, que mantén, como lembra Peñalba Ribera (2022) a súa tradicional concepción antropocéntrica.

## 2.2. Réxime xurídico civil dos animais.

Dada a modificación operada na súa natureza xurídica, os animais pasan a ter unha consideración singular diferente do réxime das cousas, apartándose en ocasións desa regulación, para un tratamento civil acorde co valor social que merecen os animais, particularmente os de compañía.

2.2.1. Disposicións xerais relativas á asunción de coidados dun animal dun terceiro e valoración da súa perda.

En coherencia co maior valor social que se lles atribúe aos animais como seres vivos dotados de sensibilidade, o CC salvagarda a súa protección e o benestar blindando a recuperación dos gastos de coidados para quen os fixese sen ter obrigación (permitindo que estes superen o seu valor económico, mediante acción de repetición) e asegura tamén a indemnización por dano moral en caso de danos causados por un terceiro, se é de compañía, por razón de apego:

Art. 333 bis CC: *“ os gastos destinados á curación e ao coidado dun animal ferido ou abandonado son recuperables por quen os pague mediante o exercicio de acción de repetición contra o propietario do animal ou, no seu caso, contra a persoa á que se lle atribuíu o seu coidado na medida en que fosen proporcionados e aínda cando fosen superiores ao valor económico deste.*

*No caso de que a lesión a un animal de compañía provoque a súa morte ou un menoscabo grave da súa saúde física ou psíquica, tanto o seu propietario como quen conviva co animal teñen dereito a que a indemnización comprenda a reparación do dano moral causado.”*

2.2.2. Achado de animal perdido. Restitución e reembolso de gastos. Disposición especial de malos tratos.

O art. 611 CC obriga a quen atope a un animal perdido a restituílo ao seu propietario ou a quen sexa responsable do seu coidado, se coñece a súa identidade.

Restituído o animal ao seu propietario, ou a quen sexa responsable do seu coidado, quen tras o seu achado asumise o seu coidado poderá exercitar a correspondente acción de repetición dos gastos destinados á curación e ao coidado do animal, así como dos xerados pola súa restitución, e terá dereito ao resarcimento dos danos que se lle puideron causar.

---

A regra de restitución coñece unha excepción no caso de indicios fundados de que o animal achado sexa obxecto de malos tratos ou de abandono, pois nese caso quen o atopase estará eximido de restituílo ao seu propietario ou responsable do seu coidado, debendo poñer os feitos en coñecemento de maneira inmediata ante as autoridades competentes.

### 2.2.3. Responsabilidade por danos causados por un animal.

O art. 1905 CC establece que o posuidor dun animal, ou o que se serve del, é responsable dos danos que causar, aínda que se lle escape ou extravíe.

Só cesará esta responsabilidade no caso de que o dano proviñese de forza maior (entendida esta como un suceso alleo ao ámbito do risco regulado por un réxime de responsabilidade obxectiva, e que exonera de responsabilidade ao titular) ou de culpa do que o sufrise (acción do animal imputable á conduta da vítima).

### 2.2.4. Especial consideración do réxime xurídico civil só aplicable a animais de compañía no CC.

#### 2.2.4.1. Copropiedade dun animal de compañía. Excepción á “*actio communi dividundo*”.

Ao revés do que sucede en casos de copropiedade de bens mobles ou inmobles, non se lle pon fin mediante a venda e o reparto do prezo, senón que se dá preferencia á adxudicación a un dos copropietarios e mesmo con previsión de reparto de tempos de de tenza.

O precepto parece pensado para rupturas de parella non casadas, peche de granxas ou en xeral situacións de cese de convivencia entre persoas que compartisen o animal de compañía.

Establece o art. 404 CC que: “*cando a cousa for esencialmente indivisible, e os copropietarios non conviñeren en que se adxudique a un deles indemnizando aos demais, venderase e repartirá o seu prezo.*”

*En caso de animais de compañía, a división non poderá realizarse mediante a súa venda, salvo acordo unánime de todos os copropietarios.*

*A falta de acordo unánime entre os copropietarios, a autoridade xudicial decidirá o destino do animal, tendo en conta o interese dos copropietarios e o benestar do animal, podendo preverse a repartición dos tempos de goce e coidado do animal se for necesario, así como as cargas asociadas ao seu coidado”.*

#### 2.2.4.2. Falecemento do propietario do animal de compañía.

En caso de falecemento, o animal de compañía pasa a mans de quen designase o testador. Se non hai disposición testamentaria, pasa a mans dos herdeiros ou legatarios que os reclamen. Entre tanto, o Código establece disposicións de protección, e se o reclaman varios, decide a autoridade xudicial. Regúlaos o art. 914 bis.CC nestes termos:

*“A falta de disposición testamentaria relativa aos animais de compañía propiedade do habente causa, estes entregaranse aos herdeiros ou legatarios que os reclamen de acordo coas leis.*

*Se non fose posible facelo de inmediato, para garantir o coidado do animal de compañía e só cando sexa necesario por falta de previsións sobre a súa atención, entregárase ao órgano administrativo ou centro que teña encomendada a recollida de animais abandonados ata que se resolvan os correspondentes trámites por razón de sucesión.*

*Se ningún dos sucesores quere facerse cargo do animal de compañía, o órgano administrativo competente poderá cedelo a un terceiro para o seu coidado e protección.*

*Se máis dun herdeiro reclama o animal de compañía e non hai acordo unánime sobre o destino do mesmo, a autoridade xudicial decidirá o seu destino tendo en conta o benestar do animal”.*

#### 2.2.4.3. Límites á garantía mobiliaria.

Os animais de compañía son inembargables e non poden servir de garantía do cumprimento dunha obriga, como sinala o art. 1864 CC. Pola contra, o resto de animais si pode selo.

#### 2.2.5. Modulación xeral da aplicación do réxime de cousas no CC.

O art. 333 CC, que establece a división das cousas que poden ser obxecto de apropiación en bens mobles e inmoables, matiza que no caso dos animais, malia que tamén poden ser apropiables, só poderán selo *“coas limitacións que se establezan nas leis”*, o que supón modular a aplicación do réxime xurídico das “cousas” previsto na lexislación.

#### 2.2.6. Disposicións especiais en materia de contrato de compravenda.

Resultan de aplicación a todo tipo de animais, e afectan ás obrigas do vendedor dun animal, dentro da sección do CC relativa ao *“saneamento polos defectos ou gravames ocultos da cousa vendida”*.

##### 2.2.6.1. Responsabilidade por danos por incumprimento do deber de coidado e asistencia veterinaria anterior á venda.

Dentro dos deberes de saneamento, prescribe o art. 1484 CC, no que aquí interesa, que:

*“O vendedor dun animal responde fronte ao comprador polo incumprimento dos seus deberes de asistencia veterinaria e coidados necesarios para garantir a súa saúde e benestar, se o animal sofre unha lesión, enfermidade ou alteración significativa da conduta que ten orixe anterior á venda”.*

##### 2.2.6.2. Garantías por vicios ocultos adquiridos en feiras ou poxas de animais produtivos.

---

O art. 1493 CC sinala que o saneamento polos vicios ocultos dos animais destinados a unha finalidade produtiva non terá lugar nas vendas feitas en feira ou en pública poxa, ou cando sexan destinados a sacrificio ou matanza de acordo coa lexislación aplicable, salvo o caso previsto no art. 1494 CC, que indica que non serán obxecto do contrato de venda os gandos e animais que padezan enfermidades contaxiosas. Calquera contrato que se fixer respecto deles será nulo, así como o contrato de venda dos gandos e animais se, expresándose no mesmo contrato o servizo ou uso para que se adquiren, resultaren inútiles para prestalo.

2.2.6.3. Dereito á devolución dos cartos con restitución do animal en caso de vicios ocultos.

O art. 1496 CC prevé o dereito á devolución dos cartos con restitución do animal en caso de vicios ocultos, mediante a acción denominada “*redhibitoria*”, que deberá interpoñerse dentro de corenta días, contados desde o da súa entrega ao comprador, salvo que, polo uso en cada localidade, se teñan establecidos maiores ou menores prazos. Esta acción nas vendas de animais só se poderá exercitar respecto dos vicios e defectos dos mesmos que estean determinados pola lei ou polos usos locais.

Finalmente, o art. 1497 CC prevé que se o animal morrese aos tres días de comprado, será responsable o vendedor, sempre que a enfermidade que ocasionou a morte existise antes do contrato, a xuízo dos facultativos.

### **2.3. Dereito de familia. O coidado dos animais de compañía no cese da convivencia conxugal.**

O CC, no Libro dedicado ás Persoas, no Título relativo ao Matrimonio, regula unha serie de efectos comúns á nulidade, separación e divorcio, que conteñen mencións relativas aos animais de compañía.

2.3.1. O Convenio regulador. Control do contido relativo aos animais de compañía.

Cando se presenta unha demanda de nulidade, separación ou divorcio, debe acompañarse dun “*convenio regulador*,” referido aos aspectos máis relevantes que eran comúns ao tempo da vixencia do matrimonio: a garda e custodia dos fillos menores, réxime de visitas, uso da vivenda familiar, cargas, alimentos, pensión compensatoria, liquidación do réxime matrimonial e... animais de compañía.

Esta é unha mención obrigatoria no convenio regulador, sobre a que a autoridade xudicial, secretarial ou notarial efectúan un control de oficio.

O Convenio está xa previsto para rexer mentres dura a tramitación do procedemento, e cando hai sentenza pode ser ratificado ou modificado, en función do que acontecese no propio xuízo.

Indica o Art. 90 CC, a respecto do contido mínimo do Convenio regulador, que:

*“..deberá conter, polo menos e sempre que fosen aplicables, os seguintes extremos:*

*-O destino dos animais de compañía, no caso de que existan, tendo en conta o interese dos membros da familia e o benestar do animal; a repartición dos tempos de convivencia e coidado se for necesario, así como as cargas asociadas ao coidado do animal”.*

---

O ámbito de control do Convenio pola autoridade xudicial indica que:

*“ Os acordos dos cónxuxes adoptados para regular as consecuencias da nulidade, separación e divorcio presentados ante o órgano xudicial serán aprobados polo xuíz salvo se son danosos para os fillos ou gravemente prexudiciais para un dos cónxuxes.*

*Se fosen gravemente prexudiciais para o benestar dos animais de compañía, a autoridade xudicial ordenará as medidas para adoptar, sen prexuízo do convenio aprobado”.*

Este control resulta máis limitado no Convenio por notario e Letrado/a da Administración de Xustiza (en diante, LAX) no expediente de xurisdición voluntaria:

*“Cando os cónxuxes formalizasen os acordos ante o letrado da Administración de Xustiza ou notario e estes considerasen que, ao seu xuízo, algún deles puidese ser (..) gravemente prexudiciais para o benestar dos animais de compañía, advertirano aos outorgantes e darán por terminado o expediente. Neste caso, os cónxuxes só poderán acudir ante o xuíz para a aprobación da proposta de convenio regulador.*

*Desde a aprobación do convenio regulador ou o outorgamento da escritura pública, poderán facerse efectivos os acordos pola vía de constrinximento”.*

Cabe a modificación das medidas adoptadas no convenio por cambio de circunstancias:

*“ As medidas que o xuíz adopte en defecto de acordo ou as convidas polos cónxuxes xudicialmente, poderán ser modificadas xudicialmente ou por novo convenio aprobado polo xuíz, cando así o aconsellen as novas necesidades dos fillos ou o cambio das circunstancias dos cónxuxes.*

*Así mesmo, poderá modificarse o convenio ou solicitarse modificación das medidas sobre os animais de compañía se se alteraron gravemente as súas circunstancias.*

*As medidas que fosen convidas ante o letrado da Administración de Xustiza ou en escritura pública poderán ser modificadas por un novo acordo, suxeito aos mesmos requisitos esixidos neste Código”.*

O xuíz ou as partes poderán establecer as garantías reais ou persoais que requira o cumprimento do convenio.

2.3.2. Medidas definitivas en sentenza. O coidado dos animais de compañía. Modificación.

Cabe a substitución das medidas provisionais (que se adoptaron durante a tramitación do procedemento de nulidade, separación ou divorcio) polas definitivas en sentenza.

A Lei ocúpase especialmente de como regular o destino dos animais de compañía en defecto de acordo dos cónxuxes, ou cando este non resulta aceptable para o xuíz/a. Indica ao respecto o art. 91 CC: *“nas sentenzas de nulidade, separación ou divorcio, ou en execución das mesmas, a autoridade xudicial en defecto de acordo dos cónxuxes ou en caso de non aprobación do mesmo, determinará conforme ao establecido nos artigos seguintes as medidas que haxan de substituír ás xa adoptadas con anterioridade en relación co (..) o destino dos animais de compañía (..) establecendo as que procedan se para algún destes conceptos non se adoptou ningunha.*

---



*Estas medidas poderán ser modificadas cando se alteren substancialmente as circunstancias”.*

2.3.2.1. Influencia do maltrato ao animal de compañía na atribución da garda e custodia dos fillos menores.

No apartado relativo á garda e custodia dos fillos menores, tense en conta o maltrato (ou a ameaza de causalo) aos animais de compañía para chantaxear ou causar sufrimento a calquera membro da familia, e serve de indicio para non outorgar a garda conxunta a favor do proxenitor autor desta conduta. Estamos ante unha valoración legal das consecuencias da violencia vicaria exercida sobre o animal de compañía para maltratar psicolóxicamente a outros membros da familia.

Esta valoración proxéctase tanto se é nun contexto de violencia de xénero (do home cara á muller) ou violencia doméstica (resto de situacións):

Artigo 92.

*“ Non procederá a garda conxunta cando:*

*- Calquera dos pais estea incurso nun proceso penal iniciado por tentar atentarse contra a vida, a integridade física, a liberdade, a integridade moral ou a liberdade e indemnidade sexual do outro cónxuxe ou dos fillos que convivan con ambos.*

*- Tampouco procederá cando o xuíz advirta, das alegacións das partes e as probas practicadas, a existencia de indicios fundados de violencia doméstica ou de xénero.*

*Apreciarase tamén para estes efectos a existencia de malos tratos a animais, ou a ameaza de causalos, como medio para controlar ou vitimizar a calquera destas persoas”.*

---

32

2.3.2.2. Coidado do animal e compañía e dereito de visita do (ex)cónxuxe non coidador .

Indica o art. 94 bis CC que a autoridade xudicial confiará para o seu coidado aos animais de compañía a un ou ambos os cónxuxes, e determinará, no seu caso, a forma na que o cónxuxe ao que non se lle confiaron poderá telos na súa compañía, así como a repartición das cargas asociadas ao coidado do animal, atendendo ao interese dos membros da familia e o benestar do animal.

A decisión adóptase con independencia da titularidade dominical do animal e de a quen lle fora confiado para o seu coidado (en consecuencia, cabe a asunción de cargas de forma desigual có tempo de desfrute).

Esta circunstancia farase constar no correspondente rexistro de identificación de animais.

2.3.3. Das medidas provisionais por demanda de nulidade, separación e divorcio.

Con ocasión da presentación dunha demanda de nulidade, separación ou divorcio, se os cónxuxes non presentan convenio, ou este non regula o coidado dos animais de compañía, ou finalmente o convenio non se aproba xudicialmente, cómpre adoptar decisións sobre este aspecto mentres se tramita o procedemento, decisión que corresponderá á autoridade xudicial nos termos previstos no art. 103.1ªBis CC, que indica que admitida a demanda, o Xuíz, a falta de acordo de ambos os cónxuxes

---

aprobado xudicialmente, adoptará, con audiencia destes, entre outras medidas, a de determinar, atendendo ao interese dos membros da familia e ao benestar do animal:

- Se os animais de compañía se confían a un ou a ambos os cónxuxes.
- A forma en que o cónxuxe ao que non se confiaron poderá telos na súa compañía.
- As medidas cautelares convenientes para conservar o dereito de cada un.

### **3. Contido do deber de coidado e benestar dos animais.**

Ata agora ocupámonos de caracterizar os animais como seres vivos dotados de sensibilidade física e psíquica, a identificación da persoa que ten deber de coidado e aseguramento do benestar, así como o réxime civil que lles resulta aplicable. Agora estudaremos a normativa administrativa que enche de contido dese deber, porque terá diferente alcance en función do tipo de animal ou a finalidade da súa apropiación.

Distinguiremos para estes efectos unhas obrigas de coidado comúns a todo tipo de animais; unhas específicas para animais de produción e uso docente, científico e experimental; e as relativas a animais de compañía.

Pecharemos o bloque agrupando outras disposicións substantivas de protección e benestar animal dispersas polo ordenamento xurídico.

#### **3.1. Obrigas comúns a todo tipo de animais.**

A Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal (LSA) establece unha serie de obrigas comúns a todos os propietarios ou responsables de animais (art. 2.a. LSA) no seu art. 7.

##### **3.1.1. Obrigacións xerais do responsable dun animal de calquera clase.**

Os propietarios ou responsables dos animais, comerciantes, importadores, exportadores, transportistas, e os profesionais que exerzan actividades relacionadas coa sanidade animal, sexan persoas físicas ou xurídicas, deberán:

- Vixiar aos animais que teñan ou tivesen baixo a súa responsabilidade.
  - Facilitar toda clase de información que lles sexa requirida pola autoridade competente sobre o estado sanitario dos animais.
  - Aplicar e levar a cabo todas as medidas sanitarias impostas pola normativa vixente en cada caso, así como as medidas sanitarias obrigatorias que se establezan para previr as enfermidades dos animais, ou consentir a súa aplicación, así como poñer os medios necesarios para que se poidan realizar as citadas medidas coas debidas garantías de seguridade, tanto para o animais obxecto daquelas como para o persoal que as execute.
  - Ter debidamente identificados os seus animais, na forma e condicións impostas pola normativa aplicable.
  - Comunicar ás Administracións públicas, en tempo e forma, os datos sanitarios esixidos pola normativa aplicable en cada caso, en especial os relativos a nacementos, mortes, entradas e saídas de animais, así como a aparición reiterada de animais mortos da fauna silvestre.
-

- Proceder á eliminación ou destrución dos cadáveres de animais e demais produtos de orixe animal, que teñan baixo a súa responsabilidade, na forma e condicións establecidas na normativa aplicable en cada caso.
- Non abandonar aos animais que teñan baixo a súa responsabilidade, ou os seus cadáveres.
- Cumprir adecuadamente as obrigacións relativas aos medicamentos veterinarios, en especial o control e a debida observancia dos prazos de espera establecidos en caso de tratamento dos animais cos devanditos medicamentos.
- Asumir os custos derivados da custodia, transporte, almacenamento, alimentación, sacrificio, destrución e, en xeral, de todo tipo, en relación cos seus animais que teñan baixo a súa responsabilidade e se deriven das medidas sanitarias, incluídas as de salvagarda e as cautelares que poidan adoptar as autoridades competentes.
- Solicitar os certificados ou documentación sanitaria esixibles para a importación e exportación, na forma e condicións previstas regulamentariamente.
- Manter en bo estado sanitario os seus animais e, no seu caso, efectuar as revisións e modificacións nas instalacións que diminúan o risco de aparición de enfermidades.
- Manter as condicións sanitarias adecuadas das especies cinexéticas, a fin de evitar a aparición de enfermidades.
- Comunicar á autoridade competente as enfermidades dos animais, de que teña sospeita.
- En xeral, cumprir as obrigacións que a normativa aplicable lles impoña en materia de sanidade animal.

### 3.1.2. Obrigas específicas derivadas da loita contra as enfermidades dos animais.

A maiores, establécense unha serie de obrigas comúns a todos os propietarios ou responsables de animais no Capítulo II dedicado á Loita, control e erradicación de enfermidades dos animais.

Para este efecto, o art. 16 LSA enuncia concretas obrigacións dos particulares, indicando que corresponden aos titulares de explotacións gandeiras, incluídas as cinexéticas e, en xeral, aos propietarios ou responsables de animais, incluídos os silvestres, as seguintes obrigacións:

- Manter os animais en bo estado sanitario.-) Aplicar as medidas sanitarias obrigatorias que se establezan para loitar, controlar ou erradicar as enfermidades dos animais, ou consentir a súa aplicación, así como poñer os medios necesarios para que se poidan realizar as citadas medidas coas debidas garantías de seguridade, tanto para o animais obxecto destas como para o persoal que as execute.
- Efectuar as revisións e modificacións nas instalacións, que diminúan o risco de aparición de enfermidades.
- Manter o equilibrio da fauna silvestre nos seus aspectos sanitarios.

Nas integracións, corresponde o cumprimento das obrigacións previstas no apartado anterior:

- Ao integrado mentres os animais permanezan na explotación, salvo que o poder de decisión último respecto da obrigación de que se trate sexa do integrador, e a súa
-

execución ou aplicación deba realizarse polo integrado, nese caso corresponderá a ambos solidariamente o seu cumprimento.

- Ao integrador no resto de supostos.

Os comerciantes, importadores ou exportadores deberán manter en bo estado sanitario os seus animais e no seu caso, executar as medidas sanitarias obrigatorias que se establezan ante a sospeita ou confirmación dunha enfermidade animal, así como efectuar as revisións e modificacións nas instalacións que diminúan o risco de difusión de enfermidades.

### 3.2. Obrigas específicas en relación a animais de produción ou de granxa.

O Tratado de Funcionamento da Unión Europea (TFUE), no seu artigo 13 establece que na formulación das políticas de agricultura os Estados membros terán plenamente en conta as exixencias en materia de benestar dos animais como seres sensibles, respectando ao mesmo tempo as disposicións legais ou administrativas e os costumes dos Estados membros relativas, en particular, a ritos relixiosos, tradicionais culturais e patrimonio rexional.

España executa en todo o territorio nacional a normativa comunitaria en materia de benestar animal, sendo competencia das comunidades autónomas a súa aplicación en cada un dos seus territorios.

A actuación inspectora nesta materia por parte das administracións competentes convértese nunha exixencia legal. Deste xeito, o artigo 10 da Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o cuidado dos animais, na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio (en adiante Lei 32/2007), dispón que: *“as Administracións Públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, establecerán os programas ou planes periódicos de inspeccións e controis oficiais que se precisen, sen prexuízo das inspeccións que resulten necesarias ante situacións ou casos singulares”*.

Nesta liña, o Plan Nacional de Control Oficial da Cadea Alimentaria, -PNCOCA-, (o último aprobado para o período 2021 – 2025) inclúe o *“Programa nacional de control oficial do benestar animal nas explotacións gandeiras e o transporte de animais”*, que aborda os controis oficiais tanto en materia de benestar en granxa como de protección dos animais durante o seu transporte.

As actuacións de inspección e control terán un carácter previo ao posible inicio dunha actuación sancionadora por parte da Administración.

As obrigas que establece a normativa de benestar animal relativa a animais de produción responden a dous obxectivos:

-A adopción de medidas tendentes a garantir que os animais non padezan dores, sufrimentos nin danos inútiles (nas explotacións, no transporte, no momento da súa matanza...).

-E máis alá do anterior, impoñer obrigas tendentes a garantir que os animais se crían en condicións adecuadas as súas necesidades fisiolóxicas e etiolóxicas.

Respecto das normas que conteñen as ditas obrigas podemos diferenciar unha normativa de carácter xeral, e outra específica segundo as especies de animais de produción de que se traten.

Normativa xeral:

Explotacións

- Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal (Artigos 7 e 36).
- Real Decreto 348/2000, de 10 de marzo, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico a Directiva 98/58/CE, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras.
- Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais, na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio.
- Artigo 25 da Lei 3/2018, de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (Galicia).

Transporte

- Regulamento (CE) Nº 1/2005 do Consello, de 22 de decembro de 2004, relativo á protección dos animais durante o transporte e as operacións conexas.
- Real Decreto 990/2022, do 29 de novembro, sobre normas de sanidade e protección animal durante o transporte.

Matanza

- Regulamento (CE) nº 1099/2009 do Consello, de 24 de setembro de 2009, relativo á protección dos animais no momento da matanza.
- Real Decreto 37/2014, de 24 de xaneiro, polo que se regulan aspectos relativos á protección dos animais no momento da matanza.
- Real Decreto 695/2022, do 25 de agosto, polo que se establecen medidas para o control do benestar animal nos matadoiros mediante a instalación de sistemas de videovixilancia.

Normativa específica:

- Real Decreto 1047/1994, do 20 de maio, relativo ás normas mínimas para a protección de tenreiros.
  - Real Decreto 306/2020, do 11 de febreiro, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións porcinas intensivas.
  - Real Decreto 1135/2002, de 31 de outubro, relativo as normas mínimas para a protección de porcos.
  - Real Decreto 3/2002, do 11 de xaneiro, polo que se establecen as normas mínimas de protección das galiñas poñedoras.
  - Real Decreto 1547/2004, do 25 de xuño, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións cunícolas.
  - Real Decreto 637/2021, do 27 de xullo, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas avícolas.
  - Real Decreto 804/2011, de 10 de xuño, polo que se regula a ordenación zootécnica, sanitaria e de benestar animal das explotacións equinas.
  - Real Decreto 692/2010, de 20 de maio, polo que se establecen as normas mínimas para a protección dos polos destinados á produción de carne.
-

- Real Decreto 1053/2022, de 27 de decembro, por el que se establecen normas básicas de ordenación das granxas bovinas.

### 3.2.1. Obrigas xerais nas explotacións de animais

O Real Decreto 348/2000, do 10 de marzo, incorpora ao ordenamento xurídico a Directiva 98/58/CE, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras (En adiante R.D. 348/2000). A súa disposición adicional primeira xa deixa constar a súa natureza básica, e a súa disposición adicional segunda indica que a súa aplicación o é sen prexuízo da normativa específica existente, polo que hai que entendela como unha norma de mínimos.

Esta norma establece un réxime de inspeccións e controis por parte da autoridade competente para o cumprimento do establecido naquela.

Ademais da obriga xeral de adoptar as medidas adecuadas para asegurar o benestar dos animais con vistas a garantir que estes non padezan dores, sufrimentos nin danos inútiles (contida no seu artigo 3.a), exige que se cumpran as especificacións relativas ás condicións de cría e mantemento dos animais que prevé no Anexo I:

#### Persoal.

Debe ser suficiente, con capacidade e coñecementos e a competencia profesional.

Inspeccións ou controis a efectuar polo propietario ou criador:

- Os estabulados ou mantidos en criadeiros se inspeccionarán polo menos unha vez ao día.
- Deberase dispoñer de luz apropiada para levar acabo as inspeccións.
- No caso de que se detecte un animal enfermo ou ferido se lle dará tratamento inmediato ou, no seu caso, consultarase a un veterinario canto antes. En caso necesario, os animais enfermos ou feridos illaranse en lugares adecuados.

#### Liberdade de movementos.

- Non se limitará a liberdade de movementos propia dos animais de maneira que se lles cause sufrimento ou danos innecesarios.
- Cando os animais se atopen atados, encadeados ou retidos continua ou regularmente, proporcionaráselles un espazo adecuado ás súas necesidades.

#### Instalacións.

- Estarán construídas con materiais que non causen dano aos animais e serán de fácil limpeza e desinfección.
- Os cortellos e accesorios para atar aos animais construíranse e manterán de forma que non presenten bordos afiados nin saíntes, que poidan causar feridas os animais.
- Disporán dunhas condicións de ventilación adecuadas para que a temperatura, humidade, nivel de po e concentración de gases, non sexan prexudiciais. Contaran

tamén cunha iluminación adecuada, non podendo manter aos animais en escuridade permanente nin expostos á luz artificial sin interrupción .

Animais mantidos ao aire libre.

Na medida en que sexa necesario e posible, o gando mantido ao aire libre será obxecto de protección contra as inclemencias do tempo, os depredadores e o risco de enfermidades.

Equipos automáticos ou mecánicos.

- Todos os equipos automáticos ou mecánicos indispensables para a saúde e o benestar dos animais inspeccionaranse polo menos unha vez ao día. Cando se descubran deficiencias, emendaranse de inmediato ou, se iso non fora posible, tomaranse as medidas adecuadas para protexer a saúde e o benestar dos animais.

- Cando a saúde e o benestar dos animais dependan dun sistema de ventilación artificial, deberá preverse un sistema de emerxencia apropiado (apertura de xanelas ou outros), que garanta unha renovación de aire suficiente para protexer a saúde e o benestar dos animais en caso de fallo do sistema, e deberá contarse cun sistema de alarma que advirta en caso de avaría. O sistema de alarma deberá verificarse con regularidade.

Alimento e auga.

- Todos os animais terán acceso a alimento e auga de calidade en cantidade e intervalos adecuados as súas necesidades.

- Os equipos de subministro de alimentos e auga estarán deseñados e situados para minimizar a competencia entre animais e a súa posible contaminación.

Mutilacións.

Só se permitirán as expresamente autorizadas polas normas.

Procedementos de cría.

Non poden ocasionar danos nin feridas aos animais.

### 3.2.2. Obrigas adicionais segundo a especie

Ademais das obrigas recollidas nesta norma básica, como xa se indicou, existe normativa específica que atende ás necesidades particulares dalgúns especies de animais de produción. Así, sen ánimo exhaustivo, pódense enumerar algunhas das exixencias recollidas nestas normas específicas que van máis alá das xerais xa citadas:

Para os porcos (Real Decreto 1135/2002 e Real Decreto 324/2000) prevese:

- Unha superficie mínima (en metros cadrados) para os animais segundo o seu peso.

---

- Un revestimento para o solo concreto, nalgún casos cunha porcentaxe de aberturas de drenaxe, e no caso de solos de formigón engrellados cunha largura determinada para as aberturas e as viguetas.

- Exixencias de crianza en grupo e alimenticias para porcas xoves e xestantes.

- Prohibición de atalas.

- Requisitos para a xestión do esterco.

Para os coellos (Real Decreto 1574/2004) prevese:

- Exixencia de gaiolas de material que sexa fácil de limpar e desinfectar.

- Equipos da explotación de fácil limpeza, desinfección e desratización.

- Requisitos para a xestión do esterco.

Para os equinos (Real Decreto 804/2011):

- Non utilización de instrumentos que limiten a mobilidade dos animais.

- Sistemas apropiados para limpeza e desinfección de vehículos, locais, materiais e utensilios.

- Posta a disposición de auga en cantidade e calidade hixiénica adecuada, con sistemas de reserva de auga ou equivalentes.

- Sistemas adecuados para o manexo dos animais.

- Correcto almacenamento dos pensos, que evite o seu deterioro ou contaminación.

Para os tenreiros (Real Decreto 1047/1994):

- Un espazo mínimo en metros cadrados por cada animal segundo o seu peso.

- Que os recintos individuais teñan tabiques calados.

- Non manter pechados os tenreiros de máis de 8 semanas en recintos individuais. E no caso de ser necesario, que estes teñan tabiques perforados que permitan un contacto visual e táctil directo entre os tenreiros.

- Prohibición de manter permanentemente aos tenreiros na escuridade, debendo dispoñer de iluminación natural un mínimo de horas ao día.

- Un mínimo de dúas inspeccións ao día cando se manteñen estabulados, e unha vez se son mantidos no exterior.

- Prohibición de atar aos tenreiros, salvo no caso dos aloxados en grupo no momento da lactancia e durante períodos de non máis dunha hora.

- Retirada frecuente de feces, ouriña e os alimentos non consumidos ou vertidos.

- Ter chan adecuado, non esvaradío, e cun bo sistema de drenaxe.

- Ter camas e leitos adecuados.

- Administración de doses de ferro e fibra adecuados aos tenreiros.

- Prohibición de boceiras.

- Administración de calostro bovino tras o nacemento do tenreiro e, en todo caso, dentro das súas seis primeiras horas de vida.

Para os bovinos en xeral (Real Decreto 1053/2022) prevese:



- Ter camas cómodas, limpas e secas.
- Cubículos con espazo suficiente.
- No caso de bovinos para produción de leite, que o proceso de muxido garanta o confort dos animais e que minimize o estrés e risco de lesións.
- Prohíbese atar o rabo das vacas de xeito permanente.
- Non están permitidas as mutilacións salvo as seguintes excepcións, que só se permiten en beneficio dos animais e se fora necesario para a protección das persoas: descornamento por ablación cirúrxica; desbotoamento por ablación cirúrxica, e o desbotoamento por cauterización de animais de máis de 4 semanas de idade; castración de machos e femias e vasectomía; Colocación de argolas nasais.

Para galiñas poñedoras (Real decreto 3/2002) prevese:

- Inspección ao menos unha vez ao día.
- O nivel de ruído deberá manterse o máis baixo posible.
- Boa iluminación.
- Todas as súas superficies e instalacións manteranse suficientemente limpas.
- Os excrementos deberán retirarse coa frecuencia que sexa necesaria, e as galiñas mortas diariamente.
- O deseño e as dimensións da abertura da gaiola deberán ser suficientes para permitir que unha galiña adulta poida extraerse dela sen padecer sufrimentos inútiles nin ferida ningunha.
- Queda prohibida toda mutilación.

Para os polos de produción de carne (Real Decreto 692/2010) prevese:

- Unha densidade máxima de poboación.
- Exixencia de formación das persoas que traballen na explotación, facilitando incluso instrucións por escrito e orientación sobre os requisitos pertinentes en materia de benestar animal.
- Condicións específicas relativas aos bebedeiros, alimentación, camas, ventilación e calefacción, ruído, iluminación e limpeza.
- Un mínimo de dúas inspeccións ao día.
- Prohibición de intervencións cirúrxicas, salvo excepcións que veñan dadas por motivos terapéuticos ou para evitar lesións (por ex. o recorte de pico ou castración).

### 3.2.3. Obrigas dos partícipes de relacións de integración (contratos gandeiros).

Pola súa banda, a lei impón obrigas específicas aos partícipes de relacións de integración, entendida esta (art. 3.16 LSA) como aquela relación contractual gandeira na cal unha parte, denominada integrador, obrígase a achegar os animais e/ou os produtos para a alimentación animal, produtos sanitarios e asistencia veterinaria, e a outra, denominada gandeiro integrado, achega os servizos de aloxamento do gando, instalacións, man de obra e coidados aos animais.

Ambos poden ser persoas físicas ou xurídicas, incluídas as entidades asociativas agrarias de calquera tipo.

---

Nas integracións son obrigacións do integrador e do integrado as seguintes:

O integrador deberá:

- Comunicar ao órgano competente da comunidade autónoma en que radique a relación das explotacións que ten integradas, coas súas respectivas localizacións.
- Velar pola correcta sanidade dos animais e o seu adecuado transporte, así como velar tamén para que os medicamentos veterinarios e pautas de aplicación correspóndanse coa normativa establecida, sendo responsable diso.
- Comunicar á autoridade competente as enfermidades dos animais acaecidas nas explotacións dos seus integrados e das que teña sospeita.
- Asegurarse de que os animais ou produtos obtidos na explotación estean en condicións sanitarias adecuadas ao poñelos no mercado e de que o seu transporte cumpra as condicións de sanidade e protección animal establecidas pola normativa aplicable.

Ao integrado, pola súa banda, correspóndelle:

- Comunicar ao órgano competente da comunidade autónoma en que radique a identificación do integrador.
- Velar polo coidado sanitario do gando depositado na súa explotación polo integrador, de forma conxunta con este, especialmente polo seu adecuado manexo e hixiene e a aplicación correcta da medicación, seguindo as pautas indicadas polo servizo de asistencia veterinaria do integrador, así como cumprir e facer cumprir as normas sanitarias no referente á entrada na explotación de persoas e vehículos.
- Comunicar ao integrador toda sospeita de calquera enfermidade infecciosa que afecte os animais depositados por este na súa explotación.

#### 3.2.4. Verificación do cumprimento das obrigas establecidas.

O cumprimento dos requisitos exixidos polas normas de benestar animal que sexan verificables no momento de autorizar as novas explotacións ou a ampliación das existentes xa deben supeditar o seu outorgamento. En particular, nese momento serán verificables as exixencias estruturais e de equipamento orientadas ao benestar animal.

Deste xeito, a LSA, no seu artigo 36, establece que:

*“ As explotacións de animais de nova instalación, ou a ampliación das existentes, deberán cumprir colas distancias mínimas que se establezan respecto a poboacións, estradas, camiños e outras explotacións ou instalacións que poidan representar unha posible fonte ou medio de contaxio de enfermidades, ademais de dispoñer da previa autorización da autoridade competente.*

*A efectos da autorización prevista no parágrafo anterior, a autoridade competente verificará o cumprimento dos requisitos exixibles en materia de protección animal”.*

#### 3.2.5. Obrigas no transporte de animais.

O transporte de animais constitúe un eslavón fundamental da produción gandeira. Este pode resultar estresante ou esgotador para os animais como consecuencia de numerosos factores: variacións de temperatura, mestura de animais, cambio de lugar, ruídos descoñecidos..., repercutindo negativamente no seu benestar.

---

A normativa básica a nivel comunitario que regula actualmente este ámbito é o Regulamento (CE) Nº 1/2005 do Consello de 22 de decembro de 2004, relativo á protección dos animais durante o transporte e as operacións conexas (que está en proceso de revisión nestes momentos).

A nivel nacional, o recente Real Decreto 990/2022, de 29 de novembro, sobre normas de sanidade e protección animal durante o transporte establece as disposicións normativas que afectan ao transporte de animais vivos en materia de benestar e sanidade animal.

Como resposta a varias recomendacións europeas, o 17/01/2017, o MAPA (Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación), a AECOSAN (Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición) e as Comunidades Autónomas acordaron un documento xeral sobre “*Criterios de aptitude para o transporte*” así como unha serie de procedementos normalizados de traballo (PNTs) que recollen as actuacións a seguir por todos os axentes implicados no transporte de animais ao matadoiro (gandeiros, veterinarios, tanto nas explotacións como en matadoiros, transportistas e operadores de matadoiro).

A LSA no seu artigo 5.1. (“Transporte de animais”) establece que “*as Administracións Públicas adoptarán as medidas necesarias para que só se transporten animais que estean condicións de viaxar, para que o transporte se realice sen causarlles lesións ou un sufrimento innecesario, para a redución ao mínimo posible da duración da viaxe e para a atención das necesidades dos animais durante o mesmo*”.

Deste xeito, a normativa de protección dos animais de produción no transporte enfoca as obrigas desde varias vertentes:

- Os animais transportados deben considerarse aptos para o transporte.
- Os vehículos utilizados para o devandito transporte teñen que cumprir cuns requisitos mínimos.
- Prevense una serie de exixencias a cumprir durante a viaxe.
- Establécense una serie de requisitos operacionais e de capacitación para a carga e descarga dos animais.

### 3.2.5.1. Animais aptos para o transporte

Como principio básico, todo animal transportado deberá estar san, sen síntomas de enfermidade, libre de lesións e cun estado fisiolóxico que lle permita afrontar o estrés que supón dito transporte.

O Regulamento (CE) Nº 1/2005 do Consello de 22 de decembro de 2004 relativo á protección dos animais durante o transporte e as operacións conexas, no capítulo I do Anexo I (“*aptitude para o transporte*”) indica que “*só se poden transportar os animais aptos para efectuar a viaxe prevista en condicións tales que non padezan sufrimentos innecesarios, considerando que os animais que presentan lesións, problemas fisiolóxicos ou un proceso patolóxico non se considerarán aptos para o transporte en particular se son incapaces de moverse por si sos sen dolor ou de desprazarse sen axuda*”.

E no seu apartado 2 dispón que os animais que presenten lesións, problemas fisiolóxicos ou un proceso patolóxico non se considerarán aptos para o transporte, en particular se:

---

- Son incapaces de moverse por si sos sen dor ou de desprazarse sen axuda.
- Presentan una ferida aberta grave ou un prolapso.
- Se trata de femias preñadas que superaran ao menos o 90 % do tempo de xestación previsto, ou de femias que parisen a semana anterior.
- Se trata de mamíferos acabados de nacer cuxo embigo non cicatrizara completamente.
- Son leitóns de menos de 3 semanas de vida, cordeiros de menos de 1 semana e tenreiros de menos de 10 días, salvo se a distancia do transporte é inferior a 100 km.

Os animais que enfermen ou se lesionen durante o transporte deberán ser separados dos demais e recibir primeiros auxilios canto antes. Deberán recibir una atención veterinaria adecuada e, se fora necesario, procederese ao seu sacrificio ou matanza de urxencia, de modo que se lles evite todo sufrimento innecesario.

Ademais de responsabilizar aos organizadores das viaxes e aos transportistas dos animais do seu benestar animal durante o transporte e da súa aptitude para facer a viaxe, o artigo 8 do dito Regulamento establece tamén obrigas aos posuidores de animais no lugar de saída, de transbordo ou de destino, consonte co prescrito nos capítulos I e III, sección 1 do anexo I.

Actualmente, a infracción polo transporte de animais non aptos, tras a modificación operada na LSA a través da disposición adicional sexta da Lei 30/2022, do 23 de decembro, pola que se regulan o sistema de xestión de la Política Agrícola Común e outras materias conexas, é unha infracción de carácter grave tipificada no novo artigo 14.2.g., sancionada con multa de polo menos 601 euros e ata un límite máximo de 6.000 euros.

### 3.2.5.2. Requisitos dos vehículos, das viaxes e do persoal implicados no transporte dos animais

#### 3.2.5.2.1. Vehículos

Os medios de transporte, os contedores e os seus equipamentos deberán deseñarse, construírse, manterse e utilizarse de modo que sexa posible:

- Evitar lesións e sufrimento e garantir a seguridade dos animais.
  - Protexer aos animais contra as inclemencias do tempo, das temperaturas extremas e dos cambios meteorolóxicos desfavorables.
  - Limalos e desinfectalos.
  - Evitar que os animais poidan escaparse ou caer, e que poidan resistir as tensións provocadas polo movemento.
  - Garantir o mantemento dunha ventilación apropiada para a especie transportada.
  - Facilitar o acceso aos animais para que poidan ser inspeccionados e atendidos.
  - Dispoñer de solo antiescorregadizo.
  - Dispoñer dun solo que reduza as fugas de ouriños ou excrementos.
-

- Prever unha fonte de luz que permita inspeccionar o atender aos animais durante o transporte.
- Dotalos dos equipos necesarios de carga e descarga.
- Dispor de espacia e altura suficiente para os animais segundo o seu tamaño e a viaxe prevista.
- Dotalos, en cada nivel, de espacia suficiente para garantir que exista una ventilación adecuada por encima dos animais cando estes estean de pe en posición normal e que non se lles impida en ningún momento moverse.

#### 3.2.5.2.2. Tempos de viaxe e descanso.

- O transporte levarase a cabo sen demora e ata o lugar de destino e as condicións dos animais se comprobarán regularmente e se manterán de maneira apropiada.
- Para cada especie establécense uns tempos máximos de duración das viaxes, que dependeran de se os vehículos contan ou non con requisitos adicionais aos básicos.
- Ofreceráse aos animais auga, alimento e períodos de descanso a intervalos suficientes e en condicións cuantitativa e cualitativamente adecuadas á súa especie e tamaño.

#### 3.2.5.2.3. Operacións conexas ao transporte

##### 3.2.5.2.3.1. Procedementos de carga, descarga e manipulación

O persoal que manipula os animais estará convenientemente formado ou capacitado para iso e realizará o seu cometido sen recorrer á violencia ou a métodos que poidan causar aos animais temor, lesións ou sufrimentos innecesarios.

Concretamente está prohibido:

- Golpear ou dar patadas aos animais.
- Aplicar presión en puntos especialmente sensibles do corpo dos animais de maneira que se lles cause dor ou sufrimento innecesario.
- Colgar aos animais por medios mecánicos.
- Levantar ou arrastrar aos animais pola cabeza, as orellas, os cornos, as patas, a cola ou o pelo/lá, ou manipularlos de modo que se lles cause dor ou sufrimento innecesario.
- Utilizar pinchos ou outros instrumentos afiados.
- Obstaculizar voluntariamente o paso a un animal ao que se guía ou conduce en calquera lugar no que se manipulen animais.

Cando as operacións de carga ou descarga duren máis de 4 horas, salvo no caso das aves de curral:

- Deberán existir instalacións adecuadas para albergar, alimentar e abeberar aos animais fóra do medio de transporte sen que estean atados.
  - Serán supervisadas por un veterinario autorizado e deberán tomarse precaucións particulares para garantir que se manteñen as condicións de benestar dos animais durante as mesmas.
-

#### 3.2.5.2.3.2. Instalacións

As instalacións de carga e descarga, incluído o revestimento do solo, deberán deseñarse, construírse, manterse e utilizarse de modo que:

- Se eviten lesións e sufrimento, se reduzan ao mínimo as causas de axitación e angustia durante os desprazamentos dos animais e se garanta a súa seguridade; en particular, as superficies non deben ser esvaradías e deberán preverse proteccións laterais co fin de evitar que os animais escapen.
- Poidan limpase e desinfectarse.

As plataformas elevadoras e os pisos superiores terán barreiras de seguridade para impedir que os animais se caian ou escapen durante as operacións de carga e descarga.

Deberá existir una iluminación adecuada durante as operacións de carga e descarga.

#### 3.2.6. Obrigas no sacrificio ou matanza de animais de produción ou de granxa.

A matanza pode provocar dor, angustia, medo e outras formas de sufrimento aos animais, incluso nas mellores condicións técnicas dispoñibles.

Para reducir ao mínimo a dor e a angustia é necesario o establecemento duns criterios e requisitos específicos.

Ademais do anterior, a protección dos animais no momento do sacrificio ou a matanza converteuse na actualidade nunha cuestión de interese público que inflúe na actitude dos consumidores fronte aos produtos agrícolas. E por outro lado, constatouse que a mellora da protección dos animais no momento do sacrificio contribúe a mellorar a calidade da carne e ten un efecto positivo indirecto na seguridade laboral nos matadoiros.

A nivel da Unión Europea a norma que regula esta materia é o Regulamento (CE) nº 1099/2009, de 24 de setembro, relativo á protección dos animais no momento da matanza.

A nivel nacional o regulamento anterior foi desenvolvido polo Real Decreto 37/2014, de 24 de xaneiro, polo que se regulan aspectos relativos á protección dos animais no momento da matanza, e no cal se establecen disposicións específicas de aplicación en España en relación coa formación do persoal, a matanza de emerxencia fóra do matadoiro e para consumo doméstico privado, e a comercialización de produtos de equipamento de suxeición e atordamento, entre outros asuntos.

No que se refire ao réxime de infraccións e sancións aplicables este remítese á LSA, que polo tanto integra ao anterior establecendo o dito réxime para garantir o seu cumprimento.

No seu artigo 6 (relativo ao “Sacrificio ou matanza de animais”) dispón que:

*“ As normas sobre a construción, as instalacións e os equipos dos matadoiros, así como o seu funcionamento, evitarán aos animais axitación, dor ou sufrimento innecesarios.*

*O sacrificio de animais fóra dos matadoiros farase unicamente nos supostos previstos pola normativa aplicable en cada caso e de acordo cos requisitos fixados por esta, a excepción dos sacrificios de animais levados a cabo por veterinarios con fins diagnósticos.*

---

*Cando o sacrificio dos animais se realice segundo os ritos propios de Igrexas, Confesións ou Comunidades relixiosas inscritas no Rexistro de Entidades Relixiosas, e as obrigas en materia de atordamento sexan incompatibles coas prescricións do respectivo rito relixioso, as autoridades competentes non exixirán o cumprimento de ditas obrigas sempre que as prácticas non sobrepasen os límites aos que se refire o artigo 3 da Ley Orgánica 7/1980, do 5 de xullo, de Liberdade Relixiosa (LOLR).*

*En todo caso, o sacrificio conforme ao rito relixioso de que se trate se realizará baixo a supervisión e de acordo coas instrucións do veterinario oficial.*

*O matadoiro deberá comunicar á autoridade competente que se vai realizar este tipo de sacrificios para ser rexistrado ao efecto, sen prexuízo da autorización prevista na normativa comunitaria”*

O art. 3 da LOLR refire como límites á liberdade relixiosa os dereitos fundamentais de terceiros, a seguridade, a saúde, a moralidade pública e a orde pública. Os ritos relixiosos que actualmente excepciónan o réxime xeral no Estado español de sacrificio de animais son o halal (rito islámico) e o kosher (rito xudaico).

#### 3.2.6.1. O atordamento.

O atordamento convértese no requisito fundamental para garantir que o animal non sufra no momento da morte. Para iso, é necesario atordar os animais, para sumilos nun estado de inconsciencia ou insensibilidade antes de sacrificarlos ou de maneira simultánea.

A supervisión da eficacia do atordamento basearase principalmente na avaliación da consciencia e a sensibilidade dos animais.

De tal forma, o Regulamento (CE) nº 1099/2009, no seu artigo 4.1. dispón que “os animais mataranse unicamente previo atordamento, conforme aos métodos e requisitos específicos correspondentes á aplicación de ditos métodos previstos no anexo I”, indicando que en todo caso “Manterase a perda de consciencia e sensibilidade ata a morte do animal.”

Porén, no seu apartado 4, engade que “no caso de animais que sexan obxecto de métodos particulares de sacrificio prescritos por ritos relixiosos, non serán de aplicación os requisitos do apartado 1, a condición de que o sacrificio se leve a cabo nun matadoiro”.

Respecto a esta cuestión, cabe destacar aquí a sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea ditada o 29/05/2018 no asunto C-426/16 polo que se cuestionaba a legalidade dunha lei belga ao non permitir aos crentes xudeus e musulmáns obter carne de animais sacrificados conforme aos sus preceptos relixiosos, que se opoñen á técnica do atordamento reversible.

O Tribunal de Xustiza avala a legalidade da norma e sinala, en primeiro lugar, que o principio do atordamento previo á matanza responde ao obxectivo principal de protección do benestar animal perseguido polo Regulamento da UE. A este respecto, se ben é certo que o Regulamento admite a práctica do sacrificio relixioso, no que se pode matar ao animal sen atordamento previo, no ámbito da Unión dita forma de sacrificio se autoriza só con carácter excepcional e co único fin de garantir o respecto da liberdade relixiosa.

---

Ademais, os Estados membros poden adoptar normas nacionais destinadas a garantir unha protección máis ampla dos animais no momento da matanza que as que estipula dito Regulamento no ámbito do sacrificio relixioso.

Por conseguinte, o Regulamento non se opón a que os Estados membros impoñan unha obriga de atordamento previo á matanza que sexa aplicable tamén no caso do sacrificio prescrito por ritos relixiosos, sempre que se respecten os dereitos fundamentais.

E en canto concirne ao carácter proporcionado da inxerencia na liberdade relixiosa, o Tribunal de Xustiza observa, en primeiro termo, que o lexislador flamenco baseouse en investigacións científicas e que quixo privilexiar a práctica de matanza permitida máis moderna, tendo en conta un contexto social e lexislativo en evolución, caracterizado por unha crecente sensibilización respecto á problemática do benestar animal.

Posteriormente, A STXUE de 17/12/2020 (*Centraal Israëlitisch Consistorie van België e outros*, C-336/19, EU:C:2020:1031) concluíu no marco dunha cuestión prexudicial formulada polo Tribunal Constitucional belga que a normativa dun Estado membro da UE que obrigase a un atordamento previo antes do sacrificio do animal non era contrario á normativa da Unión, e que a restrición á manifestación da liberdade relixiosa en función dos criterios de benestar animal resultaba proporcionada.

Pola súa parte, a Sentenza do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos de 13/2/2024 (*Asunto nº 16760/22, Executief van de Moslims van België e outros c. Bélxica*) ratifica o pronunciamento do Tribunal belga (e polo tanto indirectamente a normativa europea de benestar animal) e conclúe que “*ao adoptar os decretos impugnados que tiñan por efecto prohibir o sacrificio de animais sen atordamento previo nas rexións flamenca e valona, á vez que prevían o atordamento reversible para o sacrificio ritual, as autoridades nacionais adoptaron unha medida que está xustificada e que pode considerarse proporcionada ao obxectivo perseguido da protección do benestar dos animais como elemento de "moral pública"*” (p. 123), polo que non se produce unha violación nin do dereito á liberdade relixiosa recoñecido no Convenio Europeo de Dereitos Humanos (art. 9) nin da prohibición da discriminación por motivos relixiosos (art. 14).

En definitiva, obrigar ao atordamento previo ao sacrificio dos animais non supón unha vulneración da liberdade relixiosa nin da non discriminación por motivos relixiosos, xa que a limitación ás manifestacións desta liberdade están xustificadas e resultan proporcionadas para salvagardar a protección do benestar dos animais no momento do sacrificio.

#### 3.2.6.2. Formación e protocolos de traballo.

Para o cumprimento dos requisitos de protección animal durante o sacrificio deben desenvolverse procedementos normalizados de traballo (PNTs) e dotar aos matadoiros de persoal debidamente formado e cualificado.



### 3.2.6.3. Sacrificio na explotación.

#### 3.2.6.3.1. Sacrificio de urxencia.

Hai ocasións nas que o animal sofre algunha ferida ou traumatismo na explotación (non se trata de ningunha enfermidade) que lle causa unha dor e sufrimento, e fai imposible que se poida transportar ao matadoiro. O animal nestes casos, non é apto para o transporte, pero puidera ser apto para o consumo humano.

Estes animais feridos (non enfermos) poderían sacrificarse na explotación, para despois levalos ao matadoiro, seguindo os requisitos que marca a lexislación vixente, para ser faenados e que se determine sobre a súa aptitude para consumo humano.

Aquí falamos de sacrificio e non de eutanasia, pois estamos considerando a posibilidade de que o animal se poda destinar ao consumo humano. Nestes casos, o titular da explotación rexistrará dita matanza no libro de rexistro da explotación, con indicación da data, categoría do animal (se procede), causa da matanza, método de atordamento e método de matanza utilizado.

#### 3.2.6.3.2. Matanza para consumo privado.

A posibilidade da matanza na explotación para consumo privado ven prevista no artigo 10 do Regulamento (CE) n.º 1099/2009, así como no artigo 8 do Real Decreto 37/2014.

O primeiro deles, exige nestes casos (salvo para as aves de curral, coellos e lebres) que se cumpran unha serie de requisitos:

- Durante a matanza ou as operacións conexas a ela non se causará aos animais ningunha dor, angustia ou sufrimento evitable (art. 3.1.).
- Os animais mataranse unicamente previo atordamento. Manterase a perda de consciencia e sensibilidade ata a morte do animal (art. 4.1.).
- A matanza e as operacións conexas a ela deberán realizalas unicamente persoas co nivel de competencia adecuado para ese fin, sen causar á animais dor, angustia ou sufrimento evitable (art. 7.1.)

E o Real Decreto 1086/2020, do 9 de decembro, polo que se regulan e flexibilizan determinadas condicións de aplicación das disposicións da Unión Europea en materia de hixiene da produción e comercialización dos produtos alimenticios e se regulan actividades excluídas do seu ámbito de aplicación, establece o seguinte no seu artigo 18:

*“ O sacrificio para consumo doméstico privado de ungulados domésticos levarase a cabo nos termos que determine a autoridade competente da comunidade autónoma, tendo en conta, en particular, as disposicións sobre materiais especificados de risco e os subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano e coa necesaria observancia das específicas disposicións sobre benestar animal a cuxo cumprimento obriga, nos casos de consumo doméstico privado, o artigo 10 do Regulamento (CE) n.º 1099/2009 do Consello, de 24 de setembro de 2009, relativo á protección dos animais no momento da matanza.*

*No caso das especies porcina e equina e da carne de caza de especies sensibles á triquina, a autoridade competente da comunidade autónoma establecerá un sistema que permita que todos os animais se sometan a unha análise de detección de triquina*

*antes do seu consumo, utilizando un dos métodos establecidos nos capítulos I e II do anexo I e, no seu caso, no anexo III do Regulamento de Execución (UE) 2015/1375 da Comisión, do 10 de agosto de 2015.”*

En Galicia, no relativo ás matanzas domiciliarias de porcos, isto último ven regulado na Orde do 26 de xaneiro de 2018, pola que se regula a Rede integrada de laboratorios de diagnóstico de triquina e o procedemento para solicitar o control sanitario da triquina nas matanzas domiciliarias de animais da especie porcina para autoconsumo.

### **3.3. Obrigas específicas de coidado dos animais de compañía.**

#### **3.3.1. Lexislación aplicable e delimitación do concepto de animal de compañía.**

A normativa nesta materia está presidida pola LPDBA, que contén disposicións de natureza civil e administrativa, e ten por obxecto establecer o réxime xurídico básico en todo o territorio español para a protección, garantía dos dereitos e benestar dos animais de compañía e silvestres en cativeiro, sen prexuízo da sanidade animal que se rexerá pola LSA, e polas normas da Unión Europea (art. 1.1.).

Ao ser lexislación básica as comunidades autónomas poden legislar no marco das súas competencias para ampliar e desenvolver a LPDBA sempre que respecten o seu contido mínimo. En Galicia, esta norma é a LPBACG, que busca garantir *“a protección e o benestar, así como a posesión e a tenza responsable dos animais de compañía”* no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia (art. 1).

Estudaremos ambas conxuntamente, para abranguer o réxime de aplicación integral aos animais de compañía en Galicia.

A LPDBA define como dereitos dos animais *“o seu dereito ao bo trato, respecto e protección, inherentes e derivados da súa natureza de seres sentintes, e coas obrigacións que o ordenamento xurídico impón ás persoas, en particular a aquelas que manteñen contacto ou relación con eles”* (art. 1.2. LPDBA).

No marco da LPDBA, defínese o animal de compañía como o animal doméstico ou silvestre en cativeiro, mantido polo ser humano, principalmente no fogar, sempre que se poida ter en boas condicións de benestar que respecten as súas necesidades etolóxicas, poida adaptarse á cativeiro e que a súa tenza non teña como destino o seu consumo ou o aproveitamento das súas producións ou calquera uso industrial ou calquera outro fin comercial ou lucrativo e que, no caso dos animais silvestres a súa especie estea incluída na listaxe positiva de animais de compañía.

En todo caso cans, gatos e furóns, independentemente do fin ao que se destinen ou do lugar no que habiten ou do que procedan, serán considerados animais de compañía.

Os animais de produción só se considerarán animais de compañía no caso de que, perdendo o seu fin produtivo, o propietario decidise inscribilo como animal de compañía no Rexistro de Animais de Compañía. (art. 3.a. LPDBA).

A LPDBA delimita as especies que poden ser consideradas animais de compañía no seu art. 34, en cinco grupos:

- Cans, gatos e furóns.
-

- Animais pertencentes a especies que teñan a consideración de animais domésticos segundo a LSA, que os define como aqueles animais de compañía pertencentes a especies que críe e posúa tradicional e habitualmente o home, co fin de vivir en domesticidade no fogar, así como os de acompañamento, condución e axuda de persoas cegas ou con deficiencia visual grave ou severa.
- Animais pertencentes a especies silvestres contidas na listaxe positiva de animais de compañía.
- Aqueles animais de produción que, pertencendo a especies non silvestres e que, perdendo o seu fin produtivo, se inscriban como animais de compañía por decisión do seu titular.
- As aves de cetrería e os animais de acuariofilia non incluídos no catálogo de especies exóticas invasoras nin de especies silvestres protexidas.

O art. 35 LPDBA ordena a creación de listaxes de animais de compañía, enumera os grupos posibles de entre os animais silvestres e no art. 36 establece os criterios de inclusión, como a súa adaptación á catividade, o seu carácter non invasor nin potencialmente perigosos para a saúde ou seguridade das persoas ou outros animais, nin o seu carácter protexido.

A Lei galega especifica que dentro da definición achegada de animal de compañía (art. 4.1.) caben *“os animais de calquera especie, dos incluídos no ámbito de aplicación desta lei, que teña no seu poder o ser humano”*, incluíndo entre estes, en todo caso *“os animais das coleccións zoolóxicas dos parques ou das reservas zoolóxicas, con independencia do fin ao que sexan destinados ou do lugar en que habiten”*.

Por outra banda, a LPDBA achega unha definición de benestar animal, como estado físico e mental dun animal en relación coas condicións en que vive e morre, nos termos definidos pola Organización Mundial de Sanidade Animal. (art. 3.k. LPDBA)

A finalidade da LPDBA (art. 2) é definir o marco normativo que permita acadar a máxima protección dos dereitos e benestar dos animais, mediante accións como a tenza e convivencia responsables, a loita contra o maltrato e abandono, o impulso á adopción e o acollemento, así como o desenvolvemento de actividades formativas e de divulgación.

Pola súa banda, especifica o art. 3 LPBACG como fins:

- Acadar o máximo nivel de protección e benestar dos animais incluídos no ámbito de aplicación desta lei, consonte a súa condición de seres vivos dotados de sensibilidade física e psíquica.
- Fomentar o coñecemento do mundo animal que contribúa a unha conduta máis responsable e cívica das persoas no respecto, a defensa e a preservación dos animais, así como na súa tenza, acorde coas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas deles.
- Compatibilizar o benestar dos animais co seu gozo e mantemento polas persoas.
- Harmonizar a tenza dos animais coa convivencia social pacífica e segura.
- Impulsar e promover a identificación dos animais para combater o seu abandono e maltrato.

Quedan excluídos do ámbito de aplicación da LPBA, consonte o art. 1.3 os seguintes animais, que se rexerán pola súa propia normativa: os empregados en espectáculos

---

taurinos; os animais de produción (agás que perdendo ese fin se destinen á compañía); os empregados en experimentación e outros fins científicos incluída a docencia e investigación clínica veterinaria; os silvestres; os empregados en actividades específicas (deportivas, cetrería, cans pastores e garda de gando) profesionais de rescate e Forzas e corpos de seguridade do Estado (en diante, FCSE); así coma os cans de caza.

A Lei galega matiza como exclusións (art. 2): dentro dos animais de produción, os de autoconsumo; os pertencentes á familia dos équidos; dentro do espectáculo taurino, tamén os encerros. Subliña tamén que ás coleccións de animais dos parques ou das reservas zoolóxicas e aos cans de asistencia seralles aplicable supletoriamente esta lei nos aspectos non previstos na súa normativa específica de regulación.

Debemos resaltar que a diferenza da lei estatal, Lei galega non exclúe do seu ámbito de aplicación nin os cans de caza nin os empregados en explotacións agrarias para garda e manexo do gando. A uns e outros refírese illadamente no articulado nos arts. 4.18 e 18.3.b., polo que estes animais deben entenderse comprendidos dentro do ámbito de aplicación da norma.

Para finalizar este apartado introdutorio debemos dar conta, no momento do peche de edición desta obra (febreiro de 2024) da existencia da Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello relativo ao benestar dos cans e os gatos e á súa rastrexabilidade [Bruxelas, 7.12.2023 COM(2023) 769 final 2023/0447 (COD)].

As súas bases xurídicas son o artigo 43, apartado 2, e o artigo 114 TFUE, xa que a proposta refírese á cría, o mantemento e o comercio de cans e gatos, que son animais vivos, amparados como tales polo anexo I do Tratado, e o seu obxectivo é velar polo bo funcionamento do mercado interior de cans e gatos, para os que non existen requisitos comúns en materia de benestar animal, evitar distorsións e obstáculos ao comercio dos devanditos animais debido á diverxencia das normas nacionais en materia de benestar animal, e garantir ao mesmo tempo un nivel elevado de benestar animal e un nivel elevado de protección dos consumidores, especialmente no referente ao comercio ilícito.

O obxectivo da proposta é regular o comercio de cans e gatos no mercado interior, incluídas as importacións procedentes de terceiros países, para velar por un desenvolvemento racional do sector, evitar as trabas ao comercio e loitar contra o comercio ilícito de cans e gatos, á vez que se garante un nivel elevado de protección do benestar animal.

O presente Regulamento establece as obrigacións mínimas relativas ao benestar dos cans e gatos criados, mantidos en establecementos ou ben comercializados no mercado da Unión e á rastrexabilidade dos cans e gatos comercializados na Unión ou fornecidos na Unión. Quedan excluídos do ámbito do regulamento a cría, o mantemento, a comercialización ou a subministración de cans ou gatos destinados a fins científicos.

A entrada en vigor do Regulamento producirase dous anos despois da súa aprobación, que podería ter lugar en 2024.

### 3.3.2. Obrigas das persoas propietarias e posuidoras de animais de compañía.

Regúlanse nos arts. 24 LPDBA e 7 LPBACG e sintetízanse do seguinte xeito:

---

### 3.3.2.1. Deberes básicos.

Todas as persoas están obrigadas a tratar aos animais conforme coa súa condición de seres sentintes (art. 24.1. LPDBA) e en particular a persoa propietaria ou posuidora dun animal é responsable da súa protección e benestar e deberá cumprir con todas as obrigas previstas nesta lei e nas disposicións que a desenvolvan (art. 7.1. LPBACG).

A Lei estatal impón unha serie de obrigas xerais:

- Mantelos nunhas condicións de vida dignas, que garantan o seu benestar, dereitos e desenvolvemento saudable. No caso dos animais que, polas súas características e especie, vivan de forma permanente en gaiolas, acuarios, terrarios e similares, deberán contar con espazos adecuados en tamaño, naturalización e enriquecemento ambiental para a súa tenencia.
- Educar e manexar ao animal con métodos que non provoquen sufrimento ou malos tratos ao animal, nin lle causen estados de ansiedade ou medo.
- Exercer sobre os animais a adecuada vixilancia e evitar a súa fuxida.
- Non deixalos sós dentro de vehículos pechados, expostos a condicións térmicas ou de calquera outra índole que poidan poñer a súa vida en perigo.
- Prestar ao animal os coidados sanitarios necesarios para garantir a súa saúde, así como facilitarles un recoñecemento veterinario, coa periodicidade que se determine regulamentariamente, que deberá quedar debidamente documentado, no seu caso, no rexistro de identificación correspondente.
- Manter permanentemente localizado e identificado o animal conforme á normativa vixente.
- Comunicar á autoridade competente a perda ou subtracción do animal no prazo máximo de corenta e oito horas desde o suceso.
- Recorrer aos servizos dun profesional veterinario, ou veterinario acreditado en comportamento animal, sempre que a situación do animal o requira.

As anteriores complétanse cunha serie de obrigas específicas:

- Mantelos integrados no núcleo familiar, sempre que sexa posible pola súa especie, en bo estado de saúde e hixiene.
- Os animais que, por razóns incompatibles coa súa calidade de vida tamaño ou características da súa especie, non poidan convivir no núcleo familiar, deberán dispoñer dun aloxamento adecuado, con habitáculos acordes ás súas dimensións e que os protexan das inclemencias do tempo, en boas condicións hixiénico-sanitarias de forma que se facilite un ambiente no que poidan desenvolver as características propias da súa especie e raza, nas condicións previstas no art. 28 para espazos abertos; no caso de animais gregarios procuraráselles a compañía que precisen.
- Adoptar as medidas necesarias para evitar que a súa tenza ou circulación ocasione molestias, perigos, ameazas ou danos ás persoas, outros animais ou ás cousas.
- Adoptar as medidas necesarias para evitar a reprodución incontrolada dos animais de compañía. A cría só poderá ser levada a cabo por persoas responsables da actividade da cría de animais de compañía rexistradas como tales no correspondente Rexistro.

- Evitar que os animais depositen os seus excrementos e ouriñes en lugares de paso habitual doutras persoas, como fachadas, portas ou entradas a establecementos, procedendo en todo caso á retirada ou limpeza daqueles con produtos biodegradables.
- Facilitarlles os controis e tratamentos veterinarios establecidos como obrigatorios polas administracións públicas.
- No caso dos animais de compañía que, polas súas características e especie, vivan de forma permanente en gaiolas, acuarios, terrarios e similares, deberán contar con espazos adecuados en tamaño, naturalización e enriquecemento ambiental para a súa tenencia. As condicións para cada especie desenvolveranse regulamentariamente.
- Superar a formación en tenza responsable regulamentada para cada especie de animal de compañía. O art. 30 LPBA establece a obriga especificamente para os titulares de cans.

En relación a este curso de formación para os titulares de cans, cómpre salientar que:

O curso debe realizarse previamente á tenza do can (posto que o art. 30 LPBA fala de “as persoas que opten a..”);

O curso será gratuíto e terá validez permanente, sendo previsible que o regulamento prevexa a súa impartición ben directamente polas administracións públicas, ben polas entidades de protección animal descritas no Capítulo VII LPBA, sen que deba descartarse o encargo tamén a outras entidades con ánimo de lucro previamente acreditadas;

O contido do curso está deferido á aprobación do regulamento de desenvolvemento da Lei.

Este apartado suscita dúas cuestións de dereito transitorio. A primeira, que sucede dende a entrada en vigor da Lei e a aprobación do regulamento. Dada a inexistencia de disposicións transitorias na materia e a remisión expresa ao regulamento para a determinación de contidos, entendemos que o precepto non resulta de aplicación, polo que non se poderá esixir o curso nese período transitorio para a adquisición da condición de titular.

A segunda, é a relativa aos que xa son titulares ou posuidores de cans á entrada en vigor da Lei. Facendo unha interpretación das Disposicións transitorias (en diante, DDTT )<sup>1ª</sup> e <sup>5ª</sup> “a contrario” (posto que cando o lexislador quixo, indicou como debían proceder determinadas persoas titulares de determinados animais ou dedicadas a certas actividades), cabe concluír que non se lles poderá esixir o curso, sen prexuízo do cal, no caso de que no futuro queiran optar á titularidade ou posesión doutro can distinto, si deberán facelo, incluído o caso de asumiren a titularidade dos cachorros dos cans que posúen actualmente, posto que lles será requirido no momento da inscrición.

- Identificar mediante microchip e proceder á esterilización cirúrxica de todos os gatos antes dos seis meses de idade salvo aqueles rexistrados no rexistro de identificación como reprodutores e a nome dun criador rexistrado no Rexistro de Criadores de Animais de Compañía.
- Comunicar á administración competente e ao seu titular, a retirada do cadáver dun animal de compañía identificado

Segundo a lei estatal, a baixa dun animal de compañía por morte deberá ir acompañada do documento que acredite que foi incinerado ou enterrado por unha empresa recoñecida oficialmente para a realización das devanditas actividades, facendo constar o número de identificación do animal falecido e o nome e apelidos do seu responsable ou, na súa falta, que quede constancia nas bases de datos da empresa que se ocupou do cadáver. En caso de imposibilidade de recuperar o cadáver, deberase documentar adecuadamente (art. 26.j parágrafo segundo LPDBA).

Neste punto, a Lei estatal presenta unha diferenza substancial coa galega, posto que esta última só obriga a comunicar ao Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía o extravío ou morte do animal doméstico (art. 21.d. LPBACG). A lei estatal é máis restritiva sobre a xestión, porque obriga a que en caso de morte, a comunicación debe ir acompañada dun documento da empresa autorizada que se fixo cargo do cadáver.

A normativa galega prevé, con rango regulamentario, no Decreto 72/2016, do 9 de xuño, polo que se autorizan e se regulan determinados sistemas de eliminación de subprodutos animais non destinados ao consumo humano en Galicia e se concretan determinados aspectos sanitarios das explotacións porcinas, a posibilidade de que a xestión do cadáver do animal de compañía se realice directamente polo seu titular ou posuidor, sen necesidade de entregalo a unha empresa. Pois ben, na medida en que a normativa galega se basea directamente en regulamentación de rango europeo, e que o propio Estado sinalou á comunidade autónoma como competente no desenvolvemento desta posibilidade, unido ao feito de que estritamente non estamos en materia de benestar animal senón de sanidade animal e saúde pública, debemos concluír que a LPDBA non ten carácter básico neste punto e que en todo caso a CA de Galicia actúa con título competencial directamente atribuído por norma estatal na concreción do exercicio de competencias reguladas pola UE.

En efecto, o Decreto 72/2016 (CA de Galicia) desenvolve o RD 1528/2012, do 8 de novembro, polo que se establecen as normas aplicables aos subprodutos animais e os produtos derivados non destinados ao consumo humano (estatal), cuxo art. 16.1.a. permite, en aplicación da excepción prevista no art. 19.1.a do Regulamento (CE) nº 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e os produtos derivados non destinados ao consumo humano, a eliminación de animais de compañía por enterramento, nos termos que desenvolva a CA (art. 2).

En exercicio desta competencia, que non se ve afectada pola promulgación da LPDBA, o Decreto define ao responsable do enterramento (art. 3), faculta ao titular ou posuidor do animal de compañía para efectualo directamente (art. 7), prevendo uns requisitos xerais (art. 9) e específicos (art. 11), impondo unha serie de obrigas (art. 13), incluída a comunicación ao rexistro competente (art. 15).

En resumo, o art. 26.j. LPDBA non impide en Galicia o enterramento dun animal de compañía directamente polo seu titular.

Por outra banda, o uso de animais en filmacións e artes escénicas deberá acompañarse dunha declaración responsable sobre as condicións da realización e a garantía do benestar do animal (art. 62).

No mesmo sentido, régúlase a participación dos animais en feiras, exposicións e concursos (art. 63) durante os que deberán estar ben alimentados e hidratados, ofrecéndolles auga fresca e comida cando sexa necesario, así como un espazo

---

adequado para refuxiarse das inclemencias climatolóxicas, habitáculos adecuados durante a súa permanencia, e baixo a supervisión de profesionais acreditados.

O emprego dos animais en romarías, eventos de feira, beléns, cabalgatas e procesións farase garantindo un estado hixiénico-sanitario óptimo e uns niveis óptimos de benestar animal atendendo ás necesidades propias de cada especie e ás condicións ambientais que existan nese momento. Mentres se desenvolva a actividade, deberase velar por que os animais que forman parte dela se atopen en boas condicións físicas, atendendo entre outras cousas a indicadores comportamentais do animal ou a signos que poidan evidenciar a necesidade de descanso, en particular nos meses de altas temperaturas (art. 65). Neste contexto prohibese expresamente o uso de animais en atraccións mecánicas ou carruseis de feira; en exposicións de beléns, cabalgatas ou procesións, nas que se manteña ao animal de forma incompatible co seu benestar, dadas as características propias da súa especie, ou inmovilizado durante a duración do evento; en romarías e eventos feriaos cando se identifique un exceso de temperaturas, así como nos que se faga uso de elementos pirotécnicos.

A Lei galega especifica a maiores as seguintes obrigas (art.7.1):

- Subministrarlles a alimentación, a auga e os coidados que estean en consonancia coas súas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas axeitados para o seu normal desenvolvemento.
- Proporcionarlles o necesario exercicio físico e descanso, de acordo coas súas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas.
- Proporcionarlles un contorno libre de estrés, medo e sufrimento, así como a posibilidade de interacción necesaria para o seu normal desenvolvemento.

No relativo ao control administrativo e a convivencia social, a lei galega sinala ademais estes deberes:

- Colaborar coas autoridades e os seus axentes e máis facilitarlles canta documentación e información lles sexa requirida, así como o acceso ou a entrada aos lugares que sexa necesario, co fin de cumprir as previsións contidas nesta lei.
- Adoptar as medidas necesarias para que os animais non poidan acceder libremente ás vías nin aos espazos públicos ou privados. No caso dos cans, deberán levarlos provistos de correa e colar ou outros elementos de retención, agás os supostos establecidos nas actividades autorizadas en que os animais precisan transitar en liberdade ou naqueles lugares en que se permita que transiten en liberdade, e, en todo caso, baixo o control e a responsabilidade das persoas propietarias ou posuidoras deles, evitando danos ou molestias ás persoas viandantes ou a outros animais.

Así mesmo, deberase impedir o libre acceso ao lugar onde se aloxen os animais das persoas ou doutros animais. O acceso dos animais no caso dos locais destinados a espectáculos públicos, deportivos e culturais someterase ao disposto nas normas municipais aplicables, co necesario respecto á restante normativa de aplicación.

- Recoller os excrementos que os animais depositen nas vías e nos espazos públicos e privados de uso común.



### 3.3.2.2. Condutas prohibidas en relación aos animais de compañía.

Como reverso dos deberes, a LPDBA contén unha serie de prohibicións correlativas (arts. 25 e 27) referidas aos animais de compañía, entre as que destacan as seguintes:

- Maltratalos ou agredilos fisicamente, sometelos a trato negligente ou calquera práctica que lles poida producir sufrimentos, danos físicos ou psicolóxicos ou ocasionar a súa morte.

A Lei galega recolle unha definición máis acabada de maltrato que a estatal, configurándoo como *“calquera conduta que ocasione directa ou indirectamente ao animal dor, sufrimentos ou danos evitables, tanto físicos coma psíquicos, ou a morte (cando non estea legalmente amparada), sexa por acción ou omisión dolosa ou negligente. Quedan excluídos desta definición os supostos en que conorra caso fortuíto ou forza maior”* (art. 4.14 LPBACG)

- Usar métodos e ferramentas invasivas que causen danos e sufrimentos aos animais.
- Abandonalos intencionadamente en espazos pechados ou abertos, especialmente no medio natural.
- Deixar animais soltos ou en condicións de causar danos en lugares públicos ou privados de acceso público especialmente nos parques nacionais, cañadas onde pastan rabaños ou animais ou outros espazos naturais protexidos onde poidan causar danos ás persoas, ao gando ou ao medio natural.
- Utilizalos en espectáculos públicos ou actividades artísticas turísticas ou publicitarias, que lles causen angustia, dor ou sufrimento, sen prexuízo do disposto no título IV, e, en todo caso, en atraccións mecánicas ou carruseis de feira, así como o uso de animais pertencentes a especies de fauna silvestre en espectáculos circenses. O Regulamento Delegado (UE) 2019/2035 da Comisión do 28 de xuño de 2019 define, no que agora interesa, no seu art. 2 o "circo itinerante" como exhibición ou feira circense que inclúe animais ou espectáculos con animais.
- Utilizalos de forma ambulante como reclamo, sen que este precepto cuestione o dereito das persoas sen fogar a ir acompañadas dos seus animais de compañía.
- Sometelos a traballos inadecuados ou excesivos en tempo ou intensidade respecto a as características e estado de saúde dos animais.
- A tenza, cría e comercio de aves frinxílicas (paxaros de gaiola) con infracción da Lei 42/2007, do 13 de decembro.
- Alimentalos con vísceras, cadáveres e outros refugallos procedentes de animais que non superasen os oportunos controis sanitarios.
- Utilizar animais como reclamo recompensa, premio, rifa ou promoción.
- A utilización de animais como reclamo publicitario, excepto para o exercicio de actividades relacionadas cos mesmos.
- Utilizar calquera dispositivo, mecanismo ou utensilio destinado a limitar ou impedir a súa mobilidade nun punto fixo salvo por prescrición veterinaria atendendo ao seu benestar.
- Utilizalos en pelexas ou o seu adestramento no desenvolvemento desta práctica e outras similares, así como instigar a agresión a outros animais ou a outras persoas fóra do ámbito de actividades regradas.

- Utilizar calquera dispositivo, mecanismo ou utensilio destinado a limitar ou impedir a súa mobilidade salvo por prescripción veterinaria atendendo ao seu benestar.

A maiores sinálanse como prohibicións específicas:

- O seu sacrificio, salvo por motivos de seguridade das persoas ou animais ou de existencia de risco para a saúde pública debidamente xustificado pola autoridade competente, sen prexuízo dos casos en que proceda a eutanasia.

Prohíbese expresamente o sacrificio nos centros de protección animal, xa sexan públicos ou privados, clínicas veterinarias e núcleos zoolóxicos en xeral por cuestións económicas, de superpoboación, carencia de prazas, imposibilidade de achar adoptante nun prazo determinado, abandono do responsable legal, vellez, enfermidade ou lesión con posibilidade de tratamento, xa sexa paliativo ou curativo, por problemas de comportamento que poidan ser reconducidos, así como por calquera outra causa asimilable ás anteriormente citadas.

- Practicarlles todo tipo de mutilación ou modificacións corporais permanentes; exceptúanse desta prohibición os sistemas de identificación mediante marcaxe na orella de gatos comunitarios e as precisas por necesidade terapéutica para garantir a súa saúde ou para limitar ou anular a súa capacidade reprodutiva, sen que poida servir de xustificación un motivo funcional ou estético de calquera tipo, incluído o mantemento das características dun tipo racial ou estéticas (art. 9.h LPBACG). As mutilacións necesarias deberán ser acreditadas mediante informe dun profesional veterinario colexiado ou pertencente a algunha administración pública, do que quedará constancia no rexistro de identificación correspondente.

- Mantelos atados ou deambulando por espazos públicos sen a supervisión presencial por parte da persoa responsable do seu coidado e comportamento.

- Manter de forma habitual a cans e gatos en terrazas, balcóns, azoteas, rochos, sotos, patios e similares ou vehículos.

- Levar animais atados a vehículos de motor en marcha.

- A posta en liberdade ou introdución no medio natural de animais de calquera especie de animal de compañía que se desenvolve na presente lei salvo os incluídos en programas de reintrodución.

- A eliminación de cadáveres de animais de compañía sen comprobar a súa identificación, cando esta sexa obrigatoria.

- Deixar sen supervisión a calquera animal de compañía durante máis de tres días consecutivos; no caso da especie canina, este prazo non poderá ser superior a vinte e catro horas consecutivas.

- Levar a cabo actuacións ou prácticas de selección xenética que impliquen problemas ou alteracións graves na saúde do animal.

- A cría comercial de calquera especie de animal de compañía, así como calquera tipo de cría de animais cuxa identificación individual sexa obrigatoria pola normativa vixente, por criadores non inscritos no Rexistro de Criadores de Animais de Compañía.

- A comercialización de cans, gatos e furóns en tendas de animais, así como a súa exhibición e exposición ao público con fins comerciais. Cans, gatos e furóns só poderán venderse desde criadores rexistrados.

- A comercialización, doazón ou entrega en adopción de animais non identificados e rexistrados previamente a nome do transmitente conforme aos métodos de identificación aplicables segundo a normativa vixente.

- Empregar animais de compañía para o consumo humano.

- Usar calquera ferramenta de manexo que poida causar lesións ao animal, en particular colares eléctricos, de impulsos, de castigo ou de afogo.

O art. 9.c. LPBACG amplía este suposto especificando a prohibición de calquera mecanismo que destinado a limitar ou empecer a mobilidade dos animais, lles produza dor, danos, sufrimentos, menoscabo ou estrés innecesarios, en especial os que lles impidan manter a cabeza na posición natural, agás prescrición veterinaria.

Neste sentido, prohíbese manter os animais da especie canina atados de forma permanente ou limitarlles os movementos que son necesarios durante a maior parte do día, así como o emprego de instrumentos ou métodos daniños de suxeición, retención ou educación, como os colares eléctricos que produzan descargas.

A mención do primeiro inciso do art. 9.c. LPBACG posta en relación co art. 27.d. LPDBA leva á conclusión da prohibición da tenza permanente dun can atado nunha caseta, e cando se atope nesta situación, deberá ter sempre capacidade de moverse suficientemente de acordo coa súa propia etoloxía.

Finalmente, e dentro do apartado do fomento dunha convivencia responsable cos animais de compañía, a LPDBA prohíbe no seu art. 33.6. ás institucións educativas e de formación a realización de prácticas contrarias á mesma, tales como o uso das aulas como lugar de residencia de animais, a distribución de animais entre o alumnado e calquera outra práctica similar.

Entre as prohibicións da lei galega, as seguintes condutas desenvolven ou complementan a norma estatal (art. 9):

- Non proporcionar aos animais a auga e a alimentación abundas e adecuadas ás súas necesidades, agás por prescrición veterinaria.

- Manter os animais en condicións inadecuadas, desde o punto de vista hixiénicosanitario ou ambiental, ou desatender o coidado e a atención necesarios, de acordo coas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas segundo a raza e a especie.

- Empregar animais en atraccións feirais e outras asimilables, agás o disposto no artigo 14 LPBACG.

- Utilizar animais en pelexas, festas, espectáculos ou calquera outra actividade que leven consigo malos tratos, crueldade ou sufrimento.

- A entrada e permanencia de animais de compañía nos locais ou lugares destinados á preparación, a venda, o almacenamento, o transporte ou a manipulación de alimentos.

Malia o anterior, e sen prexuízo do establecido nas ordenanzas municipais correspondentes, as persoas propietarias de hoteis, pensións, restaurantes, bares, cafetarías e similares poderán autorizar ao seu criterio a entrada e permanencia dos animais de compañía nos seus establecementos, para o que deberán mostrar un distintivo que o indique nun lugar visible á entrada do establecemento.

En todo caso, exceptúanse das prohibicións establecidas nesta alínea os cans de asistencia e os pertencentes ás Forzas Armadas e aos corpos e forzas de seguridade

---

do Estado, do ámbito autonómico e local, así como os das empresas de seguridade legalmente habilitadas e os dos corpos de salvamento e rescate.

- A filmación ou realización de escenas para cine, televisión ou calquera outro medio audiovisual que recollan escenas de crueldade, maltrato, morte ou sufrimento de animais, agás autorización da consellaría competente en materia de protección animal, co fin de garantir que o dano sexa simulado e que os produtos e os medios empregados non provoquen ningún prexuízo ao animal. O art. 63 LPDBA recolle os termos en que debe producirse a filmación e difusión das obras.

- A utilización de calquera tipo de produtos ou substancias farmacolóxicas para modificar o comportamento natural dos animais que se utilizan para o traballo fotográfico, publicitario, de exposición ou exhibición.

- Exercer a mendicidade ou calquera outra actividade ambulante utilizando animais como medio de publicidade ou reclamo destas actividades.

- Alimentar os animais vagabundos ou extraviados nas vías públicas sen contar coa correspondente autorización municipal, agás situacións que poidan comprometer o benestar dos animais.

- Dar educación agresiva, estresante ou violenta aos animais, así como de instigación ou preparación para pelexas ou ataques, quitando os adestradores de cans de empresas de seguridade legalmente habilitadas e de corpos e forzas de seguridade do Estado e as excepcións previstas no artigo 11 da Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos.

Neste punto, prohíbese expresamente implicar os animais en pelexas, ataques ou agresións, incluíndo a súa organización, así como encirralos, permitirilles ou non impedirilles atacar unha persoa ou calquera outro animal.

### 3.3.2.3. Responsabilidade por danos.

En coherencia dos deberes, a LPDBA establece no art. 24.3. a responsabilidade polos danos, prexuízos ou molestias causados por animais de compañía que, sen mediar provocación ou negligencia dun terceiro, puidese ocasionar a persoas, outros animais ou cousas, ás vías e espazos públicos e ao medio natural, de conformidade coa lexislación aplicable.

A maiores, o art. 8.2. LPBACG establece a obriga de contratar un seguro de responsabilidade civil nos supostos legal ou regulamentariamente previstos, que o art. 30.2. LPDBA constrinxen á tenza de cans.

### 3.3.2.4. Identificación dos animais de compañía.

A LPBA establece o deber de colaborar coas autoridades, identificando os animais mediante microchip e facilitando os datos cando así sexa requirido e comunicando o seu cambio de titularidade, extravío ou morte (art. 24.1.i LPBA). O art. 51 LPDBA establece os deberes básicos de identificación, que ten carácter obrigatorio mediante microchip para cans, gatos e furóns, así como anelado para aves, sempre dende o nacemento. O precepto inclúe requisitos adicionais para os exemplares reprodutores.

Este deber específico de identificación, para o caso dos cans (art. 12 LPBACG). Comprende o deber de facelo identificado dentro dos seus tres primeiros meses de vida e, en todo caso, antes de ser obxecto de transmisión.

---

Aínda que a Lei galega establece que para os animais de compañía diferentes do can a inscrición non é obrigatoria (agás os animais catalogados como potencialmente perigosos), esta dispensa debe entenderse derogada pola Lei estatal, que impón a obriga para cans, gatos, furóns e aves sen excepción.

A identificación comprende o sistema de marcaxe legalmente establecido, a expedición do correspondente documento de identificación ou pasaporte nos casos que corresponda, segundo o modelo normativamente regulado, así como a inscrición do animal no Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía (Regiac).

No caso de inscrición obrigatoria, o cambio de titularidade dun animal de compañía será comunicado ao devandito rexistro, tanto pola persoa cedente coma pola adquirente da súa titularidade, no prazo máximo de dez días desde que se produza a efectiva entrega del.

Quedan exceptuados da obriga de inscrición no Regiac os cans que proveñan doutros territorios do Estado e que permanezan transitoriamente en Galicia un período de tempo inferior a tres meses.

A identificación será requisito previo e obrigatorio para realizar calquera transmisión do animal, cando aquela sexa obrigatoria segundo a especie, a título oneroso ou gratuito, e debe constar en calquera documento que faga referencia a el. Non se expedirán pasaportes sanitarios a cans sen facer constar a identificación do animal.

#### 3.3.2.5. Normas de transporte dos animais de compañía.

A LPDBA regula no art. 59 as condicións xerais de transporte, entre as que destacan:

- Que os animais estean en condicións de realizar a viaxe prevista.
- Que se atenden todas as necesidades fisiolóxicas e etolóxicas dos animais.
- Que o medio de transporte ou contedor, mesmo se se trata de vehículo particular, dispoñan dun sistema de climatización e ventilación a efectos de manter aos animais dentro do seu rango de confort, dispoñendo os contedores de maneira que todos os exemplares dispoñan das mesmas condicións climáticas e de ventilación. Os medios deben ser adecuados en función da especie, tamaño e necesidades fisiolóxicas do animal, dispoñendo de espazo suficiente para evitar o amontoamento, garantindo a seguridade viaria e a seguridade dos animais durante o seu transporte.
- Que os medios de transporte e as instalacións de carga e descarga eviten lesións e sufrimento aos animais e se garanta a súa seguridade.
- Que o animal está protexido das condicións adversas, e, en particular, asegurarse de que non llo deixe sen cuidados no medio de transporte ou contedor en condicións tales que poidan ser prexudiciais para a súa seguridade ou saúde.
- Que aos animais se lles proporcione auga, alimento e períodos de descanso a intervalos suficientes e en condicións cuantitativa e cualitativamente adecuadas á súa especie e tamaño.

Toda actividade profesional de transporte de animais deberá contar cun plan de continxencia para o suposto caso de que se produzan accidentes ou imprevistos que poidan afectar á súa saúde ou integridade.

A maiores, no art. 60 fanse unha serie de prevencións específicas para os animais de compañía:

- Cando os animais de compañía deban permanecer en vehículos estacionados, adoptaranse as medidas pertinentes para que a aireación e a temperatura sexan adecuadas.

- Cando se transporten animais de compañía en relación cunha actividade económica ou profesional e os mesmos non vaian acompañados polo seu propietario, o condutor ou condutora ou a persoa coidadora deberá dispoñer da documentación que acredite que aquel se fará cargo en destino do animal. Se, a pesar diso, o animal non é recibido en destino ou non se pode continuar a viaxe por calquera motivo, será obrigación do transportista ou da persoa que asumise a responsabilidade sobre o animal, tomar as medidas adecuadas para garantir o debido coidado do animal (pode verse un comentario máis extenso sobre este aspecto *infra*, apartado 3.3.3.4. desta obra).

No transporte internacional dentro da UE, o titular deberá solicitar á autoridade competente en materia de sanidade animal o correspondente certificado de movemento intracomunitario de animais.

A Lei prohibe o envío de animais vivos por correo, mensaxería ou similares, excepto o transporte de animais realizado polas entidades dedicadas ao transporte profesional de animais, que garantan o seu coidado durante o desprazamento, coa excepción adicional do transporte en contedores herméticos, nos termos dispostos na lei.

Desenvolvendo esta Lei, o art. 11 LPBACG engade que non se poderán transportar animais feridos ou enfermos, salvo:

- Que se trate de animais levemente feridos ou enfermos, cuxo transporte non sexa causa de lesións ou sufrimentos innecesarios.

- Que os animais sexan transportados co obxecto de os someter á atención, ao diagnóstico e/ou ao tratamento veterinario. Na medida do posible, no caso de animais residentes en establecementos autorizados, a atención veterinaria intentarase aplicar no propio establecemento, en prol do seu benestar.

No transporte e na permanencia en vehículos de particulares estacionados, incluídos os seus remolques, o animal dispoñerá de ventilación e temperaturas adecuadas, así como de espazo abondo que lle permita levantarse, xirar e tombarse.

A Lei prohibe o transporte de animais de compañía nos maleteiros totalmente pechados e sen ventilación axeitada, así como levalos atados a vehículos de motor en marcha.

### 3.3.3. Disposicións específicas da protección e benestar de animais domésticos.

Os animais domésticos son unha parte dos animais de compañía, definidos no art. 4.1. LPBACG (seguindo a definición da LSA) como *“aqueles animais de compañía pertencentes a especies que críe e posúa tradicional e habitualmente o home, co fin de vivir en domesticidade no fogar, así como os de acompañamento, conducción e axuda de persoas cegas ou con deficiencia visual grave ou severa”*.

Para este subgrupo a Lei galega prevé unha serie de disposicións específicas, que completan o réxime xeral de animais de compañía.

#### 3.3.3.1. Obrigas específicas e condicións de tenza das persoas posuidoras e propietarias de animais domésticos.

---

Sinala o art. 21 LPBACG que a maiores das xerais da Lei, correspóndenlles ás persoas posuidoras ou propietarias de animais domésticos as seguintes obrigas específicas:

- A esterilización dos cans de asistencia segundo a súa normativa específica, así como dos cans que se manteñan en polígonos industriais e obras.
- Sen prexuízo das disposicións establecidas nas correspondentes ordenanzas municipais, prohíbese levar ceibos nas vías públicas os cans e os demais animais domésticos, que deberán ir provistos de correa e colar ou outro elemento de retención, agás naqueles lugares nos que se permita que transiten en liberdade e, en todo caso, baixo o control e a responsabilidade dos posuidores ou das posuidoras daqueles. Malia o anterior, nos carreiros e camiños no ámbito rural poderase levar solto o animal sempre que non se ocasione danos, molestias nin riscos ás persoas, a outros animais e ás cousas.

En consecuencia, como regra nos espazos urbanos só poden ir ceibos os cans nos espazos habilitados polo concello, e nos espazos rurais e rururbanos poden ir soltos coa estrita vixilancia de non causar danos ou molestias.

- Cando se produza un cadro de agresión por parte dun animal doméstico, deberanse facilitar os datos do animal e da persoa responsable del tanto á persoa agredida ou aos seus representantes legais coma ás autoridades competentes, sen prexuízo da obriga de o someter ao control veterinario previsto no artigo 18.1.

- Comunicar ao Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía o extravío ou a morte do animal doméstico, no caso de inscrición obrigatoria, no prazo máximo de setenta e dúas horas desde que se teña coñecemento de tales feitos.

A Lei estatal prevé que esta comunicación, para o caso de que se produza nun extravío ou subtracción, deberá facerse nun máximo de 48 horas (art. 24.1.g. LPDBA), polo que a lei galega ha de entenderse derogada neste punto -pois impón a estatal máis celeridade na comunicación do extravío-.

A tenza de animais domésticos en recintos ou vivendas privadas queda condicionada, segundo o art. 21.2. LPBACG ás:

- Necesidades etolóxicas de cada especie e raza.
- Ao espazo.
- Ás circunstancias hixiénicas óptimas.
- Á adopción das axeitadas medidas de seguridade.

A tenza ou posesión de máis de cinco animais, maiores de tres meses, pertencentes á especie canina, estará sometida á obriga de comunicación previa á consellaría competente en materia de protección animal, de acordo co procedemento que se estableza regulamentariamente.

Non obstante, cando a xuízo das autoridades autonómicas competentes en materia de sanidade e benestar animal, a tenza destes animais poida comportar un risco sanitario ou se precisen condicións diferentes ás existentes para garantir o seu benestar e protección, deberá ser obxecto de autorización como establecemento de coleccións zoolóxicas particulares, consonte o establecido no artigo 10.

Esta disposición relativa ao deber de comunicación é aplicable tanto a cans de caza como de manexo de gando, sen que implique o deber de constitución de núcleo zoolóxico, agás decisión motivada da administración.

---

Por outra banda, o precepto indica que estas condicións legais se establecen “*sen prexuízo do disposto nas normas que constitúan o réxime interior das comunidades de veciños*”. A este respecto hai que facer dúas precisións: en primeiro lugar, a comunidade de propietarios dun inmovible de calquera tipo -edificio ou urbanización- non pode prohibir a unha persoa propietaria ter animais de compañía na súa vivenda, porque a Lei de Propiedade Horizontal só regula o uso de zonas comúns, e non da vivenda particular. O que si pode facer é restrinxir, mediante o correspondente acordo, o acceso ou uso de zonas comúns, como o ascensor ou o xardín. En segundo lugar, relacionado con isto, un contrato de alugueiro pode prohibir ao arrendatario a tenza de animais de compañía, pero esa prohibición non pode entenderse implícita, ten que estar recollida expresamente.

### 3.3.3.2. Recollida e acollemento dos animais vagabundos e extraviados.

Establece o art. 22 LPBACG que os concellos recollerán os animais domésticos vagabundos e extraviados que deambulen polo seu termo municipal e albergaranos en centros de recollida de animais abandonados ata que sexan retirados polos seus propietarios ou propietarias, sexan acollidos temporalmente ou adoptados, ou ben se lles dea outro destino autorizado segundo os supostos establecidos nesta lei.

Os concellos poderán recoller e acoller animais por solicitude das persoas propietarias deles, logo da xustificación por parte destas da imposibilidade da asunción das obrigas derivadas desta lei.

Excepcionalmente, en situacións de emerxencia que poidan comprometer o benestar dos animais, os cidadáns e as cidadás poderán realizar a recollida de xeito puntual e desinteresado dun animal vagabundo ou extraviado ata a súa entrega final ou posta á disposición do centro de recollida autorizado que a autoridade competente determine.

### 3.3.3.3. Abandono de animais domésticos.

Indica o art. 23 LPBACG que en caso de recollida de animal identificado ou persoa propietaria coñecida, o centro de recollida poñerá en coñecemento desta a entrada do animal nas súas instalacións, no prazo de corenta e oito horas desde a súa recollida.

Se transcorridos dous días desde a comunicación á súa persoa propietaria, esta non procede á retirada do animal, o centro notificaralle que dispón dun prazo máximo de dez días naturais, contados desde o día seguinte ao da devandita notificación, para a recuperación do animal, logo da satisfacción de todos os gastos, incluídos os veterinarios, derivados da súa recollida e estancia no centro e coa exhibición da licenza correspondente no suposto de se tratar dun animal potencialmente perigoso.

Ao transcorrer o prazo máximo de dez días naturais, contados desde o día seguinte ao da notificación ou da publicación, no suposto de notificación infrutuosa, sen se ter retirado o animal, este pasará a ter a consideración de animal abandonado, o que habilitará o concello para lle dar o destino que legalmente proceda.

Neste suposto, o centro de recollida deberá dar traslado dos feitos á consellaría competente en materia de protección animal para os efectos da apertura do correspondente expediente sancionador.

De o animal recollido non se atopar identificado e non ter dona ou dono coñecido, pasará a ter a consideración de animal abandonado. Se ao transcorrer dez días naturais desde a entrada no centro de recollida non é reclamado pola persoa propietaria, posuidora ou autorizada, logo da acreditación da propiedade ou posesión, o centro queda habilitado para lle dar o destino que legalmente proceda.



Os animais recollidos deberán ser necesariamente identificados para poder ser entregados ás persoas propietarias deles, segundo as obrigas establecidas para cada especie, facéndose cargo estas dos gastos derivados da dita actuación.

#### 3.3.3.4. Adopción dos animais domésticos abandonados.

Sinala o art. 24 LPBACG que o destino prioritario dos animais domésticos abandonados será a súa adopción. As administracións públicas implicadas e os centros de recollida poñerán en marcha medidas destinadas ao fomento da adopción responsable destes animais.

Sen prexuízo dos que se establezan regulamentariamente, deberanse cumprir os seguintes requisitos para a adopción:

- Que o animal doméstico que se vai adoptar teña a condición de abandonado.
- Que o animal doméstico proveña dun centro de recollida autorizado.
- Que o animal doméstico sexa declarado apto para a adopción polo veterinario ou pola veterinaria responsable do centro de recollida no que se encuentre. Os animais deben ser entregados en adopción identificados, vacinados, desparasitados e esterilizados segundo prescrición da veterinaria ou do veterinario responsable, co fin de garantir o seu correcto estado hixiénico-sanitario.
- A adopción deberá ser gratuíta, sen prexuízo de que o propio centro de recollida poida repercutir sobre quen o adopte os custos derivados dos tratamentos subministrados, da identificación e da esterilización, segundo proceda.

#### 3.3.3.5. Acollemento temporal de animais domésticos.

Cando non sexa posible a adopción ou cando concorran circunstancias que o aconsellen, o art. 25 LPBACG establece que o centro de recollida poderá entregar o animal abandonado, en réxime de acollemento temporal, a persoas físicas que poidan garantir o coidado, a atención e as condicións hixiénico-sanitarias que precise. En calquera caso, será necesario debe ser apto para a adopción e o acollemento estará condicionado á devolución inmediata do animal de aparecer unha persoa adoptante.

A persoa física que acolla temporalmente un animal neste réxime estará obrigada a comunicar ao centro que llo entrega calquera incidencia ao seu respecto.

Os domicilios en que se acollan temporalmente animais de compañía terán a consideración de fogares de acollida.

As persoas físicas que acollan temporalmente animais domésticos quedarán sometidas ás obrigas previstas nos artigos 7 e 21. As obrigas específicas das persoas propietarias incluídas no artigo 8 corresponderán ao centro que entrega o animal en acollemento temporal.

#### 3.3.3.6. Colonias felinas.

A LPDBA regula as colonias felinas (arts. 38-42) co obxecto do seu control poboacional e a súa redución progresiva, pois convén non esquecer que estas manadas poden provocar un grande dano ecosistémico no entorno urbano (pois cazan aves, anfibios, etc). No entanto, mantense a súa protección como animais de compañía.

Establece unha regulación subsidiaria das competencias atribuíbles aos Concellos (art. 39.1.) facéndoos colaboradores dos plans e finalidades da Lei e ordena o establecemento de plans de control poboacional de gatos comunitarios, que

comprenden mapeo e censo; programas de esterilización; programa sanitario da colonia e protocolos de xestión de conflitos veciñais. A nivel autonómico ordena en xeral o establecemento de criterios e formación para que os Concellos podan levar a cabo as funcións encomendadas.

Á cidadanía impónselle o deber de respecto ás colonias felinas con mención específica aos posuidores de cans (art. 41). a Lei establece unha serie de prohibicións coma o sacrificio ou retirada destes gatos (agás as excepcións da Lei), o confinamento dos gatos non socializados, o abandono de gatos en colonias, ou o seu aproveitamento cinexético.

A nivel autonómico, sinala o art. 26 LPBACG que os concellos poderán establecer lugares destinados a colonias felinas controladas, como un posible destino das comunidades de gatos sen propietario ou propietaria que vivan na rúa, sempre que as condicións do contorno o permitan, co fin da súa protección e control poboacional.

Os gatos integrantes destas colonias deberán ser capturados para a súa marcaxe, esterilización e control sanitario. A identificación realizarase a nome do concello, ao que lle compete a vixilancia e o control sanitario destas poboacións.

A respecto da xestión das colonias, a Lei estatal prevé que estas podan ser encomendadas a unha entidade tipo GCOF (entidades colaboradoras en xestión de colonias felinas de gatos comunitarios, art. 47 LPDBA). A lei non prohibe directamente alimentar os gatos comunitarios, polo que haberá que estar á normativa municipal, debéndose axustar en todo caso as persoas ao programa de xestión que no seu caso se aprobe (que si pode regular ou prohibir a alimentación da colonia polo particular).

3.3.4. Regulación dos núcleos zoolóxicos e os centros de cría. Réxime de compravenda.

Regúlanse na LPBACG nos seguintes termos, comenzando polas definicións.

O núcleo zoolóxico é un conxunto formado polo establecemento ou recinto de animais de compañía, tanto de titularidade pública coma privada, e a colección zoolóxica que alberga. (art. 4.16)

A colección zoolóxica é un conxunto de animais de compañía que habitan nun núcleo zoolóxico, de xeito permanente ou temporal.

3.3.4.1. Clasificación e rexistro dos núcleos zoolóxicos.

Indica o art. 10 LPBACG que os núcleos zoolóxicos serán obxecto de autorización ou de comunicación previa ao inicio da súa actividade, de acordo co establecido nesta lei. A autorización ou presentación da comunicación de inicio da actividade, segundo os casos, supoñerá a inscrición de oficio do establecemento no Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos (en diante, REGANUZ).

Actualmente, a normativa que desenvolve o relativo aos núcleos zoolóxicos atópase recollida no Decreto 153/1998, do 2 de abril (DOG nº 107, 5/6/1998) e que seguirá en vigor en tanto non se opoña á lei galega de 2017 e en tanto non se desenvolvan as súas disposicións plenamente (DDU.2); no Decreto 111/2010, de 24 de xuño (DOG 130, de 9 de xullo 2010, e na Orde do 13 de xullo de 2010 (DOG 136, 19 de xuño 2010).

---

O procedemento para a autorización do núcleo zoolóxico debe estar resolto nun prazo máximo de seis meses, rexendo o silencio negativo no seu caso. (DA 1ª e 2ª).

Serán obxecto de autorización e inscrición no REGANUZ, entre outros, os seguintes tipos de establecementos ou recintos de núcleos zoolóxicos:

- Os establecementos ou recintos de coleccións zoolóxicas particulares (incluída a tenza de máis de cinco cans (incluídos os de caza e manexo), se o esixiu previa e motivadamente a administración pública).
- Os centros de cría.
- Os establecementos de venda de animais.
- As residencias de animais.

Serán obxecto de comunicación previa ao inicio da súa actividade os establecementos veterinarios e os centros dedicados á hixiene e ao coidado estético dos animais.

#### 3.3.4.2. Requisitos e obrigas dos núcleos zoolóxicos.

Dispón o art. 10.4. LPBACG que os núcleos zoolóxicos deberán cumprir os seguintes requisitos mínimos e obrigas:

- Dispoñer de boas condicións hixiénico-sanitarias e ambientais, así como de espazos e locais adecuados ás condicións fisiolóxicas e etolóxicas dos animais que alberguen.
- Dispoñer de rexistros de entrada e saída de animais, segundo os casos, nas condicións e co contido que regulamentariamente se estableza. Como mínimo deberase recoller nestes rexistros: a data de entrada do animal; a procedencia ou orixe; a especie, a raza e, se é o caso, a identificación individual; as incidencias sanitarias, a data e a causa da baixa e o destino.
- Adoptar as medidas necesarias para evitar os contaxios entre os animais que alberguen e dispoñer das medidas para evitar que os animais poidan escapar.
- Os establecementos que fagan entrega de animais mediante venda débena facer coas debidas garantías sanitarias, libres de toda doenza, acreditándoo coa documentación que regulamentariamente se determine.
- Será obrigatoria a subministración ás consellarías competentes en materia de protección e sanidade animal de toda a información de carácter zoosanitario ou calquera outra relacionada co cumprimento desta lei e da restante normativa vixente que lles sexa solicitada.

#### 3.3.4.3. Réxime legal da cría e venda de animais de compañía.

A LPDBA establece no art. 52 que só cabe a cría e transmisión de animais incluídos na listaxe positiva de animais de compañía, engadindo que no caso de cans, a persoa criadora deberá acreditar a formación para tenza prevista legalmente, e estar previamente rexistrado no Rexistro de Criadores de animais de compañía, o que lle conferirá a adquisición oficial da condición e autorización de desenvolvemento da actividade (art. 54)

A actividade de cría deberá estar previamente rexistrada, incluso se se fai de forma puntual e non comercial (art. 53) e posuír a correspondente formación previa en función da categoría de cría.

A venda en concreto de cans, gatos e furóns só poderá realizarse directamente dende a persoa criadora rexistrada, sen a intervención de intermediarios (art. 55.1. LPDBA), o que en sentido contrario significa que o resto de animais de compañía pode venderse por un terceiro non criador (p.ex. coellos, cobaias, réptiles, roedores, peixes e tartarugas).

En todo caso, a compravenda deberá formalizarse por escrito, cun contido mínimo que se establecerá regulamentariamente, e deberá comunicarse ao Rexistro nos tres días posteriores á venda (art. 55.2. e 6. LPDBA).

A entrega dos animais debe facerse en bo estado sanitario e cos tratamentos obrigatorios por idade e especie, sen prexuízo dos requisitos do CC, estudados no Apartado 2.2.6 desta obra.

Impónse unha idade mínima de dous meses para a venda de cans e gatos dende o núcleo zoolóxico de nacemento (art. 55.7 LPDBA). O art. 13.8. LPBACG sinala que as crías de cans e gatos non poderán separarse das súas nais antes das dez semanas de vida, co fin de evitar problemas de saúde ou comportamento. Neste sentido deberanse tomar as medidas necesarias para acadar a socialización dos cachorros con anterioridade á súa transmisión. Se o can ou gato cambiou de núcleo zoolóxico dende o seu nacemento antes da venda, non poderá venderse antes dos catro meses (art. 55.7. *in fine* LPDBA).

A Lei prohibe a venda de animais non identificados e inscritos previamente a nome do vendedor (art. 55.4.). Antes da formalización, o vendedor deberá informar por escrito á persoa que o recibirá das características fundamentais do animal transmitido, incluídas as necesidades de coidado e manexo, atención veterinaria e responsabilidades que adquire o comprador/a.

A venda en tenda física deberá ter separada as zonas de paso e instalacións de animais (art. 56), de forma que restrinja ao público o acceso a estes, cos que só terán contacto directo baixo a supervisión directa do persoal do establecemento.

A Lei prohibe a cesión ou adopción de animais de compañía non identificados (art. 58 LPDBA) que en todo caso deberán ter unha idade mínima de oito semanas para cans, gatos e furóns e ambas figuras deben ir acompañadas do seu correspondente contrato por escrito, e deberán ser gratuítas, sen prexuízo do aboamento de compensación de gastos veterinarios.

A nivel galego, establece o art. 13 LPBACG que a cría con fins comerciais de animais de compañía só poderá efectuarse en establecementos debidamente autorizados e inscritos como centros de cría no REGANUZ. Estes centros deberán ter o seu número de inscrición nun lugar visible.

O precepto prohibe a compra, a venda, a cesión ou a doazón ambulante de animais de compañía.

Igualmente por esta Lei queda prohibida a venda, cesión ou doazón de animais de compañía ás persoas menores de dezaseis anos ou ás incapacitadas, agás que contén con autorización expresa de quen teña a súa patria potestade, tutela ou custodia, e de conformidade, se é o caso, coa sentenza de incapacitación.

A Lei impón unha serie de obrigas aos centros de cría e os establecementos de venda de animais:

- Non poderán efectuar vendas ou cesións de animais de compañía a laboratorios ou outros establecementos con destino a labores de experimentación sen a correspondente autorización.
- Os centros radicados en Galicia que oferten a venda de animais por calquera medio de comunicación, revistas ou publicacións, anuncios na rúa ou en establecementos ou edificios públicos, redes sociais ou calquera outro medio a través da internet terán que incluír na súa publicidade ou anuncio o número de inscrición no REGANUZ.
- Entregarán a quen compre un animal, en papel ou en formato electrónico, toda a información precisa sobre a súa orixe, a identificación no caso en que sexa obrigatoria, as características, os tratamentos sanitarios aplicados ao animal no establecemento, os cuidados e o manexo.
- Non poderán exhibir nos escaparates ou nas zonas expostas á vía pública os animais de compañía a modo de reclamo comercial.
- Entregarán os animais en bo estado de saúde, certificado por unha ou un profesional veterinario, e identificados, no caso de que esta identificación sexa obrigatoria.
- Deberán contar con persoal suficiente e coa formación necesaria para o manexo e a atención dos animais aloxados nestes.

3.3.4.4. A prohibición de venda “*on line*” e os anuncios de venda de animais de compañía.

A Lei estatal prohíbe venda directa por internet de animais de compañía, aínda que non a súa publicidade. Neste caso, o anuncio neste ou calquera outro medio de difusión deberá incluír o número de rexistro do criador ou o núcleo zoolóxico así como o de identificación do animal. As plataformas deberán verificar a veracidade dos datos consignados polo vendedor (art. 57).

A venda por internet prohibida referida na LPDBA é unha modalidade de contrato de consumo (cando o comprador é o destinatario final do animal, o que debe suceder sempre en caso de cans, gatos e furóns) celebrado a distancia, que aparece definido no Real Decreto Lexislativo 1/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral para a Defensa dos Consumidores e Usuarios e outras leis complementarias (TRLDCU). O seu art. 92.1 define estes contratos como celebrados “*cos consumidores e usuarios (..) sen a presenza física simultánea do empresario e do consumidor e usuario, e no que se utilizaron exclusivamente unha ou máis técnicas de comunicación a distancia ata o momento da celebración do contrato e na propia celebración do mesmo*”. Especifica a Lei que “*entre outras, teñen a consideración de técnicas de comunicación a distancia: o correo postal, Internet, o teléfono ou o fax*.” Pola súa banda, a Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico precisa no seu Anexo “h” a definición de “Contrato celebrado por vía electrónica” ou “contrato electrónico” como “*todo contrato no que a oferta e a aceptación transmítense por medio de equipos electrónicos de tratamento e almacenamento de datos, conectados a unha rede de telecomunicacións*”. O seu art. 23.1 indica que “*os contratos celebrados por vía electrónica producirán todos os efectos previstos polo ordenamento xurídico, cando concorran o consentimento e os demais requisitos necesarios para a súa validez*.”

Con este contexto normativo establecido pola lexislación de consumo, cabe facer as seguintes consideracións:

- A compravenda de animais de compañía está excepciónada do réxime xeral de compravenda de consumo na súa modalidade a distancia por constituír un obstáculo á licitude do obxecto do contrato, que é un requisito de validez do mesmo (art.1261 e 1271 e ss. CC).
- A interdición desta compravenda a distancia implica a necesidade de entrega física directamente do vendedor ao consumidor final, que será quen se vaia responsabilizar do animal de compañía.
- A articulación deste sistema coñece unha importante excepción no art. 60 LPDBA, relativa a transporte de animais de compañía no marco dunha relación económica ou comercial, que basicamente responsabiliza ao transportista do coidado do animal ata a chegada ao destino, compromiso que se estende no tempo se ao chegar ao destino non hai ninguén que se faga cargo do animal ou se sucede calquera incidencia no transporte. Así, o art. 60.3. LPDBA prevé que *“cando se transporten animais de compañía en relación cunha actividade económica ou profesional e os mesmos non vaian acompañados polo seu propietario, o condutor ou condutora ou a persoa coidadora deberá dispoñer da documentación que acredite que aquel se fará cargo en destino do animal. Se, a pesar diso, o animal non é recibido en destino ou non se pode continuar a viaxe por calquera motivo, será obrigación do transportista ou da persoa que asumise a responsabilidade sobre o animal, tomar as medidas adecuadas para garantir o debido coidado do animal.”*.

Precisamente para apuntalar este réxime de especial responsabilidade do transportista, a Lei prohibe o envío de animais vivos por correo, mensaxería ou similares, excepto o transporte de animais realizado polas entidades dedicadas ao transporte profesional de animais, que garantan o seu coidado durante o desprazamento, coa excepción adicional do transporte en contedores herméticos, nos termos dispostos na lei.

Cabe preguntarse se este réxime de transporte non acompañado polo propietario ou coidador do animal (e confiado ao transportista), dispensa ao comprador de comparecer fisicamente no lugar de venda. Para responder esta cuestión debemos atender á finalidade da prohibición, que será dobre: asegurar o benestar do animal, e instrumental a este fin, non romper nunca a cadea de custodia para determinar sempre e con claridade quen debe responder dos coidados en cada momento. Sendo isto así, non vemos obstáculo a que o deseñado no art. 60.3. LPDBA se configure como unha especie do xénero de pago da débeda feito a un terceiro, permitido no art. 1162 CC, que indica que *“o pago deberá facerse á persoa en cuxo favor estivese constituída a obrigación, ou a outra autorizada para recibila no seu nome”*.

A diferenza co contrato a distancia radica en que neste caso comparece unha persoa fisicamente no lugar da venda, que recibe o animal con autorización do comprador, e que en consecuencia se responsabiliza directa e persoalmente do seu coidado ata a entrega ao novo propietario. Internamente, entre transportista e comprador estableceríase unha relación asimilada ao contrato de mandato.

Na nosa opinión, a regulación neste apartado é confusa e cumpriría dunha banda a unificación da regulación da venda, coa determinación no seu caso da regra e das excepcións á comparecencia física das partes contratantes; e doutra banda a necesaria acomodación da lexislación de consumo ao réxime especial dos animais de compañía.

### 3.3.5. Esterilización obrigatoria de animais de compañía.

Aínda que se levan enunciado ao longo da exposición, parece oportuno sintetizar os supostos de esterilización obrigatoria previstos na lexislación dos animais de compañía.

É obrigatoria a esterilización cirúrxica de todos os gatos antes dos seis meses de idade salvo aqueles rexistrados no rexistro de identificación como reprodutores e a nome dun criador rexistrado no Rexistro de Criadores de Animais de Compañía (art. 26.i. LPDBA).

Os gatos das colonias felinas deberán ser capturados para a súa esterilización (art. 26.2. LPBACG e 38.2. LPDBA).

É obrigatoria a esterilización dos cans de asistencia segundo a súa normativa específica, así como dos cans que se manteñan en polígonos industriais e obras (art. 21.1.a. LPBACG).

No caso de animais potencialmente perigosos (a lei galega non o restrinxe só a cans), o art. 19.1. LPBACG obriga á súa esterilización en caso de resolución administrativa ou xudicial. O apartado 3 difire a desenvolvemento regulamentario o procedemento administrativo para acordar a esterilización obrigatoria, constringido a aqueles supostos de reiteradas agresións ás persoas ou danos a outros animais.

Non se poderá dar en adopción un animal doméstico abandonado sen a súa esterilización previa (art. 24.1.c. LPBACG), nin sequera en acollida temporal (art. 25.1.). No caso de cans, gatos e furóns indícase que se no momento de seren dados en adopción non acadasen a idade mínima -a criterio veterinario- para a cirurxía de esterilización, só poderán ser adoptados coa subscripción do compromiso de facelo no momento oportuno (art. 23.1.a., 44.c. e 58.8. LPDBA).

### 3.3.6. Sacrificio e eutanasia.

Segundo os arts. 27.a) LPDBA e 15 LPBACG, a eutanasia dos animais será prescrita e realizada por unha ou un facultativo veterinario (colexiado ou pertencente a unha administración pública), de forma rápida e indolora, coa aplicación de sedación cando o manexo do animal poida supoñer un estrés ou sufrimento adicional, e efectuada con métodos que garantan a condición humanitaria, que impliquen o mínimo sufrimento e provoquen unha perda de consciencia inmediata.

As consellarías competentes en materia de protección e sanidade animal poderán establecer excepcións aos métodos de eutanasia en situacións de emerxencia e/ou perigosidade debidamente xustificadas (en realidade aquí é sacrificio).

Cando sexa preciso o emprego de armas de fogo, e non exista outro método alternativo, estas deberán ser empregadas polas forzas ou corpos de seguridade ou por persoal expresamente autorizado polas ditas consellarías, logo da valoración da situación e dos riscos que implica, e actuando segundo a normativa específica aplicable.

O art. 27.a. LPDBA establece como regra xeral a prohibición do sacrificio dos animais de compañía, establecendo no propio enunciado unha primeira excepción: motivos de seguridade das persoas ou animais ou da existencia de risco para a saúde pública debidamente xustificadas pola autoridade competente. Esta primeira excepción é aplicable sempre e en todo caso.

---

En segundo lugar (parágrafo 2), a Lei delimita lugares e causas concretas onde non cabe o sacrificio, pero á súa vez establece unha serie de excepcións.

Os lugares que quedan dentro do ámbito de aplicación da prohibición son os centros de protección animal (públicos ou privados), clínicas veterinarias e núcleos zoolóxicos en xeral. A estes centros indícaselles que está expresamente prohibido o sacrificio por razóns económicas, de superpoboación, carencia de prazas, imposibilidade de atopar un adoptante nun prazo determinado, abandono do responsable legal, vellez, enfermidade ou lesión con posibilidade de tratamento (xa sexa paliativo ou curativo) por problemas de comportamento que podan ser reconducidos, así como por calquera outra causa asimilable ás anteriores.

Como excepción á prohibición anterior, o parágrafo 3 do art. 27.a. LPDBA indica que o sacrificio (que agora adopta o nome de *eutanasia*, en atención a que é o benestar animal o centro da decisión) soamente estará xustificada co único fin de evitar o sufrimento por causas non recuperables que comprometa seriamente a calidade de vida do animal.

Dado que o parágrafo 3 excepcióna ao 2, cabe inferir, en relación ao suposto de enfermidade ou lesión con posibilidade de tratamento paliativo (non curativo), que se o mantemento nesta situación provoca unha sorte de encarnizamento terapéutico, cabe a práctica eutanásica, ao se tratar dunha causa non recuperable que compromete seriamente a calidade de vida do animal. O acento debe poñerse aquí na afectación á calidade de vida, non só ao feito de que poda seguir sobrevivindo permanentemente con analxesia, senón atendendo á limitación na que se encontra con respecto á súa etoloxía natural.

En canto á interpretación do que deba considerarse posibilidade de tratamento curativo, hai que abordar a cuestión do punto de vista veterinario (posibilidade clínica de tratamento curativo) e económico, pois un tratamento que en relación a un animal en concreto teña un custo notoriamente inasumible para o seu titular ou para a institución debe equivaler á súa imposibilidade de tratamento, e de facto significará situar ao animal na situación de *causa non recuperable*. Neste sentido cómpre indicar que o deber de coidado non pode ser interpretado no sentido de sobordar uns límites económicos notoriamente fóra do alcance do seu coidador, o cal non o fai negligente no seu deber, pero a dilixencia debida no coidado ten un límite, cando escapa ao control, neste caso económico, do seu responsable. Situados neste escenario, cumprirá determinar se esa causa de facto non recuperable lle causa sufrimento non tratable ou compromete seriamente a súa calidade de vida, casos nos que entendemos que tamén quedaría aberta a porta á eutanasia.

En calquera caso, a apreciación destas circunstancias ha de sela baixo criterio e control acreditado e certificado por profesional veterinario colexiado.

A Lei galega, nun ámbito máis limitado, no art. 15.4. LPBACG indica que non se poderá dar morte aos animais acollidos nun centro de recollida ou fogar de acollida temporal, con independencia do tempo transcorrido desde a súa entrada.

Exceptúanse da prohibición establecida no punto anterior os supostos de eutanasia do animal debidamente motivados por escrito por unha ou un profesional veterinario:

- Co fin de lle evitar un sufrimento grave e irremediable.
  - Unha afección grave.
-



- Por razóns motivadas de sanidade ou benestar animal, de saúde pública, de seguridade das persoas ou ambientais.

A lei galega resulta máis xenérica que a estatal no tocante á delimitación das excepcións, nas que o lexislador estatal talvez obrou con demasiado celo, e por iso máis doada de interpretar en relación ás hipóteses enriba formuladas. Ao ser a estatal máis restritiva, haberá de deixarse inaplicada a galega en caso de entraren en contradición.

Cabe finalmente preguntarse a quen corresponde en cada caso concreto a cualificación da situación de perigo dun animal para a seguridade das persoas. A Lei galega atribúe no caso da “perigosidade” prevista no art. 15.3. LPBACG á consellería competente en materia de protección e benestar animal, aínda que o precepto parece referirse á autorización para a excepción máis que a descrición da perigosidade, que ha ser en todo caso xustificada. No contexto da Lei galega, o art. 15.1. fala da “prescrición” a cargo dun facultativo/a veterinario/a, é dicir, non só a realización, senón a descrición da relación causal entre estado e decisión eutanásica (en realidade neste caso, sacrificio) debe ser feita por un profesional desta natureza. No mesmo sentido se faculta aos/ás profesionais veterinarios/as a motivación da excepción do apartado 5, que tamén comprende situacións de valoración de risco para a seguridade das persoas. Dado que a Lei non distingue valoracións que teñen que ver coa fisioloxía (estado físico do animal) ou coa etoloxía (comportamento perigoso) e todos os atribúe ao corpo veterinario, a este ha de corresponder realizar as correspondentes valoracións neste sentido, habilitantes tanto do sacrificio como da eutanasia.

No caso da Lei estatal, o art. 27.a. LPDBA atribúe xenericamente ás autoridades competentes a valoración do risco para a seguridade das persoas como habilitante do sacrificio do animal. Isto non obstante, cando no parágrafo 3 se excepcionan as prohibicións do parágrafo 2, entre as que se atopa a de “comportamento que poda ser reconducido”, a valoración da reconducibilidade do carácter a lei atribúella a profesional veterinario colexiado.

En consecuencia, tanto na lei estatal como na galega, a valoración de risco para a seguridade das persoas en función do comportamento do animal ha de ser valorada unicamente por unha persoa profesional veterinaria.

### 3.3.7. Réxime da tenza dos animais especialmente perigosos.

#### 3.3.7.1. Definicións.

Considéranse animais potencialmente perigosos aqueles animais de compañía pertencentes tanto á fauna autóctona coma alóctona que, con independencia da súa condición, natureza, especie ou raza á que pertencen, poidan causar a morte ou provocar lesións ás persoas ou a outros animais, ou producir danos de certa entidade ás cousas, excepto o suposto previsto no artigo 1.2 da Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos (art. 16.1. LPCBACG)

En todo caso, entenderase por cans potencialmente perigosos aqueles nos que concorran calquera das condicións seguintes:

- Cans que polas súas características raciais poidan ser aptos para o adestramento para a garda e defensa.

---

- Cans que foron adestrados para a garda e defensa.
- Cans que tiveron algún episodio de agresións a persoas ou ataques de certa entidade a animais ou ás cousas, ou aqueles que manifesten un carácter marcadamente agresivo. Nestes casos, a potencial perigosidade deberá ser apreciada pola autoridade competente municipal, de oficio ou despois de notificación ou denuncia, atendendo criterios obxectivos e logo do informe dunha ou dun profesional veterinario designado para o efecto.

#### 3.3.7.2. Requisitos para a tenza.

A tenza e a custodia dos animais potencialmente perigosos requirirán (art. 17 LPCBACG):

- A obtención previa da licenza administrativa outorgada polo concello.
- Un seguro de responsabilidade civil.
- Inscripción no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos no prazo de quince días desde a obtención da licenza municipal para a tenza.
- Instalacións apropiadas que eviten a fuxida destes animais ou o contacto con eles, respectando de todos os modos a súa protección e benestar (art. 20).

#### 3.3.7.3. Responsabilidades e obrigas específicas:

Indica o art. 18 LPBACG que quen teña en propiedade ou posúa un animal potencialmente perigoso que agrida persoas ou outros animais causándolles feridas de mordedura será responsable de que o animal sexa sometido a recoñecemento dunha veterinaria ou dun veterinario en exercicio libre da profesión en dúas ocasións dentro dos quince días seguintes á agresión. Neste recoñecemento o veterinario ou a veterinaria responsable emitirá un certificado no que conste se o animal presenta ou non síntomas de doenza infecto-contaxiosa, que comunicará ás autoridades competentes en sanidade animal no caso de sospeita.

Os cans potencialmente perigosos terán que circular, nas vías públicas e nos lugares e espazos de uso público en xeral, atados con correa non extensible de menos de dous metros de longo, provistos da correspondente buceira homologada e axeitada para a súa raza.

Cando as circunstancias así o aconsellen poderanse establecer excepcións ao cumprimento de determinadas obrigas das persoas propietarias de animais potencialmente perigosos no caso de:

- Organismos públicos ou privados que utilicen estes animais cunha función social.
- Explotacións agrarias que utilicen cans de garda, defensa e manexo de gando, así como actividades de carácter cinético, sen que estes poidan dedicarse en ningún caso ás actividades ilícitas recollidas nesta lei.
- Probas de traballo e deportivas, co fin de seleccionar exemplares que participen nestas e que estean autorizadas e supervisadas pola autoridade autonómica competente.

#### 3.3.7.4. Esterilización forzosa de animais potencialmente perigosos.

Segundo o art. 19 LPCBACG, a esterilización dos animais potencialmente perigosos, ademais de se poder facer por vontade das persoas propietarias, realizarase obrigatoriamente por mandato ou resolución das autoridades administrativas ou xudiciais.

Os propietarios e as propietarias deste tipo de animais deberán comunicar ao Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía (Regiac) a súa castración ou esterilización.

#### 3.3.8. Réxime especial de animais silvestres mantidos en cativeiro.

##### 3.3.8.1. Definición de animal silvestre en cativeiro.

A LPDBA define no seu art. 4.c) o animal silvestre como *“todo aquel que forma parte do conxunto de especies, subespecies e poboacións de fauna cuxo xeno/fenotipo non se viu afectado pola selección humana, independentemente da súa orixe, natural ou introducido, incluíndo exemplares de especies autóctonas e alóctonas, xa se atopen en cativeiro ou libres no medio natural”*. Non se considerarán animais silvestres os animais domésticos de compañía, aínda no caso de que volvesen a un estado asilvestrado.

Se a lei estatal dá unha definición negativa baseada na ausencia de selección xenética da especie pola interacción humana, a LPBACG dá unha definición positiva baseada no estado natural da especie, indicando no art. 4.6. que son animais silvestres *“o conxunto de especies, subespecies, poboación e individuos animais que viven e se reproducen de forma natural en estado silvestre”*, incluídos os que se encontran en invernada ou están de paso, con independencia do seu carácter autóctono ou alóctono e da posibilidade do seu aproveitamento cinexético.

A lei galega amplía as exclusións desta categoría precisando que non se entenderán comprendidos os animais das devanditas especies que teñan o carácter de domésticos, os criados con fins produtivos ou de aproveitamento deles ou das súas producións ou cultivos e mais os de experimentación ou investigación científica coa debida autorización.

A continuación, a norma define o animal silvestre en cativeiro como todo aquel animal silvestre cuxo xeno/fenotipo non se viu significativamente alterado pola selección humana e que é mantido en cativeiro polo ser humano. Pode ser animal de compañía se se inclúe na listaxe positiva de animais de compañía, pola contra, será considerado para os efectos desta lei como silvestre en cativeiro, sen prexuízo da suxeición dos animais silvestres de produción á Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais, na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio.

A Lei galega limítase a definir negativamente os animais silvestres en cativeiro como animais de compañía distintos dos domésticos.

Os arts. 31 e 32 LPDBA e 27 e 28 LPBACG regulan o réxime dos animais silvestres en cativeiro, non en estado salvaxe, que son obxecto de protección na súa normativa específica. Estas disposicións non serán de aplicación aos animais silvestres en cativeiro incluídos na listaxe positiva de animais de compañía.

### 3.3.8.2. Condicións específicas de tenza, cría e comercio.

O art. 32 LPDBA comeza por prohibir a tenza, cría e comercio destes animais fóra dos supostos admitidos pola lei, aos que engade dúas excepcións:

- A tenza, o intercambio e a cría en cativeiro en parques zoolóxicos ou similares no marco de programas de conservación da fauna silvestre e no marco de programas de conservación de especies ameazadas nos que participen as administracións competentes.
- Nos casos de imposibilidade de conservación no seu propio hábitat desas especies.

A listaxe de animais exceptuados determinarase regulamentariamente e a norma prevé que no caso de infracción se adoptarán as medidas precisas para a súa intervención e posta ao dispor de centros de protección de animais silvestres, zoolóxicos ou entidades de protección animal.

No caso das especies de cetáceos, a cría e mantemento en cativeiro estará limitada a finalidades de investigación e conservación. O seu uso en espectáculos só poderá realizarse baixo supervisión dos seus coidadores e profesionais relacionados.

### 3.3.8.3. Normas xerais de custodia.

O art. 27 LPBACG establece que ademais do réxime xeral de obrigas da Lei, débense cumprir as seguintes prescricións:

- Deberase acreditar a orixe legal do animal silvestre, de acordo co estipulado na normativa sanitaria, de comercio e de conservación da natureza e na demais normativa que resulte aplicable, segundo os casos.
- Para a tenza en cativeiro de exemplares de animais silvestres pertencentes a especies autóctonas, incluídas as declaradas como especies cinexéticas, será preceptiva a autorización expresa da consellaría competente en materia de protección animal.
- Será obrigatoria a identificación individual mediante microchip ou anel identificativo destes animais, segundo o procedemento que se estableza regulamentariamente.
- No caso de tenza de exemplares de animais silvestres pertencentes a especies declaradas como exóticas invasoras, serán aplicables os requisitos establecidos na súa normativa reguladora específica.

Resúltalles de aplicación o réxime de acollemento, abandono e adopción a todos os exemplares de especies silvestres mantidos en cativeiro. Exceptúanse os exemplares de especies silvestres:

- Acolliadas nun réxime de protección especial.
- As especies cinexéticas.
- As especies declaradas como exóticas invasoras.
- As demais que teñan réximes específicos.

#### 3.3.8.4. Aves de rapina en cativeiro.

O art. 28 LPBACG indica que a tenza de aves de rapina en cativeiro requirirá obter previamente a autorización administrativa outorgada pola consellaría competente en materia de protección animal.

Todos aqueles exemplares de aves de rapina que dispoñan da autorización deberán estar identificados individualmente con microchip ou anel e inscribirse na sección correspondente do Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía.

A cría en cativeiro de aves de rapina só se poderá levar a cabo en establecementos de cría de animais autorizados consonte o establecido no artigo 10 da lei.

### **3.4. Obrigas específicas de coidado dos animais empregados para experimentación, docencia e outros fins científicos.**

#### 3.4.1. Ámbito de aplicación e principios xerais de substitución, redución e refinamento.

O Real Decreto 53/2013, do 1 de febreiro establece as normas básicas aplicables para a protección dos animais utilizados en experimentación e outros fins científicos, incluíndo a docencia e aplícase (art. 2.1.) *“cando se utilicen ou se teña previsto utilizar animais en procedementos ou cando se críen animais especificamente para que os seus órganos ou tecidos poidan utilizarse con fins científicos”*, e inclúe

- Animais vertebrados non humanos vivos, incluídos: as larvas autónomas para a súa alimentación, e os fetos de mamíferos a partir do último terzo do seu desenvolvemento normal.

- Cefalópodos vivos.

O RD establece uns principios de substitución, redución e refinamento (art. 4) indicándose que:

- Utilizaranse sempre que sexa posible, en lugar dun procedemento, métodos ou estratexias de ensaio cientificamente satisfactorios que non impliquen a utilización de animais vivos (substitución).

- O número de animais utilizados reducirase ao mínimo sempre que iso non comprometa os obxectivos do proxecto (redución).

- As actividades relacionadas coa cría, o aloxamento e os coidados, así como os métodos utilizados en procedementos, refínanse tanto como sexa posible para eliminar ou reducir ao mínimo calquera posible dor, sufrimento, angustia ou dano duradeiro aos animais (refinamento).

#### 3.4.2. Finalidade dos procedementos. (art. 5)

Segundo o art. 5 RD estes estarán constringidos a:

- Investigación fundamental.

- Investigación traslacional ou aplicada, e os métodos científicos con calquera das finalidades seguintes:

a) A prevención, profilaxe, diagnóstico ou tratamento de enfermidades, mala saúde ou outras anomalías ou os seus efectos nos seres humanos, os animais ou as plantas.

---

b) A avaliación, detección, regulación ou modificación das condicións fisiolóxicas nos seres humanos, os animais ou as plantas.

c) O benestar dos animais, en particular a mellora das condicións de produción dos animais criados con fins agropecuarios.

- O desenvolvemento e a fabricación de produtos farmacéuticos, alimentos, pensos e outras substancias ou produtos, así como a realización de probas para comprobar a súa calidade, eficacia e seguridade, con calquera das finalidades indicadas na letra b).

- A protección do medio natural en interese da saúde ou o benestar dos seres humanos ou os animais.

- A investigación dirixida á conservación das especies.

- O ensino superior ou a formación para a adquisición ou mellora das aptitudes profesionais.

- A medicina legal e forense.

#### 3.4.3. Condicións xerais de aloxamento e coidado dos animais.

Segundo o art. 6.1. RD, os criadores, subministradores e usuarios deberán cumprir os seguintes requisitos en relación co coidado xeral e aloxamento dos animais:

- Proporcionarlles o aloxamento, contorna, alimentos, auga e coidados que sexan adecuados á súa especie, condicións fisiolóxicas e estado sanitario e que garantan o seu adecuado estado xeral.

- Reducir no posible calquera restrición que impida ou limite as posibilidades dos animais de satisfacer as súas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas.

- Verificar a diario as condicións ambientais nas que se críen, manteñan ou utilicen os animais.

- Dispoñer de medios que garantan a eliminación no prazo máis breve posible de calquera deficiencia que poida provocar sufrimento, dor, angustia ou dano duradeiro evitables que se descubra.

- Deixar constancia escrita das normas de traballo e instrucións de uso de todos os elementos.

- Dispoñer por escrito un plan de actuación en caso de emerxencia ou catástrofe, que contemplará medidas en relación cos animais aloxados, que poderá estar integrado con outros plans do establecemento e que reflectirá a adecuada coordinación co resto de plans de emerxencia do centro de traballo.

#### 3.4.4. Métodos de eutanasia.

Indica o art. 7.1. RD que a eutanasia dos animais realizarase:

- Coa menor dor, sufrimento e angustia posibles.

- Por unha persoa capacitada.

- Nun establecemento dun criador, subministrador ou usuario, salvo que se trate dun estudo de campo ou que sexa aplicable o previsto no apartado 1. b) do anexo III, que

entre outros extremos prevé o sacrificio dun animal en determinadas situacións de emerxencia.

#### 3.4.5. Requisitos adicionais para cans, gatos e primates.

Segundo o art. 13 RD, os cans, gatos e primates deberán dispoñer, preferiblemente antes do seu destete, dunha marca identificativa, individual e permanente, realizada de forma que se lles cause a menor dor posible.

Os criadores, subministradores e usuarios deben conservar, sobre cada can, gato e primate, os datos seguintes:

- Identidade.
- Lugar e data de nacemento, cando se coñezan.
- Se foi criado para utilizalo en procedementos.
- No caso dos primates, se son descendentes de primates criados en catividade.

En relación aos Animais utilizados en procedementos, establécense limitacións de uso, de xeito que os do Anexo I só poderán utilizarse en procedementos cando fosen criados a tal fin (art. 19 RD), coas excepcións previstas no artigo.

Prohíbese o emprego de especies ameazadas (art. 20 RD) agás excepcións relativas aos fins e que se xustifiquen cientificamente que a finalidade do procedemento non pode conseguirse utilizando animais doutras especies.

En canto aos primates, o art. 21 establece limitacións moi estritas que nalgún caso roza a prohibición absoluta, como no caso das especies *Gorilla gorilla* (gorila), *Pan troglodytes* (chimpancé), *Pan paniscus* ( bonobo ou "chimpancé pigmeo") e *Poño pygmaeus* (orangután).

#### 3.4.6. Restricións ao emprego de animais capturados na natureza.

Segundo o art. 22, non se utilizarán en procedementos animais capturados na natureza, salvo autorización expresa do órgano competente, que poderá concedela previa xustificación científica de que a finalidade do procedemento non pode alcanzarse utilizando animais criados para a súa utilización en procedementos.

#### 3.4.7. Restricións ao emprego de animais asilvestrados e animais vagabundos de especies domésticas.

Indica o art. 23 RD que non se utilizarán en procedementos animais asilvestrados nin animais vagabundos de especies domésticas, agás que se cumpran as seguintes condicións:

- Existencia dunha necesidade esencial de realizar estudos relacionados coa saúde e benestar destes animais ou con ameazas graves para o medio ambiente ou para a saúde humana ou animal, e
  - Xustificación científica de que a finalidade do procedemento unicamente pode conseguirse utilizando animais vagabundos ou animais asilvestrados.
-

3.4.8. Especialidades dos procedementos aos que son sometidos os animais de experimentación.

3.4.8.1. Elección de métodos.

Establécese unha estratexia de elección dos métodos (art. 24), evitando o uso de animais vivos se é posible e de non selo, escollendo o de menor impacto, conforme os criterios que ofrece a propia Lei.

3.4.8.2. Condicións xerais dos procedementos.

Recóllense no art. 25, e sintetízanse nos seguintes:

- Reutilizaranse os datos no eido da UE cando sexa viable, antes de duplicar experimentos;
- Realizaranse de forma que se evite aos animais calquera dor, sufrimento, angustia ou dano duradeiro que sexan innecesarios.
- Acadada a finalidade do procedemento tomaranse as medidas adecuadas para minimizar o sufrimento do animal.
- Evitarase a morte como criterio de punto final dun procedemento, substituíndose por un criterio de finalización máis humanitario. No caso de que non poida evitarse, o procedemento estará concibido de tal maneira que morra o menor número de animais posible e que se reduzan ao mínimo posible a duración e intensidade do sufrimento do animal e, na medida do posible, se garanta unha morte sen dor.
- O RD regula as características que deben cumprir os proxectos nos que se experimente con animais (arts. 31 a 36).
- Para cumprir os fins do RD, cada criador, subministrador e usuario establecerá órgano encargado do benestar dos animais -OEBA- (art. 37).

3.4.8.3. Pautas de anestesia e analxesia durante o procedemento.

O art. 26 RD subliña que os procedementos deberán levar a cabo con anestesia xeral ou local, salvo que se considere que é inapropiada porque sexa máis traumática para o animal que o procedemento en si ou resulte incompatible cos fins do procedemento.

Deberán utilizarse analxésicos ou outros métodos idóneos para garantir, na medida do posible, que a dor, o sufrimento, a angustia ou a lesión sexan mínimos. A súa aplicación, cando cumpra, debe ser realizada ou supervisada por un veterinario.

Non se fornecerá a un animal ningún medicamento que impida ou restrinja as súas manifestacións de dor, salvo que recibise unha dose adecuada de anestesia ou analxesia

Sempre que sexa compatible cos fins do procedemento, cando se prevexa que un animal vai sufrir dor despois de recuperarse da anestesia, aplicaráselle un tratamento analxésico preventivo e paliativo, ou outro método adecuado para acougar a dor.



#### 3.4.8.4. Destino dos animais á finalización do procedemento.

O art. 28 RD establece que ao termo de todo procedemento decidírase se os animais deben manterse con vida ou ser sacrificados, sinalándose como opcións:

- Eutanasia, sempre que sexa probable que vaian padecer un nivel moderado ou severo de dor, sufrimento, angustia ou dano duradeiro.
- Conservar con vida a un animal, en cuxo caso deberá recibir o coidado e aloxamento acordados á súa especie, condicións fisiolóxicas e estado de saúde.

#### 3.4.8.5. Reutilización de animais noutros procedementos.

Un animal que xa fose utilizado nun ou varios procedementos, non deberá ser reutilizado nun novo procedemento cando no seu lugar puidese ser utilizado outro animal co que non se realizou previamente ningún procedemento (art. 29 RD), a menos que se dean as condicións seguintes:

- Que a severidade real dos procedementos anteriores fose clasificada como "leve" ou "moderada".
- Que se demostrou a recuperación total do estado de saúde xeral e de bo estado do animal.
- Que o novo procedemento clasificouse como leve, moderado ou sen recuperación.
- Que conte con asesoramento veterinario favorable, realizado tendo en conta as experiencias do animal ao longo de toda a súa vida.

#### 3.4.8.5. Posta en liberdade e realoxamento de animais.

O órgano competente poderá autorizar que un animal poida ser dado en adopción, recollido ou devolto a un hábitat, explotación ou outro medio que sexa adecuado para a especie de que se trate (art. 30 RD). Para iso deberán cumprirse as seguintes condicións:

- Que o seu estado de saúde o permita.
- Que non supoña un perigo para a saúde pública, a sanidade animal nin o medio ambiente.
- Que se tomaron as medidas adecuadas para salvagardar o bo estado do animal.
- Que no caso de realoxamento ou adopción, os criadores, subministradores e usuarios teñan un programa adecuado que garanta a súa socialización.
- Que no caso de liberación de animais silvestres no seu hábitat, dispóñase dun programa de adaptación adecuado.

#### 3.4.9. Centros ou establecementos destinados á cría, subministración ou uso de animais utilizados para experimentación e outros fins científicos, incluída a docencia.

A Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais, na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio (LCA) establece no seu art. 7 que os centros ou establecementos destinados á cría, subministración ou uso de animais utilizados para experimentación e outros fins científicos, incluída a docencia, deben estar autorizados ou rexistrados no correspondente rexistro administrativo, con carácter

---

previo ao comezo da súa actividade e os procedementos e proxectos onde se utilizan deben ser regulados, avaliados e autorizados nos termos en que se determine na normativa da Unión Europea.

#### 3.4.10. Autorizacións e rexistros administrativos.

O art. 8 LCA establece que os transportistas de animais, os seus vehículos, contedores ou medios de transporte deben dispoñer da correspondente autorización e estar rexistrados, nos termos que regulamentariamente se determinen.

#### 3.4.11. Importacións de animais vivos.

Sinala o art. 11 LCS que no caso de importacións desde terceiros países de animais vivos a Administración Xeral do Estado esixirá o cumprimento das obrigacións fixadas na normativa europea.

### 3.5. Outra normativa de protección e benestar animal.

#### 3.5.1. Normativa sectorial de espectáculos, deportes e festas.

Cabe prohibir o maltrato animal en eventos públicos a nivel municipal, por aplicación do Real Decreto 2816/1982, do 27 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas, que indica que (art. 71):

*“ Sen prexuízo do que establezan disposicións especiais, poderán ser prohibidos os espectáculos ou diversións públicas que sexan inconvenientes ou perigosas para a mocidade e a infancia, que poidan ser constitutivos de delito ou atenten gravemente contra a orde pública ou os bos costumes. Tamén poderán ser prohibidos os espectáculos ou actividades que impliquen ou poidan implicar crueldade ou malos tratos para os animais.*

*A autoridade gubernativa ou a municipal, inmediateamente que teña coñecemento de que se proxecta celebrar ou se está celebrando algún espectáculo ou recreo público que poida ser constitutivo de delito comunicarao, por conduto do Ministerio fiscal á Autoridade xudicial competente. Da devandita comunicación darase traslado simultáneo aos empresarios ou organizadores do mesmo.”*

Aínda que este regulamento foi empregado frecuentemente polos concellos para prohibir os espectáculos de tauromaquia, onde se tortura e sacrifica con asaño e dor aos animais, a STS nº 279/2019, de 7 de marzo considerou que a vixencia da Lei 18/2013, de 12 de novembro, para a regulación da tauromaquia como patrimonio cultural, non permite ás administracións locais adoptar medidas tendentes a impedir esta actividade (neste caso pretendíase organizar unha consulta popular ao respecto), se ben lles reconece potestade para non apoialas orzamentariamente. No mesmo sentido anulatorio de iniciativas de prohibición se pronunciou a STSX da Comunidade Valenciana nº 149/2018, de 18 de abril, a respecto da prohibición decretada polo Concello de Orihuela e a STSX de Illes Balears nº 623/2022, de 5 de outubro, con relación ao Concello de Galviá, ao que mesmo lle prohibiu pronunciarse en termos políticos ao se tratar dun tema que excedía a competencia municipal.

Neste contexto, e por referencia ao marco competencial autonómico, a STC nº 117/2016, de 20 de outubro, anulou unha lei do Parlamento de Cataluña que prohibía este tipo de prácticas de maltrato, ao considerar que invadía competencias do Estado en materia de patrimonio cultural. No mesmo sentido, a STC nº 134/2018 anulou unha lei do Parlamento de Baleares que modificaba sensiblemente as condicións dos espectáculos de tauromaquia para impedir o maltrato ao animal, pola mesma razón competencial. Ambas resolucións contaron con forte contestación interna expresada en votos particulares que cuestionan dende o alcance do título competencial estatal á prevalencia de novos paradigmas axiolóxicos de protección dos animais como seres sentintes, ou a desafección cultural existente en determinadas comunidades autónomas por este tipo de prácticas cruentas.

Á vista da anterior xurisprudencia, cómpre unha reforma legal que deixe de dar cobertura xurídica a un espectáculo baseado no recreo co sufrimento dos animais, pois os touros participan da mesma capacidade de sentir que o resto dos animais aos que si se lles brinda esa protección, e a tensión entre o ben moral que representa a tradición do gozo cunha actividade que amosa deliberada crueldade do ser humano e a protección a un animal fronte un trato que causa un sufrimento grave, prolongado e evidente, debe resolverse a favor de facer prevalecer o segundo sobre o primeiro, porque unha sociedade democrática moderna que propugna os valores de sensibilidade cara os animais dos que recoñece a súa capacidade de sentir e de padecer a dor física e psiquicamente, ten que ser consecuenta ata o final. Unha sociedade que se recrea maltratando os animais fomenta unha cultura de violencia e de falta de empatía coa dor. Recoñecer que hai tradicións que cómpre desterrar é propio de democracias avanzadas baseadas en valores de convivencia. Ningunha sociedade moderna pode buscar a súa cohesión na defensa dunha tradición que encarna valores do pasado que pretende superar.

Noutra orde de cousas, o Real Decreto 63/2008, do 25 de xaneiro regula o procedemento para a imposición e revisión de sancións disciplinarias en materia de dopaxe tamén cando estas se realizan sobre animais que participan en competicións, en desenvolvemento da Lei Orgánica 11/2021, de 28 de decembro, de loita contra a dopaxe no deporte.

Finalmente, a Orde ICT/851/2019, do 25 de xullo, pola que se regula a declaración de festas de interese turístico nacional e internacional, rexeitará aquelas solicitudes que inclúan maltrato animal.

### 3.5.2. Normativa relativa á protección doutros animais.

Polo seu interese pola relación que garda cos contidos expostos ata agora, damos conta doutras normas reguladoras da protección e o benestar de determinadas categorías de animais:

- A Lei 31/2003, do 27 de outubro, de conservación da fauna silvestre nos parques zoolóxicos.
  - O Real Decreto 1333/2006, do 21 de novembro, polo que se regula o destino dos espécimes comisados das especies ameazadas de fauna e flora silvestres protexidas mediante o control do seu comercio.
  - A Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.
-

- O Real Decreto 630/2013, do 2 de agosto, polo que se regula o Catálogo español de especies exóticas invasoras.



## Parte II

### Tutela institucional da protección e o benestar animal

#### 4. Tutela administrativa dos deberes de coidado e benestar animal.

##### 4.1. Introducción. O control administrativo sobre os deberes de coidado e benestar animal.

Con carácter xeral, as disposicións que regulan os deberes e a forma de exercicio dos coidados, a sanidade e o benestar animais teñen natureza administrativa. Isto significa que é a intervención dos poderes públicos mediante lei e regulamento quen dotan de contido os deberes, e ademais, quen teñen atribuída, de forma ordinaria, as competencias de inspección, control e vixilancia, así como a potestade de sancionar o seu incumprimento.

O cumprimento das normas e a responsabilidade en caso de inobservancia tutélanse mediante a intervención da administración, establecéndose unha relación entre a persoa administrada e a administración, e non entre particulares, por máis que se recoñeza a calquera cidadán/á a facultade de denunciar as situacións de maltrato.

Restringiremos o estudo dos procedementos ás singularidades contidas a nivel procedimental e substantivo relativas a benestar animal contidas na normativa relativa a animais de compañía, animais de produción e animais de experimentación.

Tanto a Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP) como a 40/2015, de réxime xurídico do sector público (LRXSP) teñen carácter básico, polo que os procedementos administrativos de vixilancia, control e sancionador han de respectalos, aínda que podan impoñer adicionais elementos de tramitación.

O estudo da parte administrativa introdúcese cunha referencia á institucións de fomento da protección dos animais obxecto da LPDBA e LPBACG.

##### 4.2. Fomento da protección dos animais de compañía.

Conscientes de que a protección e o benestar animal son políticas de implantación progresiva, e que requiren dunha difusión e asunción dunha cultura cidadá máis consciente e consecuente coa natureza de seres sentintes dos animais, as administracións públicas, tanto a nivel estatal como autonómico contemplan dentro das leis, singularmente no relativo a animais de compañía, tanto a creación de órganos de traballo conxunto de deseño e avaliación de políticas públicas, como de asesoramento e participación cidadá. Estes foros deben ser ben saudados na medida en que a implicación social contribúe a lexitimar as medidas desenvolvidas na materia.

Daremos conta dos trazos xerais destes órganos e da caracterización da política de fomento de protección animal, recollidas basicamente na LPDBA e na LPBACG en cadanseu ámbito competencial.

#### 4.2.1. Órganos de dirección, coordinación e participación.

No ámbito estatal, a LPDBA dedica o seu Título I ao fomento da protección animal, creando como órganos de referencia o Consello Estatal de Protección Animal e o Comité Científico e Técnico para a Protección dos dereitos dos animais.

O Consello é un órgano de carácter consultivo e de cooperación para a protección, dereitos e benestar dos animais obxecto da lei (polo tanto non de todos os animais), que está participado por todas as administracións públicas con competencia na materia, así como das organizacións profesionais e de protección dos animais (art. 5).

Este órgano realizará funcións de avaliación e seguimento dos avances en protección dereitos e benestar dos animais, elaborará criterios xenéricos de traballo para aplicar a lei e fomento da tenza responsable e loita contra o abandono, así como aquelas outras que lle sexan encomendadas na materia.

O Comité Científico e Técnico eríxese en órgano colexiado consultivo e de asesoramento dependente do Consello (art. 6). As súas funcións son asesorar ao Consello, resolver as solicitudes relativas á listaxe positiva de animais de compañía, así como facer propostas de mellora de protección e benestar dos animais.

Ambos órganos deberán ter unha presenza equilibrada de mulleres e homes (art. 7) e a súa creación non suporá un incremento de gasto para as administracións públicas (art. 8).

A nivel autonómico, o Título V da LPBACG crea o Comité consultivo para a protección animal, como órgano de consulta e asesoramento, que terá por misión o estudo e proposta das principais accións na loita fronte o maltrato e o abandono dos animais de compañía (art. 31). Con esta fin poderá emitir informes, ditames e estudos, así como funcións de planificación e coordinación.

Na súa composición participarán, ademais das administracións autonómica e local, asociacións de protección e defensa dos animais, dos Colexios veterinarios, e entidades de carácter ambiental, nos termos previstos regulamentariamente. Tratarase de manter o respecto á presenza equilibrada de mulleres e homes na súa conformación.

#### 4.2.2. Planificación e medios das políticas de protección animal.

A nivel estatal, a LPDBA prevé a aprobación dun Plan Estatal de Protección Animal (arts. 16-17), que constitúe o instrumento de planificación básico para o establecemento de definición de obxectivos, accións e criterios encamiñados a erradicar da nosa sociedade o maltrato animal en toda as súas vertentes e promover a acción coordinada entre administracións de actividades de protección animal.

O contido do Plan abranguerá, polo menos, un diagnóstico da situación dos animais de compañía e centros de protección animal; obxectivos cuantitativos e cualitativos a acadar durante o seu período de vixencia; medidas de loita contra o maltrato e abandono animal; así como estimacións orzamentarias para a súa implementación.

A LPDBA obriga (art. 18) a todas as administracións á aprobación de plans territoriais de protección animal dentro do seu ámbito competencial, orientadas a eliminar o maltrato animal e reducir o abandono de animais de compañía. Con este fin, deberán abordar a difusión de campañas, a concienciación cidadá, o potenciamento da

adopción, a implementación de colonias felinas, así como medidas educativas e de sensibilización.

En desenvolvemento da protección animal, o departamento competente deberá promover, mediante incentivos, o investimento, xestión e ordenación da protección animal, en particular mediante a elaboración de plans, instrumentos e proxectos (art. 19); executar as medidas incluídas nos programas territoriais; implementación de xestión sostible das colonias felinas; e estudos de sensibilización e educación social. Para isto contará con asignación orzamentaria e captación de recursos que podan establecerse.

A Lei obriga á administración ao fomento da convivencia responsable cos animais, mediante as correspondentes campañas, resaltando os beneficios que, para o desenvolvemento da personalidade, implica a convivencia con eles (art. 33.1.), así como a formación en valores que propicien o respecto cara a condición de seres sentintes dos animais e os seus dereitos.

En materia de colaboración entre administracións (art. 20), establécese o intercambio de información; a actuación das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado para realización de actividades de control, inspección e desenvolvemento das medidas previstas na Lei; así como o impulso de convenios entre administracións para a formación de persoal, organización d programas formativos destinados a persoas condenadas ou sancionadas, educación de menores de idade en valores relacionados co coidado e a protección animal, así como na tenza responsable de animais de compañía.

Con carácter instrumental á actividade de fomento e de control créase o Sistema Central de Rexistros para a protección animal (Título II da LPDBA), que comprende, coordinadamente coas demais administracións públicas, os rexistros de entidades de protección animal, de profesionais de comportamento animal, de animais de compañía, de núcleos zoolóxicos e de criadores de animais de compañía.

Serve tamén ás finalidades da Lei a creación da Estatística de protección animal (arts. 13-15), que recollendo información dispoñible de todas as administracións, busca coñecer o estado real da protección animal e axudar a tomar decisións para a súa avaliación e mellora.

A nivel autonómico, a LPBACG prevé no seu Título VI a obriga da administración de divulgar os contidos da Lei, coa promoción de campañas periódicas sobre sensibilización, tenza responsable, identificación animal, e dirixas tamén a evitar a reprodución incontrolada, o abandono e o maltrato. A norma prevé unha difusión transversal, cunha mención específica á divulgación entre o alumnado escolar (art. 32.2.) e a formación de persoas propietarias e posuidoras de animais, todo en colaboración coas entidades de protección e defensa dos animais.

#### 4.2.3. Entidades de fomento da protección animal.

A nivel estatal, a LPDBA dedica o seu Capítulo VII ás entidades de protección animal, en función do perfil das súas actividades de rescate e rehabilitación, establecendo as súas funcións e clasificándoas do seguinte xeito:

- Tipo RAC, que procuran a adopción de animais de compañía en situación de abandono, maltrato ou desamparo.



- Tipo RAD, relativas a animais de produción, cando xa non se destinen a fins comerciais;
- Tipo RAS, relativas a animais silvestres procedentes de cautividade.
- Tipo GCOF, colaboradoras de colonias felinas de gatos comunitarios.
- Tipo DEF, dedicadas á concienciación, promoción da adopción e defensa xurídica dos animais.

As entidades poden ostentar simultaneamente varias categorías, deberán estar inscritas e o seu persoal poderá ser voluntario ou contratado por conta allea.

A Lei galega obriga no eido da comunidade autónoma á súa inscrición no Rexistro Galego de Protección e Defensa dos animais de compañía e imponlles (art. 29.3. LPBACG) a obriga de denunciar os feitos constitutivos de infracción administrativa perante as autoridades competentes. Para tal efecto conferiráselles a condición de interesadas no procedemento sancionador, consonte co art. 4 LPACAP.

4.2.4. Deberes prestacionais municipais derivados da normativa de protección e benestar dos animais de compañía.

Tanto a LPDBA como a LPBACG atribúen competencias específicas aos concellos que se traducen en deberes prestacionais, é dicir, na dotación de medios e recursos que materialicen as prácticas de coidado e benestar dos animais de compañía, e que se poden sintetizar do seguinte xeito:

- Dentro do deber de colaboración institucional, o art. 20.2. LPDBA atribúe ás policía locais o control, inspección e demais medidas incluídas na lei sexan precisas dentro do seu ámbito competencial. Posteriormente, o art. 66 desta norma atribúelles no seu nivel de competencia as funcións de inspección e vixilancia das instalacións dos centros de protección animal e dos animais que se aloxen nelas, tanto con carácter permanente, temporal ou de paso, así como os centros veterinarios, núcleos zoolóxicos, residencias, centros para a cría e venda, adestramento e coidado temporal dos animais ou calquera outro tipo de establecemento que albergue animais, con independencia da duración do albergado, finalidade e titularidade, así como das empresas de transporte de animais. No mesmo sentido se pronuncia o 34.2. LPBACG.
- Para o caso de abandono de animais de compañía, os arts. 22 e 23 obrigan ao establecemento dun servizo de recollida e atención de animais extraviados e abandonados, outorgando marxe organizativa, podendo conveniar tanto con entidades privadas como creando servizos mancomunados. A lexislación autonómica desenvolve a forma de organización e prestación do servizo no art. 22 LPBACG.
- No caso da organización e xestión das colonias felinas, o art. 39 LPDBA establece o marco competencial e prestacional dos concellos en defecto de lexislación autonómica, que no caso galego existe no art. 26 LPBACG. A norma establece a potestade de establecemento e organización do funcionamento das colonias, ademais das labores de identificación, saneamento e esterilización dos animais.
- En última instancia, o art. 6 LPBACG confire aos responsables da Alcaldía e Consellería respectivamente “a responsabilidade superior na defensa e protección dos animais” no seu ámbito territorial. A declaración non é inocente e o art. 46.4.b. abre a porta a sancionar á administración local por parte da autonómica cando algunha das infraccións sexa cometida por aquela. Aínda que non se recolle directamente a

infracción do deber prestacional en sentido amplo, si se conteñen manifestacións concretas das que se pode responsabilizar ao concello, como as previstas no art. 38.e. (manter os animais en instalacións que non reúnan os requisitos previstos no artigo 9.e. e ñ. (calquera outra actuación que supoña un incumprimento das obrigas establecidas nesta lei ou vulneración das prohibicións previstas nela e que non estea tipificada como infracción grave ou moi grave).

#### **4.3. Actividade de ordenación e control do benestar e a protección dos animais de produción.**

Como xa vimos no punto 3.2 a actuación inspectora e de control é unha exixencia legal, e todas as administracións públicas con competencia na materia deben establecer uns controis periódicos obrigatorios, ademais dos que poidan corresponder en casos particulares.

##### 4.3.1. O persoal inspector.

O artigo 11 da Lei 32/2007, dispón que: *“para o desempeño das funcións inspectoras concernentes á materia á que se refire esta Lei, o persoal ao servizo das Administracións Públicas deberá ter cualificación e formación suficiente para o exercicio destas tarefas. Así mesmo, terá o carácter de axente da autoridade, podendo conseguir das autoridades competentes e, en xeral, de quen exerza funcións públicas, incluídas as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado ou corpos policiais autonómicos e locais, o concurso, apoio e protección que lle sexan precisos”*.

Nos mesmos termos o artigo 78 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal (en adiante Lei 8/2003), establece que *“o persoal funcionario ao servizo das administracións públicas, no exercicio das funcións inspectoras recollidas nesta lei, terá o carácter de axente da autoridade, podendo solicitar das autoridades competentes e, en xeral, de quen exerzan funcións públicas, incluídas as forzas e corpos de seguridade do estado ou corpos policiais autonómicos e locais, o concurso, apoio e protección que lle sexan precisos”*.

Partindo da atribución legal ao dito persoal inspector da condición de “axentes da autoridade”, é de aplicación o establecido no artigo 77.5 LPACAP: *“os documentos formalizados polos funcionarios aos que se recoñece a condición de autoridade e nos que, observándose os requisitos legais correspondentes se recollan os feitos constatados por aqueles farán proba destes salvo que se acredite o contrario”*.

En similar redacción o artigo 80.2 da Lei 8/2003, en relación as actas formalizadas polo persoal inspector en materia de sanidade animal, establece que: *“os feitos recollidos na acta observando os requisitos legais pertinentes terán valor probatorio, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos ou intereses poidan sinalar ou aportar os propios administrados”*.

Estes artigos establecen unha presunción de veracidade *“iuris tantum”* a través da cal a Administración pode cumprimentar a carga da proba dos feitos constitutivos da infracción e da responsabilidade administrativa, debendo ser a persoa expedientada, no seu caso, a que demostre o contrario.

Hai que recordar que a presunción de veracidade alcanza aos feitos. Neste punto non só é importante que se reflectan nas actas de denuncia os feitos, senón tamén o xeito

de reflectilos, debendo evitar expresións que poidan xerar dúbidas sobre a comisión da infracción ou os seus termos.

#### 4.3.2. Obrigas na inspección.

O artigo 12 de la Lei 32/2007 recolle as “obrigas do inspeccionado” ante as actuacións levadas a cabo polo persoal inspector no exercicio das súas funcións, de tal maneira que as persoas físicas o xurídicas a quen se practique unha inspección estarán obrigadas a:

- Permitir o acceso dos inspectores a todo establecemento, explotación, instalación, vehículo, contedor ou medio de transporte, ou lugar en xeral, coa finalidade de realizar a súa actuación inspectora, sempre que aqueles se acrediten debidamente ante o empresario, o seu representante legal ou persoa debidamente autorizada ou, no seu defecto, ante calquera empregado que estivera presente no lugar.
- Subministrar toda clase de información sobre instalacións, produtos, animais, servizos e, en xeral, sobre aqueles aspectos relativos á protección animal que se lle solicitaran, permitindo a súa comprobación polos inspectores.
- Facilitar que se obteña copia ou reprodución da información en materia de protección animal.
- Permitir a práctica de dilixencias probatorias do incumprimento da normativa vixente en materia de protección animal.
- En xeral, a consentir e colaborar na realización da inspección.

#### 4.3.3. Ámbito da inspección en materia de benestar animal.

As inspeccións adoitan levarse a cabo nas propias instalacións da explotación ou en fincas que dean base territorial a esta e nas que poidan atoparse os animais.

O acceso ás explotacións ou aos terreos nos que se atopen os animais esta autorizado ao persoal inspector por Lei, e polo tanto non require de ningunha autorización “*ad hoc*”.

Outra cousa distinta é se a inspección require entrada no domicilio, o que precisa de autorización xudicial ou consentimento expreso do titular. Este podería ser o caso das explotacións que aínda persisten en Galicia vinculadas fisicamente ás vivendas.

Fora deste último caso (no que teremos que solicitar autorización ao xuíz oportuno no caso de negativa), nos supostos nos que o responsable da explotación non permita o acceso a explotación ou as súas fincas para levar a cabo as inspeccións se produce unha obstrución a actividade inspectora que ven tipificada como infracción administrativa grave. É importante facelo constar na acta, así como as consecuencias disto, para proceder a abrir un expediente sancionador no que, ademais da imposición dunha sanción, se obrigue a aquel a colaborar.

Deste modo a Lei 32/2007 recolle, no seu artigo 14.2.e), como infracción grave, a seguinte:

*“A resistencia, obstrución, escusa ou negativa ás actuacións da administración. Enténdese producida esta circunstancia cando o suxeito infractor realizara actuacións tendentes a dilatar, entorpecer ou impedir as actuacións da administración en relación co cumprimento das súas obrigas”.*

---

Entre outras, constitúen resistencia, obstrución, escusa ou negativa ás actuacións da administración as seguintes condutas:

- Non facilitar o exame de documentos, informes, antecedentes, libros, rexistros, ficheiros, facturas, xustificantes e asentos de contabilidade principal ou auxiliar, programas e arquivos informáticos, sistemas operativos e de control e calquera outro dato con transcendencia aos efectos do cumprimento das obrigas nesta materia.
- Non atender algún requirimento debidamente notificado.
- A incomparecencia, salvo causa xustificada, no lugar e tempo que se sinalara.
- Negar ou impedir indebidamente a entrada ou permanencia en fincas ou locais ao persoal funcionario actuante, ou o recoñecemento de locais, máquinas, instalacións e explotacións relacionados con esta lei.
- As coaccións ao persoal funcionario da administración actuante.

#### 4.3.4. Contido esencial dunha acta de inspección.

O artigo 80 da Lei 8/2003 dispón que: *“o inspector levantará acta na que constarán os datos relativos á empresa ou explotación inspeccionada e á persoa ante quen se realiza a inspección, as medidas que ordenara e todos os feitos relevantes desta, en especial as que poidan ter incidencia nun eventual procedemento sancionador”*.

E a continuación indica que: *“dita acta remitirase ao órgano competente para iniciar as actuacións, dilixencias ou procedementos oportunos, incluído no seu caso o procedemento sancionador”*.

En síntese, podemos enumerar do seguinte xeito os puntos mínimos que debería conter un acta:

- A identificación da persoa ou nº de identificación do inspector que a elabora.
- A data e lugar na que foi redactada.
- Os feitos susceptibles de motivar o inicio dun procedemento sancionador.
- A identificación da persoa responsable.
- As circunstancias relevantes que concorren nos feitos e na persoa infractora.
- As advertencias previas e outorgamento de prazos de emenda: Se existen incumprimentos que non deban xerar proposta de expediente sancionador e que poidan ser solucionados con medidas de actuación inmediata (hai que deixalo constar na propia acta).

Ademais soe ser esencial que a acta de inspección vaia acompañada dun *“informe complementario”* que facilite a tramitación do expediente sancionador e poida evitar a solicitude de informes posteriores. Estes informes posteriores a acta moitas veces amplían o contido desta, e aínda que non gozan da presunción de veracidade da acta, constitúen un elemento probatorio a disposición do instrutor e axudan a determinar o grao de responsabilidade e o alcance que debe ter a sanción.

Na nosa Xurisprudencia encontramos sentenzas relativas ao valor destes informes complementarios ás actas, como é o caso da Sentenza do Tribunal Supremo do 17.06.1997: *“...é certo que o Tribunal Supremo vén negando que os informes dos inspectores, posteriores á acta, gocen da presunción de veracidade que en determinadas circunstancias alcanza a aquela, e iso de modo fundamental porque*

*respecto dos informes o administrado está nunha clara situación de desvantaxe, xa que os descoñece e carece de medios precisos para rebatelos...Agora ben...deben estudarse cada un dos supostos de modo individualizado e...outorgar cando cumpra valor aos informes en canto medio de proba, cando certamente completen a presunción que derive da acta.*

*Isto é precisamente o suposto que nos ocupa; o informe non fai outra cousa máis que completar a acta, dando e establecendo precisións que avalan o contido de aquela”.*

Tamén a sentenza do Tribunal Superior de Justicia de Asturias, (Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 1a), de 30 de marzo de 2015, (Sentencia num. 231/2015) se expresa nos seguintes termos: “ ... a imparcialidade e obxectividade dos informes emitidos polos servizos técnicos de as AA.PP., como situados na escala por baixo dos emitidos por peritos xudicialmente designados, pero por encima dos que traen causa nas probas periciais de parte. A selección dos empregados públicos que os evacúan, goza "ex lege" duns requisitos de mérito, igualdade e capacidade que proporcionan maiores doses de imparcialidade e obxectividade a quen actúa por conta dunha Administración...”

#### 4.3.5. Realización de advertencias previas e seguimento da explotación.

Non todas as irregularidades detectadas teñen que implicar a proposta de apertura de actuacións sancionadoras en todo caso. Cando por motivos concretos (falta de antecedentes do responsable, circunstancias puntuais polas que poida estar atravesando, adaptación ao establecido nun cambio normativo recente, etc...) o persoal inspector estime a procedencia de facer unha “advertencia previa” e outorgarlle un prazo para corrixir as distintas irregularidades detectadas, farase constar expresamente na acta.

Transcorridos os prazos outorgados comprobarase se as deficiencias foron corrixidas. Se a situación persiste: remitirase o resultado das inspeccións ao órgano competente para a apertura de actuacións sancionadoras, dando conta das actuacións previas levadas a cabo e a persistencia no incumprimento da normativa.

O incumprimento das advertencias previas e a persistencia na conduta infractora constitúen criterios para a agravación da sanción que puidera corresponder.

### 4.4. A potestade sancionadora en materia de benestar e protección animal.

#### 4.4.1. Disposicións comúns a todos os procedementos sancionadores.

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP), regula no seu Cap. III os principios da potestade sancionadora que han de respectarse en todo procedemento (arts. 25 a 31) e que comprenden os principios de legalidade, irretroactividade, tipicidade, responsabilidade e proporcionalidade. Así mesmo aborda a prescrición das infraccións e os supostos de concorrencia de sancións.

Pola súa banda, a LPACAP regula a estrutura básica de todo procedemento administrativo, prevendo disposicións específicas do sancionador, xa que dunha banda non é posible a imposición dunha sanción sen a previa tramitación dun procedemento, e os desta natureza teñen incorporadas unha serie de garantías

adicionais ligadas á determinación dos feitos, á súa investigación, e os medios de defensa dos que dispón a persoa investigada.

En síntese, a caracterización do procedemento sancionador comeza pola propia existencia do procedemento (art. 63.2. LPACAP), excluíndose sancións de plano; a distribución da competencia para instruír e resolver a órganos diferentes da administración (art. 63.1. LPACAP); o dereito á defensa, que comprende o de ser notificado das resolucións que vaian recaendo, coñecer a identidade de instrutor e autoridade sancionadora, formular alegacións e empregar os medios de defensa pertinentes (incluída a práctica de proba), asistencia letrada, non declarar contra un mesmo e non se declarar culpable e a presunción de inocencia (arts. 53.1. e 2. LPACAP); posibilidade de actuacións previas e incoación de oficio do expediente regulación da instrución (arts. 76-77 LPACAP) e prego de cargos (arts. 63.1., 64.2. e 3 LPACAP); posibilidade de adopción de medidas provisionais (64.2.e. LPACAP); terminación do procedemento (art. 88 e proposta de resolución no art. 89, coas especialidades do art. 90)

4.4.2. Disposicións sancionadoras relativas a animais de produción e experimentación.

No caso de España non é ata a aprobación e entrada en vigor da LCA cando se dota ao ordenamento xurídico dun réxime sancionador en materia de benestar e protección animal relativo aos animais de produción e experimentación, que ven recollido no seu Título II.

4.4.2.1. Competencia sancionadora.

En Galicia, a competencia en materia de benestar animal dos animais de produción ou de granxa corresponde á Consellería do Medio Rural. E dentro desta a competencia para a imposición de sancións polas infraccións en materia de sanidade e produción animal, segundo establece o art. 3 do Decreto 2/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regulan os órganos competentes e o procedemento para a imposición de sancións en materias do medio rural (en adiante Decreto 2/2010), corresponde a:

- A persoa titular do departamento territorial da consellería competente en materia de sanidade e produción animal para a imposición de sancións pola comisión de infraccións leves.
- A persoa titular da dirección xeral competente en materia de sanidade e produción animal para a imposición de sancións pola comisión de infraccións graves.
- A persoa titular da consellería competente en materia de sanidade e produción animal para a imposición de sancións pola comisión de infraccións moi graves.

4.4.2.2. Prazos para tramitar o procedemento sancionador.

Tal e como establece o artigo 23.3 LCA o prazo máximo de tramitación do procedemento sancionador será dun ano.

#### 4.4.2.3. Responsabilidade.

O principio de responsabilidade, recollido no artigo 28 LRXSP, e que informa a potestade sancionadora en xeral, require que a persoa infractora incorra en dolo ou culpa.

Poren, hai que ter en conta que a culpa no dereito sancionador administrativo é ampla, podendo derivar dunha conduta negligente ou da mera falta do deber de cuidado debido.

É importante que nas actas de inspección se deixen constar as circunstancias que rodean os feitos infractores e dos responsables, pois debe existir dolo ou culpa por parte do infractor.

A falta de responsabilidade podería vir dada con motivo dun erro invencible ou circunstancias que eliminen a reprochabilidade do feito, por exemplo cando a conduta obedece a unha información ou actuación errónea por parte da propia Administración (en base ao principio de confianza lexítima que debe presidir as relacións da Administración co cidadán).

O Real Decreto 348/2000, con carácter xeral, estende as obrigas relativas ao benestar e protección dos animais de produción aos propietarios e criadores de animais nas explotacións gandeiras.

#### 4.4.2.4. Infraccións

Outro principio esencial da potestade sancionadora é o principio de tipicidade.

O artigo 27 LRXSP refírese a el prevendo que: *“só constitúen infraccións administrativas as vulneracións do ordenamento xurídico previstas como tales infraccións por unha Lei”*

En materia de benestar animal dos animais de produción os feitos deben encaixar nunha concreta conduta infractora das recollidas no artigo 14 LCA. Exceptuando do dito artigo aquelas relativas ao uso de animais en experimentación ou con fins científicos ou as relativas a animais de compañía, as infraccións en materia de benestar ou protección dos animais de produción nas explotacións gandeiras, no transporte ou no momento do seu sacrificio son as seguintes:

Infraccións moi graves:

- O sacrificio ou morte de animais en espectáculos públicos fóra dos supostos expresamente previstos na normativa aplicable en cada caso ou expresa e previamente autorizados pola autoridade competente.
  - O incumprimento das obrigas exixidas polas normas de protección animal, cando conorra - a intención de provocar a tortura ou morte dos mesmos.
  - Utilizar os animais en pelexas
  - Utilizar animais en producións cinematográficas, televisivas, artísticas ou publicitarias, incluso con autorización da autoridade competente, cando se produza a morte dos mesmos.
-

- O incumprimento da obriga de atordamento previo, cando non concorra o suposto establecido no artigo 6.3 (relativo ao sacrificio por ritos relixiosos nos termos autorizados).
- Subministrar documentación falsa aos inspectores ou á Administración.
- Liberación incontrolada e voluntaria de animais dunha explotación.
- O incumprimento da obriga de dispoñer dun sistema de videovixilancia de benestar animal.
- A segunda ou ulterior infracción grave que supoña reincidencia con outra infracción grave cometida no prazo de dous anos, contados desde a sanción por resolución firme na vía administrativa da primeira delas.
- Educar ou manexar o animal con métodos agresivos ou violentos que podan provocar maltrato ao animal, ou causarlle estados de ansiedade ou medo.
- Abandonar a un animal, co resultado da ausencia de control sobre o mesmo ou a súa efectiva posesión.
- O uso de animais de produción en actividades culturais e festivas, en atraccións mecánicas e carruseis de feira, salvo os casos nos que estea permitido.

**Infraccións graves:**

- As mutilacións non permitidas aos animais.
  - Realizar calquera das actividades reguladas nesta Lei sen contar coa autorización administrativa ou a inscrición rexistral exixible segundo as normas de protección animal aplicables.
  - O incumprimento das obrigas exixidas polas normas de protección animal, cando produza lesións de gravidade ou permanentes, deformacións ou defectos graves dos mesmos ou unha situación de estrés grave.
  - A resistencia, obstrución, escusa ou negativa ás actuacións da administración. Enténdese producida esta circunstancia cando o suxeito infractor realizara actuacións tendentes a dilatar, entorpecer ou impedir as actuacións da administración en relación co cumprimento das súas obrigas. Entre outras, constitúen resistencia, obstrución, escusa ou negativa ás actuacións da administración as seguintes condutas:
    - a) Non facilitar o exame de documentos, informes, antecedentes, libros, rexistros, ficheiros, facturas, xustificantes e asentos de contabilidade principal ou auxiliar, programas e arquivos informáticos, sistemas operativos e de control e calquera outro dato con transcendencia aos efectos do cumprimento das obrigas nesta materia.
    - b) Non atender algún requirimento debidamente notificado.
    - c) A incomparecencia, salvo causa xustificada, no lugar e tempo que se sinalara.
    - d) Negar ou impedir indebidamente a entrada ou permanencia en fincas ou locais ao persoal funcionario actuante, ou o recoñecemento de locais, máquinas, instalacións e explotacións relacionados con esta lei.
    - e) As coaccións ao persoal funcionario da administración actuante.
  - O transporte de animais non aptos.
-



- O incumprimento da obriga do operador do matadoiro de elaborar e manter procedementos normalizados de traballo exixidos na normativa aplicable.
- Dispoñer dun sistema de videovixilancia de benestar animal que incumpra os requisitos de instalación e funcionamento establecidos na normativa aplicable.
- A falta de conservación e almacenamento das imaxes e rexistros do sistema de videovixilancia do benestar animal.
- A ausencia do certificado de competencia cando resulte exixible pola lexislación vixente.
- A non presentación da documentación exixida na normativa vixente, ou presentar documentación falsa ou inexacta ou facer constar datos falsos en libros de rexistros, bases de datos ou cantos documentos obriguen a levar as disposicións vixentes, así como a declaración de datos falsos nas comunicacións que se realicen por sus titulares o por el resto de operadores.
- A segunda o ulterior infracción leve que supoña reincidencia con outra infracción leve cometida no prazo de dous anos, contados desde a sanción por resolución firme en vía administrativa da primeira delas.
- Non adoptar las medidas necesarias para evitar que a súa tenencia ou circulación ocasione perigos, ameazas ou danos ás persoas, outros animais ou ás cosas.
- Utilizar animais en producións cinematográficas, televisivas, artísticas ou publicitarias, incluso con autorización da autoridade competente, cando se produza maltrato ao animal.
- A aplicación de cepos a equinos e aos seus híbridos en espazos abertos.

**Infraccións leves:**

- O incumprimento de obrigas exixidas polas normas de protección animal en canto ao cuidado e manexo dos animais, sempre que non se produzan lesións permanentes, deformidades ou defectos graves, ou a morte dos animais
- O incumprimento das obrigas en canto á forma, métodos e condición para o sacrificio ou matanza de animais, excepto o atordamento, cando non concorra o suposto establecido no artigo 6.3 (relativo ao sacrificio por ritos relixiosos nos termos autorizados).
- Subministrar de forma incompleta, inexacta ou fora do prazo sinalado a información que sexa requirida pola autoridade competente no exercicio das súas funcións.

Por outra banda, e no relativo ás infraccións específicas relativas á protección de animais para fins de experimentación ou científicos a lei contén as seguintes:

**Infraccións moi graves:**

- Utilizar en procedementos animais prohibidos, ou iniciar ou levar a cabo un procedemento sen a autorización previa ou a avaliación favorable previa no caso de silencio administrativo, do proxecto correspondente.
  - Provocar, facilitar ou permitir a saída dos animais de experimentación ou outros fines científicos do centro ou establecemento, sen autorización por escrito do responsable do mesmo, cando dea lugar á morte do animal ou cree un risco grave para a saúde pública.
-

- Iniciar ou levar a cabo procedementos en condicións distintas das incluídas na autorización do proxecto, o na avaliación favorable do mesmo en caso de silencio administrativo, ou incumprindo os requisitos, condicións e obrigas e obrigas contidos na dita autorización ou avaliación favorable, cando se utilicen no dito procedementos primates non humanos, animais de especies ameazadas (Regulamento (CE) n.º 338/97).

#### Infraccións graves

- Iniciar ou levar a cabo procedementos en condicións distintas das incluídas na autorización do proxecto, ou na avaliación favorable do mesmo en caso de silencio administrativo, ou incumprindo os requisitos, condicións e obrigas contidas na dita autorización ou avaliación favorable, cando non constituía infracción moi grave.

- Realizar calquera das actividades reguladas nesta Lei sen contar coa autorización administrativa ou a inscrición rexistral exixible segundo as normas de protección animal aplicables.

#### 4.4.2.5. Reincidencia.

Indica o artigo 15 LCA que existe reincidencia se se produce a comisión de máis dunha infracción da mesma natureza no termo dun ano e así se declara na nova resolución sancionadora, sempre que así mesmo a primeira resolución sancionadora fose firme en vía administrativa. A data a partir da cal se contará devandito prazo será o día que conste en autos que cometeu a primeira infracción ou, se é continuada, desde o día que deixou de cometela.

A reincidencia terá como consecuencia o incremento da sanción correspondente.

#### 4.4.2.6. Prescrición das infraccións

Os prazos de prescrición das infraccións veñen sinalados no artigo 23.1 LCA: *“as infraccións moi graves prescribirán aos catro anos, as graves aos tres anos e as leves ao ano, a contar desde o día no que a infracción se cometera. No caso de infraccións continuadas ou permanentes, o prazo iniciará o seu cómputo desde que finalizou a conduta infractora”*.

#### 4.4.2.7. Sancións.

O artigo 16 LCA establece o rango e sancións que corresponden a cada tipo de infracción do seguinte xeito:

- Pola comisión de infraccións en materia de protección dos animais, poderán impoñerse as seguintes sancións:

a) No caso de infraccións moi graves, aplicarase unha multa de, ao menos, 6.001 euros e ata un límite máximo de 100.000 euros.

b) No caso de infraccións graves, aplicarase unha multa de, ao menos, 601 euros e ata un límite máximo de 6.000 euros.

c) No caso de infraccións leves, aplicarase unha sanción de multa ata un límite máximo de 600 euros ou apercibimento no seu defecto.

---

- Cando na instrución do correspondente procedemento sancionador se determine a contía do beneficio ilícito obtido pola comisión das infraccións, a sanción que se imponha en ningún caso podará ser inferior na súa contía ao mesmo. O límite superior das multas poderá superarse ata o duplo do beneficio obtido polo infractor, cando dito beneficio exceda da contía máxima da multa.

Na imposición das sanción que poidan imponerse en cada caso, é de aplicación o principio de proporcionalidade recollido no artigo 29 LRXSP, e que o que ven a exixir é que aquelas deben ser proporcionais á gravidade dos feitos.

Para iso hai que atender aos criterios de gradación que con carácter básico sinala a propia LRXSP, así como aos específicos da normativa reguladora da materia.

Para elo é esencial que nas actas que formule o persoal inspector, ou no seu caso, nos informes complementarios que as acompañen, se fagan constar todas aquelas circunstancias que rodean aos feitos ou que afectan ao presunto inculpado e que puideran incidir na gradación da sanción que puidera corresponder.

No que se refire aos criterios básicos de gradación incluídos no artigo 29 LRXSP:

O establecemento de sancións pecuniarias deberá prever que a comisión das infraccións tipificadas non resulte máis beneficioso para o infractor que o cumprimento das normas infrinxidas.

Na determinación normativa do réxime sancionador, así como na imposición de sancións polas Administracións Públicas deberase observar a debida idoneidade e necesidade da sanción a imponer e a súa adecuación á gravidade do feito constitutivo da infracción. A gradación da sanción considerará especialmente os seguintes criterios:

- O grao de culpabilidade ou a existencia de intencionalidade.
- A continuidade ou persistencia na conduta infractora.
- A natureza dos prexuízos causados.
- A reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza cando así fora declarado por resolución firme na vía administrativa.

Cando o xustifique a debida adecuación entre a sanción que deba aplicarse coa gravidade do feito constitutivo da infracción e as circunstancias concorrentes, o órgano competente para resolver poderá imponer a sanción no grao inferior.

E por outra banda, o artigo 18 LCA recolle os criterios específicos para a gradación das sancións:

As sancións pecuniarias se graduarán en función dos seguintes criterios: os coñecementos, o nivel educativo e outras circunstancias do responsable, o tamaño e a situación xeográfica da explotación, o grao de culpa, o beneficio obtido ou que se esperase obter, o número de animais afectados, o dano causado aos animais, o incumprimento de advertencias previas e a alarma social que puidera producirse.

Se, en razón das circunstancias concorrentes, se apreciara unha cualificada diminución da culpabilidade do imputado, o órgano sancionador poderá establecer a contía da sanción aplicando a escala relativa á clase de infraccións de menor gravidade que aquela na que se integra a considerada.

O órgano sancionador poderá reducir a contía da sanción pecuniaria ata un 20% se o presunto infractor recoñece a comisión da infracción, unha vez recibida a notificación

da incoación do procedemento sancionador, sen efectuar alegacións nin propoñer proba algunha.

Así mesmo, poderá incrementar a contía hasta nun 50% se o infractor é reincidente. Se a reincidencia concorre na comisión de infraccións leves, non procederá a sanción de apercibimento.

#### 4.4.2.8. Sancións accesorias.

O artigo 17 LCA recolle a posibilidade de impoñer sancións accesorias, distintas ás pecuniarias, do seguinte xeito:

- Medidas de corrección, seguridade ou control, que impidan a continuidade na produción do dano.
- Comiso dos animais. O órgano sancionador determinará o destino definitivo do animal, con suxeición aos principios de benestar e protección animal.
- Cese ou interrupción da actividade, no caso de sancións moi graves.
- Clausura ou cierre de establecementos e retirada da autorización administrativa ou cancelación da inscrición no rexistro de que se trate, no caso de sancións moi graves.
- Suspensión temporal da autorización d transportista ou certificado de competencia do condutor ou coidador.

En complemento do anterior, o artigo 25.3 da a Lei 3/2018, de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (Galicia), en adiante Lei 3/2018, no artigo 25 (relativo as medidas en materia de benestar animal nos animais de produción) establece que consonte o artigo 17 da Lei 32/2007, de 7 de novembro, o órgano autonómico competente para resolver o expediente sancionador poderá acordar, como sanción accesoria no caso de comisión de infraccións graves e moi graves, o comiso dos animais.

Na resolución na que se impoña como sanción accesoria o comiso haberá de determinarse o destino definitivo do animal ou animais, con suxeición aos principios de benestar e protección animal. Tendo en conta o anterior, dito destino será preferentemente o seu alleamento nos termos previstos no número 4 ou a súa cesión gratuíta a entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan actividades relacionadas co benestar e a protección animal, sempre que o estado físico ou sanitario dos animais ou a súa aptitude para o transporte o permitan. No seu caso, en función do estado dos animais e cando os mencionados principios de benestar e protección animal o requirisen, poderá acordarse cando proceda a eutanasia "in situ" ou o sacrificio en matadoiro.

#### 4.4.2.9. Outras medidas de intervención administrativa de carácter forzoso no marco sancionador e fóra del.

A normativa de protección e benestar animal prevé diferentes medidas de intervención por parte da Administración nos casos nos que as sancións pecuniarias non sexan suficientes como medida correctiva ou disuasoria ou cando existan situacións graves ás que se lles deba poñer fin.

Existen diferentes canles para a adopción de medidas de intervención como son:

- As sancións accesorias, (xa vistas no punto anterior).
-

- As medidas cautelares.
- As medidas non sancionadoras.
- As medidas de execución forzosa

#### 4.4.2.9.1. Medidas cautelares

Reguladas no artigo 56 LPACAP e no artigo 20 LCA.

- Momento da súa adopción

Pódense adoptar antes do inicio dun procedemento sancionador, en cuxo caso deben confirmarse no acordo de inicio do procedemento sancionador no prazo de 15 días hábiles, ou no inicio ou xa iniciado o procedemento sancionador.

- Requisitos

- a) Motivación: xustificación das medidas a adoptar.
- b) Proporcionalidade: axustadas ao caso.
- c) Efectividade: que sirvan para algo.
- d) Menor onerosidade: as estritamente necesarias.
- e) Urgencia inaprazable para a protección dos intereses implicados.

No trámite (que corresponda segundo o momento da súa adopción) no que se adopten ditas medidas debe xustificarse que se cumpren os requisitos anteriores.

- Modificación

As medidas cautelares poderán ser levantadas o modificadas durante la tramitación del procedemento, de oficio ou a petición de parte.

- Límite temporal

As medidas cautelares se extinguirán cando teña efectos a resolución administrativa que poña fin ao procedemento.

- Tipos de medidas cautelares adoptables en caso de incumprimentos en materia de bienestar animal

Considéranse 2 tipos, as de carácter xeral e as de carácter específico:

- De carácter xeral, previstas no artigo 56.3 da LPACAP. Entre elas están:

- a) A suspensión temporal de actividades.
- b) A retirada ou intervención de bens produtivos ou suspensión temporal de servizos por razóns de sanidade, hixiene ou seguridade, o cerre temporal do establecemento por estas u outras causas previstas na normativa reguladora aplicable.
- c) O depósito, retención ou inmovilización de cousa moble
- d) A retención de ingresos a conta que deban abonar as Administracións Públicas.
- e) Aquelas outras medidas que, para a protección dos dereitos dos interesados, prevexan expresamente as leis, ou que se estimen necesarias para asegurar a efectividade da resolución.

- De carácter específico, previstas no artigo 20 LCA, que dispón que nos casos de grave risco para a vida do animal, poderán adoptarse medidas provisionais para poñer
-

fin á situación de risco para o animal, antes da iniciación do procedemento sancionador. Entre outras, poderán adoptarse as seguintes:

- a) A incautación de animais
- b) A non expedición, por parte da autoridade competente de documentos legalmente requiridos para o traslado de animais.
- c) A suspensión ou paralización das actividades, instalacións ou medios de transporte e de cerre de locais, que non contén coas autorizacións ou rexistros preceptivos.

Cabe recordar que a LCA non recolle como facultade do persoal inspector a de adoptar medidas cautelares antes do inicio do procedemento. Esta Lei supedita a adopción das medidas provisionais a que exista grave risco para a vida do animal. Algo que deberá valoralo o persoal inspector veterinario, e, de entendela así, propoñer a súa adopción cando remita as actuacións inspectoras.

Tamén de forma específica a Lei 3/2018, no artigo 25 relativo as medidas en materia de benestar animal nos animais de produción completa a anterior regulación:

*“Consonte o artigo 20 da Lei 32/2007, de 7 de novembro, para o cuidado dos animais, na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio, e o artigo 56 da Lei 39/2015, nos casos de grave risco para a vida do animal, o órgano autonómico competente para iniciar ou instruír o procedemento sancionador, de oficio ou a instancia de parte, poderá adoptar, de forma motivada, medidas provisionais para poñer fin á situación de risco para o animal, antes da iniciación do procedemento sancionador. Entre outras medidas poderá adoptarse a consistente na incautación dos animais”.*

Ditas medidas provisionais deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas no acordo de iniciación do procedemento sancionador, que efectuarase dentro dos quince días seguintes a súa adopción.

O disposto nos artigos anteriores enténdese sen prexuízo das medidas provisionais que poidan adoptarse unha vez iniciado o procedemento administrativo sancionador polo órgano autonómico competente para resolver, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### 4.4.2.9.2. Medidas non sancionadoras

A lei prevé algunhas medidas de carácter executivo que se poden acordar ao marxe de que existan ou non actuacións sancionadoras abertas.

Así, segundo o artigo 21 da Lei 32/2007: *“non terán carácter de sanción a clausura ou cerre de establecementos ou instalacións que non contén coas previas autorizacións ou rexistros preceptivos, ou a suspensión do seu funcionamento ata tanto se emenden os defectos ou se cumpran os requisitos exixidos por razóns de protección animal”.*

Por outra banda, o artigo 25 da Lei 3/2018 dispón que:

*“Nos casos de grave risco para a vida del animal por incumprimento da normativa de benestar e protección animal, cando estea presente un sufrimento innecesario e se estime necesario para poñer fin ao su padecemento, o órgano autonómico competente en materia de benestar animal poderá acordar mediante a oportuna resolución a súa eutanasia in situ ou o seu sacrificio en matadoiro”.*

#### 4.4.2.9.3. Medidas de execución forzosa

O artigo 22 LCA, recolle especificamente a posibilidade de impoñer multas coercitivas nos seguintes termos: *“no suposto de que o interesado non execute as medidas provisionais, cumpra as sancións impostas ou as medidas previstas no artigo 21, a autoridade competente poderá requirir aos afectados para que, nun prazo suficiente, procedan ao cumprimento de aquelas, con apercibimento de que, en caso contrario, imponerse unha multa coercitiva, con sinalamento de contía e ata un máximo de 6.000 euros”*.

Ademais, no caso de existir unha resolución sancionadora firme que impoña unha sanción accesoria cunha obriga de facer, aquela constitúe título habilitante para unha posible actuación material de execución segundo o establecido no artigo 97 da Lei 39/2015, e polo tanto, cabería, aos efectos de forzar ao sancionado ao cumprimento daquela, acordar algúns dos medios de execución forzosa previstos no artigo 100 do mesmo texto legal, entre eles, a imposición de multas coercitivas (xa especificamente prevista na Lei 32/2007 para estes casos) ou tamén unha posible execución subsidiaria que implicará unha repercusión dos custes ao responsable (artigo 102.3 da Lei 39/2015).

#### 4.4.3. Disposicións sancionadoras relativas a animais de compañía e domésticos.

Esténdese aos animais de compañía e domésticos o réxime de protección previsto na LCA no relativo ás normas de transporte (DA 1ª.1.), así como o réxime de infraccións e sancións previsto nos arts. 14 e 16 (gradación e sancións) no seu ámbito de competencia.

No resto, e singularmente en relación á LPBACG rexen con carácter preferente as seguintes disposicións e principios en materia sancionadora, dos que destacamos unicamente os aspectos máis relevantes:

##### 4.4.3.1. Responsabilidade administrativa.

Indica o art. 37.3. LPBACG que as sancións pecuniarias impostas a persoas xurídicas serán responsables subsidiariamente os administradores ou as administradoras que non realizasen os actos necesarios que fosen da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas infrinxidas, consentisen o incumprimento por quen deles depende ou adoptasen acordos que fixesen posible a comisión de tales infraccións. Así mesmo, serán responsables subsidiarias das sancións impostas ás persoas xurídicas que cesasen nas súas actividades aquelas persoas que ocupasen cargos de administrador ou administradora no momento de se cometer a infracción.

No caso de realización de pelexas, festas, espectáculos ou calquera outra actividade prohibida, serán responsables da comisión da infracción administrativa:

- As persoas organizadoras.
- As persoas que cedesen por calquera título terreos, locais ou animais para o desenvolvemento do espectáculo.
- As persoas participantes nel.

#### 4.4.3.2. Infraccións.

Constitúen infraccións leves (art. 38):

- A venda, doazón ou cesión de animais a menores de dezaseis anos ou a persoas incapacitadas sen autorización de quen teña a súa patria potestade, tutela ou custodia.
- O regalo de animais de compañía como recompensa ou premio en eventos ou atraccións públicas.
- A exhibición dos animais de compañía destinados á venda en escaparates ou zonas expostas á vía pública ou a modo de reclamo comercial.
- Non manter os animais en condicións hixiénico-sanitarias axeitadas e/ou non someter os animais aos recoñecementos veterinarios precisos.
- Manter os animais en instalacións que non reúnan os requisitos previstos no artigo 9.e).
- Non facilitar aos animais a alimentación e bebida abundas e axeitadas ás súas necesidades, agás por prescrición veterinaria, salvo que o prexuízo para o animal sexa grave ou moi grave.
- Exercer a venda de animais domésticos fóra dos establecementos legalmente autorizados.
- Transportar animais en condicións inaxeitadas ou en maleteiros que non estean especialmente adaptados.
- A non recollida inmediata dos excrementos evacuados por un animal de compañía na vía pública.
- Alimentar os animais vagabundos ou extraviados nas vías públicas sen contar coa correspondente autorización municipal, agás situacións que poidan comprometer o benestar dos animais.
- Non adoptar as medidas necesarias para impedir que o animal poida acceder libremente ás vías ou aos espazos públicos ou privados, así como non impedir o libre acceso do animal a outros animais ou o contacto sen permiso con persoas ou cousas, e así mesmo non impedir a entrada do animal en recintos ou lugares non autorizados.
- Manter no mesmo recinto ou en vivenda privada máis de cinco animais, incumprindo os requisitos do artigo 21.2.
- Non manter actualizados os datos comunicados aos rexistros obrigatorios previstos nesta lei.
- Non contar coa formación necesaria para o manexo e a atención dos animais aloxados nos centros de cría, venda e importación de animais.
- Calquera outra actuación que supoña un incumprimento das obrigas establecidas nesta lei ou vulneración das prohibicións previstas nela e que non estea tipificada como infracción grave ou moi grave.

Constitúen infraccións graves (art. 39):

- O maltrato aos animais que lles cause dor, sufrimento, lesións ou danos non invalidantes nin irreversibles.
- Non proporcionar aos animais os tratamentos necesarios para evitar o seu sufrimento.



- A non identificación dos animais, cando esta sexa obrigatoria.
- A utilización de calquera mecanismo ou utensilio que, destinado a limitar ou empecer a mobilidade dos animais, lles produza dor, danos, sufrimento, menoscabo ou estrés innecesario, en especial os que lles impidan manter a cabeza na posición natural, agás prescrición veterinaria, ou manter os animais da especie canina atados de forma permanente ou limitarlles os movementos que son necesarios durante a maior parte do día, e o emprego de instrumentos ou métodos danifios de suxeición, retención ou educación, como os colares eléctricos que produzan descargas.
- Levar animais atados a vehículos a motor en marcha.
- Non adoptar as medidas necesarias para evitar a reprodución incontrolada dos animais.
- O abandono dos animais de compañía.
- A utilización dos animais en traballos que os inmovilicen causándolles dor.
- A venda de animais enfermos ou con defectos coñecidos pola parte vendedora, agás o disposto no artigo 40.d)
- A recollida de animais vagabundos ou extraviados sen a correspondente autorización, agás os supostos previstos no artigo 22.6.

Son infraccións moi graves (art. 40):

- O maltrato aos animais que lles cause a morte ou lles provoque lesións ou danos invalidantes ou irreversibles.
- A manipulación da identificación dos animais de compañía en todos os supostos.
- A organización e realización de pelexas, festas, espectáculos ou calquera outra actividade que leve consigo malos tratos, crueldade ou sufrimento.
- A venda de animais con doenza infecto-contaxiosa coñecida pola parte vendedora.
- A mutilación dos animais sen prescrición e control veterinario e mais a esterilización e intervención cirúrxica de animais non efectuadas por unha ou un profesional veterinario.
- A subministración de estimulantes non autorizados ou de substancias que poidan atentar contra a saúde dos animais de compañía, agás prescrición veterinaria.
- A contravención da orde de inmovilización dos animais acordada polas autoridades competentes.-
- A obstaculización do cumprimento das medidas provisionais.
- Educar os animais de forma agresiva, estresante ou violenta, así como instigalos ou preparamos para pelexas ou ataques nos termos sinalados no artigo 9.p) desta lei.
- Non tomar as medidas necesarias para evitar que os animais causen danos á saúde pública ou animal ou á seguridade pública.
- Disparar intencionadamente contra os animais, agás nos supostos establecidos no artigo 15.
- A práctica da eutanasia dos animais vulnerando o disposto no artigo 15 desta lei.
- O emprego e a tenza de animais de especies silvestres nos circos.

- A comisión dunha infracción administrativa grave cando no prazo dun ano o mesmo suxeito fose sancionado pola comisión dunha ou varias infraccións graves e a resolución ou as resolucións sancionadoras resultasen firmes na vía administrativa.

#### 4.4.3.3. Sancións

4.4.3.3.1. Sancións pecuniarias (art. 41). Establécense as seguintes:

- As infraccións leves, apercibimento ou sanción económica de 100 a 500 euros.
- As graves, con multas de 501 a 5.000 euros.
- As moi graves, con multas de 5.001 a 30.000 euros.

Cando, como consecuencia da comisión da infracción, a persoa infractora obteña un beneficio cuantificable, poderá superarse o límite superior das multas previstas no punto anterior ata acadar a contía do beneficio obtido.

Os ingresos procedentes das sancións destinaranse a actuacións que teñan por obxecto o fomento da protección dos animais.

A corrección da situación creada pola comisión dunha infracción grave ou moi grave efectuada en calquera momento anterior á finalización do procedemento administrativo sancionador determinará a aplicación da sanción no grao medio da escala correspondente ás infraccións de gravidade inmediatamente inferior.

4.4.3.3.2. Sancións accesorias (art. 42). Son as seguintes:

- O comiso dos animais, no caso da comisión de infraccións graves e moi graves.
- O pechamento dos establecementos entre un a cinco anos para as infraccións graves e de cinco ata dez anos, ou o pechamento definitivo, para as infraccións moi graves.
- A prohibición temporal do exercicio dalgunha das actividades entre un e cinco anos para as infraccións graves e de cinco a dez anos, ou a prohibición definitiva, para as infraccións moi graves.
- A prohibición para a tenza de animais de compañía por un período de entre un e cinco anos para as infraccións graves e de cinco ata dez anos para as moi graves.
- A perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas en materia de protección animal por un período de entre un e cinco anos para as infraccións graves e de cinco ata dez anos, ou definitivamente, para as infraccións moi graves.
- A retirada do recoñecemento de entidade colaboradora.
- A baixa nos rexistros previstos no articulado desta lei.
- A revogación ou a retirada das licenzas, acreditacións ou autorizacións.

4.4.3.4. Gradación das sancións.

Constitúen elementos específicos de gradación (art. 43) os seguintes:

- A transcendencia social ou sanitaria e a natureza do prexuízo causado pola infracción.
- O ánimo de lucro e a contía do beneficio económico obtido na comisión da infracción.
- O asañoamento ou o grao de crueldade na comisión da infracción.
- A reincidencia, pola comisión no termo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza cando así fose declarado por resolución firme na vía administrativa. Se concorre a reincidencia, a sanción pecuniaria que se debe impoñer incrementárase nun cincuenta por cento da contía máxima prevista da escala correspondente ao tipo infractor.
- A intencionalidade.
- A realización de actos para ocultar o seu descubrimento.
- A agrupación e organización para a comisión da infracción.
- O número de animais afectados.

As infraccións administrativas cometidas por persoas que, polo seu cargo ou función, están obrigadas a facerlles cumprir aos demais os preceptos desta lei serán sancionadas, sen prexuízo das demais responsabilidades que poidan concorrer, con multa da contía máxima da escala do artigo 41.1 correspondente ao tipo de infracción de que se trate.

No suposto de que uns mesmos feitos sexan constitutivos de dúas ou máis infraccións impoñeráse a sanción correspondente á infracción de maior gravidade, que se graduará atendendo a cualificación e o número de infraccións concurrentes.

#### 4.4.3.5. Medidas provisionais.

Establece o art. 44 LPBACG que previamente á incoación ou ben durante a súa tramitación poderanse acordar motivadamente as medidas provisionais que estime necesarias para asegurar a eficacia da resolución que poida recaer. Poderán consistir en:

- O comiso ou a retirada dos animais obxecto de protección, sempre que existan indicios de infracción das disposicións desta lei que así o aconsellen.
- A clausura ou o pechamento de establecementos e instalacións, así como a suspensión ou paralización de actividades que non contén coas preceptivas autorizacións.
- A revogación de licenzas e autorizacións.
- A confiscación dos elementos e efectos empregados para a comisión da presunta infracción.

As medidas provisionais adoptaranse tendo en conta o principio de proporcionalidade e os obxectivos que se pretenden garantir coa súa adopción.

As medidas adoptadas con anterioridade ao inicio do procedemento deberán ser confirmadas, modificadas ou recollidas no acordo do inicio do procedemento sancionador, que se ditará dentro dos quince días seguintes á adopción das medidas provisionais. Estas medidas quedarán sen efecto de non se iniciar o procedemento no devandito prazo ou de o acordo de iniciación non conter un pronunciamento expreso sobre elas.

As medidas provisionais manteranse mentres persistan as causas que motivaron a súa adopción. En todo caso, extinguíranse cando cause efectos a resolución administrativa que poña fin ao procedemento correspondente.

Se o depósito prolongado dos animais procedentes de retiradas cautelares pode ser perigoso para a súa supervivencia ou comportarlles sufrimentos innecesarios, a consellaría ou o concello competente poderá decidir sobre o destino deles antes da resolución do correspondente procedemento sancionador, que será prioritariamente a adopción ou a acollida no caso dos cans e gatos.

4.4.3.6. Reposición da situación alterada e reparación dos gastos e dos danos e perdas.

Ademais das sancións cabe (art. 45):

- Reposición da situación alterada ao seu estado orixinario,
- Indemnización polos danos e perdas causados, incluídos os derivados da comisión da infracción e, en especial, os xerados pola recollida, o mantemento e os tratamentos sanitarios dos animais.

4.4.3.7. Competencia sancionadora (art. 46).

Indica o art. 46 que o procedemento sancionador previsto nesta lei tramitarase de conformidade coa lexislación do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Corresponde aos concellos a incoación e tramitación dos procedementos incoados pola comisión de infraccións tipificadas como leves nas alíneas c), i) e j) do artigo 38 desta lei.

Corresponde á consellaría competente en materia de protección animal a incoación e tramitación dos expedientes sancionadores no caso das restantes infraccións cualificadas como leves e polas infraccións cualificadas como graves e moi graves.

A incoación e a instrución destes expedientes sancionadores corresponden ás xefaturas territoriais da consellería competente en materia de protección animal.

A resolución do procedemento sancionador corresponderá:

- Á persoa titular da alcaldía do concello nos procedementos incoados pola comisión de infraccións leves tipificadas nas alíneas c), i) e j) do artigo 38 desta lei, e ás persoas titulares das xefaturas territoriais previstas no artigo 35 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, da consellaría competente en materia de protección animal nos demais supostos de infraccións leves, agás as previstas na alínea b) seguinte.
  - Á persoa titular da dirección xeral competente en materia de protección animal nos procedementos incoados pola comisión de infraccións administrativas cualificadas como graves, así como para todas as infraccións leves e graves cometidas polos concellos.
  - Á persoa titular da consellaría competente en materia de protección animal nos procedementos incoados pola comisión de infraccións cualificadas como moi graves.
-

#### 4.4.3.8. Prescrición das infraccións e sancións.

Establece o art. 47 que as infraccións administrativas leves prescribirán no prazo dun ano, as infraccións graves no prazo de dous anos e as moi graves no prazo de tres anos.

O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que a infracción se cometese. No caso de infraccións continuadas ou permanentes, o prazo comezará a correr desde que rematase a conduta infractora.

As sancións administrativas impostas por infraccións leves prescribirán aos dous anos, por infraccións graves aos tres anos e por infraccións moi graves aos catro anos, contados desde o día seguinte a aquel en que sexa executable a resolución pola que se impón a sanción ou transcorre o prazo para presentar recurso contra ela. No caso de desestimación presunta do recurso de alzada interposto contra a resolución pola que se impón a sanción, o prazo de prescrición da sanción comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que remate o prazo legalmente previsto para a resolución do dito recurso.

#### 4.4.3.9. Caducidade do procedemento sancionador.

Nos procedementos sancionadores instruídos en aplicación desta lei deberá ditarse e notificarse a oportuna resolución no prazo máximo dun ano, contado a partir do momento en que se acordou a súa iniciación (art. 48 LPBACG)

A falta de notificación da resolución á persoa interesada no devandito prazo determinará a caducidade do procedemento, agás nos supostos en que o procedemento se paralizase por causas imputables ás persoas interesadas ou se acordase a súa suspensión nos casos previstos no artigo 22 LPACAP, o que interromperá o cómputo do prazo para resolver e notificar a resolución.

Ao se iniciar un procedemento sancionador, de os feitos poderen ser presuntamente constitutivos de delito ou falta, poñerase en coñecemento do Ministerio Fiscal, con remisión do actuado. En aplicación do principio de *non bis in idem* (prohibición de sancionar dúas veces a mesma conduta), a instrución de causa penal perante os tribunais de xustiza suspenderá a tramitación do expediente administrativo sancionador que fose incoado polos mesmos feitos.

#### 4.4.3.10. Publicidade das sancións.

Sinala o art. 49 LPBACG que o órgano competente para resolver o procedemento sancionador poderá acordar por razón de exemplaridade que se dea publicidade ás sancións impostas pola comisión de infraccións graves ou moi graves, cando a especial transcendencia social, sanitaria ou a natureza do prexuízo causado, o asañoamento ou grao de crueldade ou o número de animais afectados motiven a adopción de tal medida. A publicidade destas sancións requirirá que as devanditas sancións adquiran firmeza na vía xudicial.

A publicidade das sancións efectuarase no Diario Oficial de Galicia, facéndose indicación expresa na publicación das persoas físicas ou xurídicas responsables e das infraccións cometidas.

4.4.4. Especialidades do procedemento sancionador comúns ás obrigas de custodia de animais en materias competencia da administración xeral do Estado.

O procedemento sancionador básico é desenvolto, en materias de competencia estatal mediante o RD 137/2021, do 2 de marzo, polo que se establecen disposicións específicas para a tramitación de procedementos sancionadores de sanidade e protección animal establece as bases do procedemento sancionador en relación ao incumprimento da normativa da Unión Europea nas devanditas materias; a Lei 43/2002, do 20 de novembro, de Sanidade Vexetal; a Lei 8/2003, do 24 de abril, de Sanidade Animal, e na LCA, cuxa tramitación e resolución compete á Administración Xeral do Estado.

4.4.4.1. Prazo e tramitación de procedementos sancionadores en materia de sanidade e protección animal.

O prazo para resolver e notificar, segundo o art. 2, será dun máximo de seis meses desde a data de adopción do acordo de incoación dos mesmos, tendo en conta para estes efectos as posibles interrupcións do seu cómputo por causas imputables aos interesados, ou pola suspensión do procedemento a que se refire o artigo 22 da LPACAP. O prazo poderá ampliarse nos termos desa Lei.

O vencemento do prazo máximo establecido sen que se ditara e notificara resolución expresa, dará lugar á caducidade do procedemento.

A tramitación será a prevista na LPACAP. Sen prexuízo diso, cando, conforme ao establecido na LCA, se incoe como consecuencia de infraccións cometidas contra animais de compañía, o órgano instrutor solicitará informe da Dirección Xeral de Dereitos dos Animais, do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, con carácter previo a notificarse a proposta de resolución, para que se pronuncie no marco das súas competencias.

4.4.4.2. Redución da sanción pecuniaria.

Indica o art. 3 RD que de conformidade co previsto no artigo 85.3 LPACAP, nos procedementos sancionadores contemplados no artigo 2, se, iniciado un procedemento sancionador, en calquera momento anterior á resolución o presunto responsable reconece a súa responsabilidade, poderase resolver o procedemento coa imposición da sanción que proceda, e cando a sanción teña unicamente carácter pecuniario, o órgano competente aplicará reducións de ata un máximo do 30 % sobre o importe da sanción proposta.

Así mesmo, cando se produza o pago voluntario polo presunto responsable, en calquera momento anterior á resolución, se a sanción ten unicamente carácter pecuniario, o órgano competente aplicará reducións de ata un máximo do 30 % sobre o importe da sanción proposta.

As reducións previstas nos dous parágrafos anteriores deberán estar determinadas na notificación de iniciación do procedemento, e a súa efectividade estará condicionada á desistencia ou renuncia de calquera acción ou recurso en vía administrativa contra a sanción.

---

4.4.5. Disposicións sancionadoras en materia de seguridade cidadá relacionadas co benestar e coidado dos animais.

Indica a Lei Orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá, entre as súas infraccións leves que ten tal carácter (art. 37.16): *“deixar soltos ou en condicións de causar danos animais ferozes ou daniños, así como abandonar animais domésticos en condicións en que poida perigar a súa vida.”*

Esta conduta ten aparellada unha sanción no art. 39 de multa de 100 a 600 euros.

## 5. Protección do benestar animal no dereito penal español

### 5.1. Os delitos contra os animais no Código Penal.

#### 5.1.1. Introducción.

O Dereito Penal é a rama do dereito que protexe nun ordenamento xurídico os intereses sociais que unha sociedade considera máis importantes para o bo desenrolo da convivencia do grupo humano. Estes intereses sociais de especial relevancia son denominados bens xurídicos penalmente protexidos, precisamente pola especialidade da consecuencia-sanción coa que se castigan os ataques aos mesmos: a pena, da que xorde a denominación Dereito Penal.

As penas que se poden impoñer no sistema penal clasifícanse, pola tipoloxía e gravidade da sanción que levan aparelladas, en :

-Privativas de liberdade, como a prisión e a localización permanente, tamén nomeada noutros países arresto domiciliario.

-Privativas de dereitos, como os traballos en beneficio da comunidade, a privación do permiso que habilita para conducir vehículos a motor, a privación do dereito á tenza e porte de armas ou no eido do benestar animal a privación do dereito á tenza de animais ou a inhabilitación para ter en propiedade ou comerciar con animais ,como logo veremos máis en detalle

-Pecuniarias, como as multas que poden impoñer ou unha cantidade fixa, ou ben o sistema dos días- multa (unha cota diaria de multa durante os días ou meses que se estableza) ou ben a multa proporcional aos beneficios obtidos coa conduta penada. No Código Penal actual utilízase como regra xeral o sistema dos días-multa e para algúns delitos ,como é caso do tráfico de drogas , o sistema da multa proporcional aos beneficios obtidos co a venta das substancias estupefacientes que se castiga nese delito.

Pola súa banda as condutas penalmente tipificadas, tradicionalmente, no ordenamento xurídico español clasificábanse en función da súa gravidade en delitos ou faltas ata que a reforma operada no vixente código Penal de 1995 pola LO 1/20015 de 30 de marzo mudou o criterio, desaparecendo a denominación faltas e diferenciando entre delitos graves ,e menos graves e delitos leves (equivalentes ás antigas faltas) segundo a gravidade da pena coa que sexan castigados, clasificación que ,como veremos se mantén na actualidade, e afecta as condutas penadas no eido do maltrato animal.

Do Dereito Penal tamén se vén dicindo tradicionalmente que é a “*ultima ratio*”, o instrumento que utiliza “*ius Puniendi*” (dereito a castigar) do Estado que se só se utiliza para a protección dos ataques aos bens xurídicos cando todas as outras normas resultan insuficientes ou ineficientes para ese fin.

Porén, a consideración de bens xurídicos que requiren ou merecen protección do Dereito Penal, non é inmutable ao longo da historia das sociedades humanas senón que vai evolucionado e cambiando coa propia evolución da realidade social onde as normas van ser aplicadas e así como hai intereses como a vida humana ou a integridade física das persoas que nas sociedades modernas son indiscutiblemente merecedores da tal protección, non ocorre o mesmo con outros bens xurídicos como a seguridade viaria, o medio ambiente, o urbanismo e o tema que nos ocupa, o benestar animal.

De feito, a consideración do benestar animal como un ben xurídico digno da protección da regulación penal é relativamente recente no Dereito Español.

### 5.1.2. Evolución histórica da regulación penal do maltrato animal

Como sinala Prats (2020), foi no Código Penal de 1928, aprobado durante a Ditadura do Xeral Primo de Rivera, cando por vez primeira se introduciu en España a infracción penal de malos tratos animais, no artigo 810.4, pertencente ás faltas (que eran consideradas entón as infraccións penais máis leves) relativo a omisións facultativas, a omisión na vixilancia de alienados, de animais ferozes e aos malos tratos de animais, introducindo unha sanción cunha pena de 50 a 500 pesetas “*aos que publicamente maltrataren aos animais domésticos ou os obrigaren a unha fatiga excesiva*”.

Non obstante nas regulacións penais posteriores non se recolleu esta conduta ata que o Código penal de 1995, aprobado mediante a Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro, volveu á regulación dos malos tratos animais como falta contra os intereses xerais. Concretamente, o art. 632 establecía que: “*os que maltraten cruelmente aos animais domésticos ou a calquera outros en espectáculos non autorizados legalmente, serán castigados coa pena de multa de dez a sesenta días*”(aquí xa se utiliza como se pode apreciar o sistema dos días multas precisamente introducido por este Código Penal).

E é por fin, coa modificación do Código penal realizada pola Lei Orgánica 15/2003, do 25 de novembro, cando, ademais de manterse a penalización como falta, ampliouse o catálogo de feitos penalmente relevante relacionados cos malos tratos aos animais regulando por vez primeira o delito (infracción de maior gravidade) de malos tratos a animais domésticos, dentro do Título XVI (dentro dos delitos relativos ao Medio Ambiente), no artigo 337, relativo indicando: “*os que maltrataren con asañamento e inxustificadamente a animais domésticos causándolles a morte ou provocándolles lesións que produzan un grave menoscabo físico serán castigados coa pena de prisión de tres meses a un ano e inhabilitación especial de un a tres anos para o exercicio de profesión, oficio ou comercio que teña relación cos animais*”.

Seguindo nesta liña de incrementar a protección do benestar animal ,a reforma realizada mediante a Lei orgánica 5/2010, do 22 de xuño, introduciu importantes cambios no delito tipificado polo art. 337, pois como sinala o Preámbulo XXII da propia lei, “*perfecciónase tecnicamente, eliminando o requisito do asañamento, que dificultaba de maneira notable a aplicación do precepto, co gallo de dotar dunha maior protección aos animais domésticos ou amansados fronte aos malos tratos que*



*ocasionen a súa morte ou menoscaben gravemente a súa saúde*". Así, a nova versión do precepto establecía que: *"o que por calquera medio ou procedemento maltrate inxustificadamente a un animal doméstico ou amansado, causándolle a morte ou lesións que menoscaben gravemente a súa saúde, será castigado coa pena de tres meses a un ano de prisión e inhabilitación especial de un a tres anos para o exercicio de profesión, oficio ou comercio que teña relación cos animais"*.

Así, eliminábase o requisito de que se dese asañoamento, pero mantíñase que o maltrato fose inxustificado, o que supoñía unha remisión á normativa extra penal e dificultaba a interpretación xurisprudencial sobre os casos en que o maltrato podería considerarse xustificado consonte as convencións sociais.

Nesta redacción introduciuse por vez primeira a expresión *"por calquera medio ou procedemento"* que permitirá a comisión por omisión do delito de malos tratos animais, como logo analizaremos con detalle, ampliouse a protección aos animais amansados e aludíuse tamén ao *"menoscabo grave á saúde do animal"*, entendendo por tal non só o da saúde física, senón tamén a afectación da saúde psicolóxica.

Un significativo paso adiante foi o que veu da man da reforma do Código penal operada pola LO 1/2015, do 30 de marzo, pois como destaca Pelegrín López (2018), o benestar dos animais protexidos xa non queda reducido aos animais domésticos e os amansados, regulando no art. 337 o *"delito menos grave de malos tratos a animais domésticos ou amansados, aos animais que habitualmente están domesticados, aos animais que temporal o permanentemente vivan baixo control humano, ou a calquera animal que non viva en estado salvaxe"*, coas súas modalidades de resultado de menoscabo grave á saúde do animal, explotación sexual ou morte, impondo penas de prisión de tres meses e un día a un ano e inhabilitación especial para o exercicio de profesión, oficio o comercio que teña relación cos animais; así como a nova pena de inhabilitación para a tenza de animais. No parágrafo 2º do mesmo artigo 337 castiga distintos comportamentos agravados que implican a posibilidade de impoñer as anteriores penas na súa metade superior *"cando se utilicen armas, instrumentos, obxectos, medios, métodos ou formas concretamente perigosas para a vida do animal; cando medie asañoamento; cando se lle cause ao animal a perda ou a inutilidade dun sentido, órgano ou membro principal ou cando os feitos se executasen en presenza dun menor de idade."* O apartado 3º impón penas aínda máis elevadas *"cando mediante o maltrato se teña causado a morte do animal"*.

No parágrafo 4º inclúese un delito leve de malos tratos, cando este recae sobre un animal doméstico e non causa ningún deses resultados lesivos ou ben os malos tratos afectan a calquera outro animal referido nese precepto sempre que se realice en espectáculos públicos non autorizados.

O art. 337 bis incorpora o delito leve de abandono daqueles mesmos animais referidos no precepto anterior, cando a dita situación supoña un risco para a vida ou a integridade dalgún dos animais protexidos conforme o artigo anterior.

### 5.1.3. Regulación actual

Como fitos máis relevantes da derradeira e vixente reforma cabe sinalar os seguintes:

- Os delitos de maltrato animal pasan a integrar un Título específico dentro do Código penal, o Título XVI bis, "Dos delitos contra os animais", adquirindo substantividade propia o ben xurídico da protección do benestar animal e deixando así de estar integrado no título referente aos delitos contra o medio ambiente

---

-Ampliáanse de novo os animais obxecto de protección abarcando a todos os animais vertebrados, incluíndo os que viven en estado salvaxe

-Endurécense as penas e recóllese un catálogo de circunstancias agravantes específicas dos malos tratos animais que vén ampliar de xeito notable os recollidos na redacción anterior

#### 5.1.3.1. Ben xurídico protexido.

Analizando a evolución da normativa penal podemos observar como a concepción das agresións aos animais domésticos vai evolucionando desde unha perspectiva antropocéntrica na que o ben xurídico que se pretende protexer é un ataque á propiedade humana allea ou unha lesión dos “intereses xerais”, cara unha perspectiva zocéntrica que se reflicte na actual regulación na que se protexe un ben xurídico identificable co benestar dos animais non humanos, a súa vida e a súa saúde, que parte da consideración dos mesmos ,tanto nos Tratados e Convenios internacional como na nova regulación civil e administrativa interna, como seres dotados de sensibilidade. Preténdese con este tipos delitivos ,previr e penar os actos crueis cara aos animais, evitando así o seu consecuente sufrimento ou a probabilidade de que o mesmo chegue a producirse. Como sinala a Sala II do Tribunal Supremo na sentenza 180/2020, xa anterior a esta derradeira regulación, atopámonos “...un marco legal que desprazou a consideración patrimonial dos animais para focalizar o núcleo da prohibición arredor de condutas que xeran o seu sufrimento.” E no mesmo senso ,a sentenza 940/2021 da mesma Sala establece que” o benestar animal é contemplado polo lexislador desde unha base inicialmente antropocéntrica. Aínda que, non se fai desde a protección dos sentimentos individuais de cada suxeito, senón fixando as esixencias penais pola necesidade de preservar unha moral pública partidaria de resgardar o benestar dos animais a partir duns contornos compartidos e socialmente asumibles (...). É dicir, a previsión dunha categoría de delitos exclusivamente orientados a preservar o benestar animal non descansa en que os animais sexan titulares de dereitos, senón en que a natureza humana comporta un deber de respecto ao resto de seres vivos, estando modulada esta esixencia polo grupo social e pola específica formulación do distintos tipo penais polo lexislador”.

#### 5.1.3.2. Condutas típicas

A nova regulación, consonte coa liña iniciada na reforma de 2015, introduce un tipo básico de maltrato animal, un elenco de circunstancias agravantes que amplía as recollidas na anterior regulación, un tipo superagravado cando se ocasione a morte do animal, un tipo atenuado atendendo á menor gravidade das lesións e o delito leve de abandono animal. Ademais, como novidades salientables regula a responsabilidade penal das persoas xurídicas e a posibilidade de adoptar medidas cautelares específicas nestes delitos finalizando con establecemento dunhas normas para revisión de sentenzas ditadas ao abeiro da lexislación penal anterior.

##### 5.1.3.2.1. Tipo básico

O art. 340 bis CP no seu apartado 1 establece: “será castigado coa pena de prisión de tres a dezaioito meses ou multa de seis a doce meses e coa pena de inhabilitación especial de un a tres anos para o exercicio de profesión, oficio ou comercio que teña relación cos animais e para a tenencia de animais o que fóra das actividades

---

*legalmente reguladas e por calquera medio ou procedemento, incluíndo os actos de carácter sexual, cause a un animal doméstico, amansado, domesticado ou que viva temporal ou permanentemente baixo o control humano”,* lesión que requira tratamento veterinario para o restablecemento da súa saúde.

Se as lesións do apartado anterior se causaren a un animal vertebrado non incluído no apartado anterior, imponse a pena de prisión de tres a doce meses ou multa de tres a seis meses, ademais da pena de inhabilitación especial de un a tres anos para o exercicio da profesión, oficio ou comercio que teña relación cos animais e para a tenencia de animais.

Se o delito se cometese utilizando armas de fogo, o xuíz ou tribunal poderá impoñer motivadamente a pena de privación do dereito a tenencia e porte de armas por un tempo de un a catro anos.

#### 5.1.3.2.1.1. Conduta penada. Elementos.

##### 5.1.3.2.1.1.1. Elemento normativo.

A acción típica consiste en causar unha lesión a un animal fóra das actividades legalmente reguladas, é dicir fóra daqueles supostos en que a lexislación contempla actividades que poden resultar lesivas para os animais (por exemplo ser as previsións da Lei 8/2002, do 24 de abril, de sanidade animal ou a Lei 32/2007, do 7 de novembro para o coidado dos animais na súa explotación, transporte), introducindo seguridade xurídica cun parámetro obxectivo que haberá de ser comprobado polo xulgador e substituindo á expresión maltrato “inxustificada” do derogado art. 337 CP, concepto xurídico indeterminado que dificultaba a unidade interpretativa dos tribunais na aplicación do precepto, pois a valoración da xustificación da conduta viña referida non só á normativa reguladora na materia senón tamén a convencións sociais que poderían considerar aceptables comportamentos prexudiciais para o benestar animal.

##### 5.1.3.2.1.1.2. Medios comisivos.

Por calquera medio ou procedemento, incluíndo os actos de carácter sexual, a lesión ou morte do animal pódese causar "por calquera medio ou procedemento, incluíndo os actos de carácter sexual".

A expresión “calquera medio ou procedemento inclúe a comisión do delito tanto con conduta activas como coa mera inactividade ou omisión, como analizaremos a continuación e cos “actos de carácter sexual “ non se castiga a mera relación sexual, senón que require que esta provoque a lesión ou morte do animal.

5.1.3.2.1.1.2.1. Comisión por acción. Neste primeiro suposto, unha acción humana (golpear cun pao, propinar patadas, etc..) é a causante do resultado lesivo para o animal.

Para unha mellor comprensión do concepto veremos algún suposto real recollido en sentenzas ditadas na materia.

Sentenza 221/20 do Xulgado do Penal Nº 2 de Lugo:

---

*“Entre os días 14 e 18 de xaneiro de 2018, o acusado, apoderouse dun can de caza de nome Roki con núm. de microchip 941000017523513, taxado pericialmente en 450 euros, que se lle extraviara ao seu propietario no lugar de Santo Tome, Concello de Cervantes e partido xudicial de Becerreá, durante unha xornada de caza o día 14-01-2018. O can foi recuperado polo seu propietario, cando foi acompañado de axentes da garda civil o día 18.01.2018, na finca “Chao da Vila” pertencente ao acusado e sita no Concello de Cervantes. O acusado que atopara ao can e que quedara con el maila saber quen era o seu dono. Durante o tempo que o acusado tivo ao can no seu poder, colocoulle unha goma na cola que lle cortou a circulación sanguínea, provocando que o día 24 -01 -2018 lle caese parte da cola. O can necesitou asistencia veterinaria consistente en operación cirúrxica para evitar a infección no muñón e un tratamento cunha pomada cuxo custo total ascendeu a 1960 euros segundo as facturas presentadas e como consecuencia da perda da cola o valor do can depreciouse en 200 euros”.*

A sentenza condena por delito de maltrato animal dado que a perda da cola que requiriu asistencia veterinaria foi directamente causada pola goma colocada polo acusado que lle cortou a circulación na zona. Veremos máis supostos de conduta activa ao analizarmos os tipos agravados e o suposto super-agravado de morte do animal

5.1.3.2.1.1.2.2. Comisión por omisión. o resultado lesivo tamén causar coa mera inacción, cando precisamente ese “non facer”, non prestar os coidados ou asistencia necesaria por quen sexa o a persoa responsable do animal leva como consecuencia que a saúde do animal resulte menoscabada.

As sentenzas seguintes, condenatorias todas elas por delito de maltrato animal reflicten de xeito claro o a conduta omisiva con resultado lesivo:

Sentenza 239/2020 do Xulgado do Penal Nº 2 de Lugo:

*“O acusado, con pleno coñecemento e absoluto desprezo dos coidados necesarios e normas básicas para garantir a vida e saúde dun animal doméstico, desentendeuse, sen causa xustificada dun can da súa propiedade, raza San Bernando, chamado Charlie, con número de microchip 94100002617881 a nome do acusado, ao que deixou abandonado á súa sorte, aproximadamente a finais de decembro de 2019 e principios de xaneiro de 2020, no exterior, a plena intemperie na vivenda que previamente alugara sita no número 4 da Nacional VI, termo municipal de Begonte, sen ningunha posibilidade de recibir os máis elementais coidados para sobrevivir, como auga ou comede e lugar onde gorecerse e sen que dese a ningún indicación algunha para que puidese atendelo, e evitar que morrese de fame, condenándolle así a unha lenta e segura agonía.*

*Sendo así as cousas en data 20/01/2020, empregados da Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo desprazáronse ao lugar onde se atopaba o can, tras recibir aviso do Concello, podendo constatar a situación de absoluto abandono na que se atopaba. Charlie atopábase no acceso á vivenda, sen ningún tipo de teitume, ou resguardo, nunhas condicións hixiénico sanitarias lamentables rodeado de lixo e dos seus propios excrementos, sen alimento algún, nin auga á súa disposición.*

*Segundo o informe Veterinario, presentaba un estado físico moi malo, caquexia, deshidratación infección en ollos e ambos os ouvidos sendo diagnosticado de cistite, distensión severa da vexiga, delgadeza extrema, otite bilateral severa, pedodermatite*

severa, parasitose externa, problemas de mobilidade extremidades posteriores, nódulos en bazo e neoplasia no testículo dereito. Debido ao seu precario estado de saúde foi ingresado no hospital Rof Codina, onde permaneceu durante máis de 15 días, experimentando unha melloría nas súas patoloxías. Tras o alta hospitalaria o can foi trasladado á residencia Ou Camiño de Sarria, onde continuou o tratamento e chegou a experimentar sensible melloría. Con todo, o día 14/03/2020 o estado de saúde de Charlie agravouse nos días posteriores, o que levou a tomar a decisión de proporcionarlle unha sedación previa e posterior eutanasia o día 18/03/2020.”

Sentenza 8/2022, do Xulgado do Penal Nº 1 de Lugo:

“O día 22 de abril de 2019 sobre as 20:00 horas os axentes da autoridade compareceron no domicilio do acusado, sito no lugar da Viña número 2, parroquia de Ambreixo, no municipio de Chantada. Unha vez no interior, accedendo ao recinto co permiso da nai do acusado, os axentes comprobaron que o acusado tiña baixo o seu coidado 17 cans, achándose 3 deles nunhas condicións hixiénico-sanitarias moi deficientes. En concreto, o acusado, con ánimo de menoscabar a súa integridade física, tiña baixo o seu coidado a unha cadela de raza cruce de mastín, de cor negra e branco, non identificada, nunha situación de delgadeza extrema, sen auga nin alimentos ao seu alcance; o referido animal presentaba ademais unha otite bilateral, con secreción de cor marrón, tiña a pel hiper-pigmentada, carecía de varios incisivos e tiña unha ferida antiga no pescozo, provocada por un elemento de suxeición. Como consecuencia de tales feitos a cadela tivo que ser incautada ese mesmo día polos axentes e sometida a un tratamento veterinario. Así, foille diagnosticada unha desnutrición severa, con condición corporal moi baixa, anemia, ferida no pescozo debido ao sistema de suxeición, otite crónica, nódulo mamario e parasitose externa.

Por outra banda, o acusado tiña na súa posesión dous cachorros non identificados en estado de delgadeza que foron diagnosticados de desnutrición, (con condición corporal baixa), parasitose externa, anemia e unha fobia social e ambiental. Tales animais estaban baixo o coidado do acusado quen, sendo consciente da situación na que se achaban, tíñaos en condicións completamente inadecuadas para o seu coidado e que comprometían a súa integridade: sen comida suficiente nin auga limpa ao seu alcance. Como consecuencia de tales feitos os cachorros tiveron que ser incautados tamén ese mesmo día polos axentes e sometidos a tratamento veterinario”

Sentenza 87/2020 do Xulgado do Penal Nº 2 de Lugo:

“A acusada mantiña no interior da devandita leira, a cal se atopaba totalmente cercada e pechada e sen posibilidade de saír da mesma, un cabalo ponei e dous cans adultos (un pastor alemán macho e unha femia de mastín), os cales deron lugar a sucesivas camadas de cachorros de forma continua que convivían cos mesmos.

A acusada, polo menos durante o referido período de tempo, incumpriu a súa obrigaón de proporcionar aos mencionados animais a necesaria atención, supervisión, control e coidados hixiénicos e sanitarios, por canto mantivo aos mesmos privados durante longos períodos de tempo de alimentación e bebida, sendo atendidos só de forma moi ocasional lanzándolles bolos de pan; non se proporcionou aos devanditos animais a necesaria vacinación e desparasitose, nin ningún outro tipo de tratamento veterinario preventivo, paliativo ou curativo necesarios para garantir un bo estado sanitario ou que lles evitasen sufrimento, non levou a cabo ningunha acción para limitar ou evitar a reprodución incontrolada dos animais, non se controlou e supervisou a xestación e parto das sucesivas camadas, nin se proporcionaron coidados, alimentación e atención facultativa nin de calquera outra natureza ás

mesmas; a leira achábase en pésimas condicións hixiénico sanitarias, achándose nun estado de total abandono, invadida pola maleza, con suciedade xeneralizada e con abundantes restos de materiais de construción (ladrillos rotos, sacos, ferros oxidados etc.) que supoñían un risco físico para os animais, carecendo de calquera clase de comedeiros e bebedoiros, así como de lugares adecuados para acubillarse fronte as inclemencias meteorolóxicas. Como consecuencia da devandita situación, os referidos cans adultos mantivéronse durante ese período nunha situación de severa desnutrición e deshidratación e con parasitose. Durante o ese período de tempo, co citado pónei e os devanditos cans adultos, conviviron varios cachorros produto do cruzamento destes últimos, os cales foron mantidos pola acusada nas mesmas precarias condicións xa relatadas e sufriron, igualmente, un estado de notoria mal nutrición, caquexia (delgadeza extrema), deshidratación e parasitose.

En data do 26 de setembro de 2019, os dous cachorros existentes naquel momento (duns catro meses de idade) foron retirados pola Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo e trasladados para o seu coidado e recuperación ao Centro Veterinario Rof Codina, presentando, naquel momento, un mal estado xeral, delgadeza (condición corporal 1/5), deshidratación (8-10 %) e pulgas, precisando do seu internamento no devandito centro para recibir tratamento veterinario continuado. Un deles atopábase no momento do seu ingreso prostrado, case estuporoso, incapaz de suxeitarse en pé, con mucosas pálidas e secas e persistencia do pregue cutáneo, presentando anemia microcítica e hipocrómica non rexenerativa (18 %) e trombocitose (asociado á falta de ferro), hipoproteïnemia e hipoglucemia, todo iso derivado dun cadro de desnutrición severo, falecendo ao día seguinte como consecuencia do anteriormente relatado e a pesar do tratamento dispensado no devandito centros referidos cans adultos, así como outros tres cachorros (duns dous meses de idade) produto dunha nova camada dos mesmos foron retirados en data do 22 de xaneiro de 2020 e entregados para o seu coidado á Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo. O referido pónei foi atopado morto na mesma data o 22 de xaneiro de 2020, non podendo determinarse as causas do seu falecemento.”

Esta sentenza, ao seren afectados varios animais e manterse no tempo a conduta ,condenou por delito de maltrato animal continuado , o que supón a aplicación do artigo 74.1 do Código Penal ,que precisamente por afectar a unha pluralidade de suxeitos pasivos ( os que sofren a conduta delitativa ;neste caso ,os animais) e darse ao longo dun período de tempo en ocasións idénticas ,leva consigo a agravación das penas que se imporán na súa metade superior

5.1.3.2.1.1.2.3. Comisión por acción e omisión. Nesta sentenza podemos ver claramente que o maltrato se produce tanto pola conduta activa como pola conduta omisiva.

Sentenza 315/2020 do Xulgado do Penal Nº 2 de Lugo:

“Entre o mes de agosto de 2019 e o mes de xaneiro de 2020, tiña ao seu cargo, no interior dunha leira sita no lugar de Espadelas-Galegos, Concello de Lugo, a cal se atopaba totalmente cercada e pechada e sen posibilidade de saír da mesma, unha cadela de cuxa alimentación e coidado era responsable. O acusado, durante, polo menos, o referido período de tempo, incumpriu a súa obriga de proporcionar ao mencionado animal a necesaria atención, supervisión, control e coidados hixiénicos e sanitarios, por canto mantivo ao mesmo privado da adecuada alimentación e bebida, sendo atendido só de forma moi ocasional; non se proporcionou a devandito animal a

*necesaria vacinación e desparasitación, nin ningún outro tipo de tratamento veterinario preventivo, paliativo ou curativo necesario para garantir un bo estado sanitario ou que lle evitasen sufrimento (conduta omisiva); a leira e o inmovible sito no seu interior achábanse en pésimas condicións hixiénico sanitarias, achándose nun estado de total abandono, invadidos pola maleza, con suciedade xeneralizada, abundantes restos de materiais de construción metálicos oxidados, capas de esterco antigo de gañado ovino-caprino, lixo e unha fosa séptica descuberta con auga en estado de putrefacción, circunstancias todas elas que supoñían un risco físico para o devandito can.*

*Doutra banda, en data non determinada, o acusado procedeu á amputación das orellas da devandita cadela, mediante un corte recto das mesmas desde a base do pavillón auricular.(conduta activa)*

*Como consecuencia da devandita situación, o referido can mantívose durante o ese período nunha situación de severa desnutrición e deshidratación e parasitose (resultado lesivo). En data do 24 de xaneiro procedeuse á intervención por parte de axente da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, en colaboración con membros da Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo, constatándose no devandito momento a situación de grave risco para a súa vida, dado o estado de extrema delgadeza do animal (1-2 sobre 5), dificultade para camiñar como consecuencia do estado de debilidade e excesiva palidez das mucosas compatible con anemia e deshidratación en grao medio(resultado lesivo).. Así mesmo, constatouse a situación xa referida da citada leira e inmovible, así como a inexistencia de comida e de auga potable, localizándose dúas garrafas utilizadas como bebedeiro, as cales contiñan auga con materia orgánica en descomposición que a facía totalmente insalubre. Ante iso, procedeuse á retirada da cadela polos membros da Sociedade Protectora e o seu trasladado para o seu coidado, tratamento e recuperación ao Centro Veterinario Rof Codina, diagnosticándose á mesma parasitose interna por *Ancylostoma Trichuris*, cistite, delgadeza extrema, masa abdominal e nódulo en M4 dereita (neoplasia, inflamación [resultado lesivo]). Como consecuencia do devandito estado físico, fíxose preciso o seu internamento no devandito centro para recibir tratamento Veterinario continuado. Tras a atención facultativa prestada á referida cadela, esta recuperouse das súas doenzas, aínda que lle restou como secuela unha otite crónica derivada da amputación das súas orellas”.*

#### 5.1.3.2.1.1.3. Conduta intencionada.

A conduta de maltrato ha de ser intencionada, querida e aceptada polo autor. No que en Dereito Penal se denomina elemento subxectivo do inxusto, concorre o chamado dolo penal que é sinónimo de intención, da vontade de querer realizar a conduta e de asumir o resultado lesivo que con ela se produce. Non cabe neste delito a concorrencia da imprudencia, que suporía, na banda contraria do dolo, a falta de prestación da dilixencia debida ou esixida nunha determinada situación (por exemplo, na persoa que ten un animal baixo o seu coidado) pero tamén a falta de intencionalidade e de vontade de causar o resultado lesivo.

#### 5.1.3.2.1.1.4. Animais protexidos.

A regulación actual deu en ampliar o elenco dos animais protexidos a todos os animais domésticos, amansado, domesticado ou que vivan temporal ou permanentemente

---

baixo o control humano aos animal vertebrados en xeral, pero castigando con menor pena as condutas lesivas provocadas a estes últimos.

#### 5.1.3.2.1.1.5. Resultado lesivo.

A reforma tamén introduce unha importante novidade ao esixir que a lesión ocasionada requira tratamento veterinario para o restablecemento da súa saúde, concepto en certo modo equivalente ao de tratamento médico esixido no artigo 147 CP para o delito de lesións ocasionadas ás persoas. Porén, como afirma Mateos Rodríguez-Arias (2023), contrariamente a este precepto, para as lesións dos animais o artigo 340 bis CP non distingue entre primeira asistencia e tratamento médico ou cirúrxico para considerar a conduta delito leve ou delito menos grave, de maneira que a necesidade de tratamento veterinario fará que a conduta sexa tipificada como o delito menos grave do apartado 1 do art. 340 bis CP e a ausencia deste tratamento, ao delito leve do apartado 4 do mesmo precepto. Aínda que segue sendo un concepto que haberá de ser obxecto de interpretación polos tribunais, é moito máis obxectivo que o que contiña o antigo art. 337 CP que esixía que as lesións menoscabasen gravemente a saúde do animal. Concepto xurídico indeterminado que levou a interpretacións moi diversas na xurisprudencia e foi criticado de modo singular na STS 229/2022, do 11 de marzo, ao dicir que "*...o lexislador, con escasa deferencia ao principio de taxatividade, bota man no labor tipificador dun cualificativo -grave-demasiado elástico. Esta basta técnica lexislativa é campo ben abonado para provocar valoracións moi dispares en supostos esencialmente iguais. Decidir cando o menoscabo é grave e cando non o é, é tarefa preñada de relativismo, que aconsella un esforzo por parte desta Sala Segunda para tratar de fixar unhas mínimas pautas compartidas que afasten ou mingüen o risco de interpretacións moi dispares*".

Consonte o anterior, calquera lesión que requira tratamento veterinario, independente do menoscabo que represente para a saúde do animal será penada neste delito. Agora ben, a intensidade da intervención veterinaria requirida, a hospitalización, o risco vital xerado pola ferida, o tempo de curación, as secuelas que deixe a lesión etc., deberían ser valoradas para determinación das penas a impor no caso concreto .

#### 5.1.3.2.1.1.6. Penas previstas.

O tipo prevé a imposición alternativa das penas prisión de tres a dezoito meses ou de multa de seis a doce meses e en todo caso da pena de inhabilitación especial dun a tres anos para o exercicio de profesión, oficio ou comercio que teña relación cos animais e para a tenencia de animais, pena privativa de dereitos que fora introducida para estes delitos pola reforma da LO 1/2015, moi adecuada para evitar a reiteración do delito por parte dos autores, que pode presentar, ao noso ver, problemas de aplicación práctica, no caso da privación da tenencia, ao seren normalmente as administracións ou as sociedades protectoras de animais as que se farán cargo dos animais incautados cos custos que xera, o que faría necesario que se estableza a dotación de medios materiais e persoais precisos para iso. Tamén se introduce a imposición motivada (é dicir, razoada) da privación do dereito a tenza de armas cando se utilicen armas de fogo para cometer o delito.



5.1.3.2.2. Tipos agravados.

O apartado 2º do artigo 340 bis sinala que as penas previstas no apartado anterior imponse na súa metade superior cando concorra algunha das seguintes circunstancias agravantes:

- Utilizar armas, instrumentos, obxectos, medios, métodos ou formas que puidesen resultar perigosas para a vida ou saúde do animal.

Esta agravación, xa introducida na reforma de 2015, recolle para o maltrato animal unha agravación polo medio empregado para producir a lesión en paralelo coa que establece o art. 148.1 CP para os delitos de lesións ás persoas, que vén poñer de manifesto a evolución na consideración e no protección do benestar animal na lexislación penal.

-Executar o feito con asañoamento.

O asañoamento, tamén introducido como agravante no 2015, vén definido legalmente no art. 22 núm. 5 CP, dentro das circunstancias de modo xenérico agravan a responsabilidade criminal, como *“aumentar inhumana e deliberadamente a dor do animal ofendido, con padecementos innecesarios”*, e supón outra mostra da evolución lexislativa deste delito. Antes da reforma do CP mediante a LO 5/2010, o art. 337 CP castigaba maltratar con asañoamento e inxustificadamente a animais domésticos, polo que ese asañoamento constituía un elemento necesario do tipo dos malos tratos de animais. A partir do 2010 desapareceu como tal e despois do 2015, pasou a regularse como un suposto de agravación da conduta.

Veremos agora, nunha recente sentenza, a petición feita polas acusacións da aplicación do medio perigoso e do asañoamento como neste caso ambas as dúas non son apreciadas polo xulgador, expresando os motivos nos razoamentos xurídicos .

A Sentenza 1/2023, de 9 de xaneiro Xulgado do Penal nº1 de Lugo, considera probados os seguintes feitos:

*“PRIMEIRO.- Considérase probado que traballador de, Ganderías P .L.U., desde o mes de maio de 2019 ata o mes de agosto de 2019, habitualmente maltrataba ás vacas cando estas atopábanse na sala de muxido, golpeándoas cunha chave de parafusos nas ubres.*

*SEGUNDO.- Como consecuencia destes malos tratos as vacas da explotación presentaban un importante nerviosismo, o que afectou á produción de leite, e obrigou a recorrer ao uso frecuente de oxitocina.*

*TERCEIRO.- O importe dos prexuízos causados á explotación, Ganderías P S.L.U., pola perda de produción consecuencia dos malos tratos dispensados ás vacas durante os meses de maio, xuño, xullo e agosto de 2019 ascende á cantidade de 3.874 euros.”*

E na Fundamentación Xurídica fai a seguinte argumentación:

*“PRIMEIRO.- Os feitos declarados probados resultan da proba practicada no acto da vista e da documental achegada ás actuacións.*

*A testemuña C, veterinaria, quen acudía á explotación Ganderías P S.L.U. con frecuencia mensual, declarou que as vacas presentaban síntomas de estrés na sala de muxido, moito nerviosismo, non querían entrar e saían precipitadamente. Ademais, había que picar moita oxitocina porque ás vacas non lles baixaba o leite. Tamén presentaban feridas na punta da mamila. Isto levouna a pesar que pasaba algo no*

---

*momento do muxido, polo que advertiu ao propietario, quen revisou as gravacións das cámaras de seguridade.*

*Pola súa banda R., propietario da gandería, confirma que os veterinarios lle puxeron en alerta, que entón foi cando revisou as cámaras de seguridade (no mes de setembro de 2019) e viu como o acusado collía unha chave de parafusos que teñen na sala de muxido e craváballe ás vacas en repetidas ocasións. A testemuña fixa o comezo de tales condutas no mes de maio de 2019, coincidindo coa súa baixa laboral, e asegura que é imposible que este comportamento leve anos producíndose porque el daríase conta. Finalmente, M., compañeiro de traballo, asegura que o viu en varias ocasións maltratar ás vacas (atizáballes coa mangueira, dáballes co pastor eléctrico), aínda que non fixou temporalmente tales feitos. Constan ademais achegadas ás actuacións fotografías nas que se pode ver unha res con ferida en zona perimamaria, e que o informe de data 18/11/2019 elaborado por M. de Servizos Veterinarios dá P.S.L.P. relaciona cos malos tratos. Tamén figura fotografía da chave de parafusos utilizada polo acusado para a comisión dos feitos. Así mesmo, procedeuse na vista á visualización das cámaras de seguridade correspondentes á sala de muxido da explotación Ganderías P S.L.U. nas que se pode ver claramente como o acusado golpea ás vacas cun obxecto na zona das ubres. Non consta de ningún xeito que tales imaxes fosen manipuladas....*

*SEGUNDO- En canto á cualificación xurídica, os feitos declarados probados son constitutivos dun delito de malos tratos animais tipificados no artigo 337.1 do Código penal.*

*No presente caso non procede a aplicación do subtipo agravado do artigo 337.2 a) pois aínda que é certo que o acusado empregou unha chave de parafusos, non consta a produción de lesións de especial gravidade. As circunstancias concorrentes non permiten afirmar que o uso da arma reforce o desvalor da acción incrementando de forma mensurable o perigo de lesión (no sentido da sentenza do Tribunal Supremo de 20/09/2021 que establece os presupostos para a apreciación do subtipo agravado de utilización de armas ou outros instrumentos perigosos no delito de lesións).*

*Tampouco consta a concorrencia de asaño definido no artigo 22.5 como aumento deliberado e inhumado do sufrimento da vítima, causando a esta padecementos innecesarios para a comisión do delito.”*

*A sentenza basea nestes motivos a non aplicación das agravantes. Porén, ao noso ver , atendendo aos elementos esixidos polo tipo penal para apreciar a concorrencia das mesma, poderían ter sido apreciadas tal como solicitaban o Ministerio Fiscal e a acusación particular, mais o dereito non son matemáticas, como coloquialmente se di, e calquera decisión baseada nunha motivación razoada, é xuridicamente válida aínda que a valoración xurídica feita polo tribunal na sentenza é a que finalmente se impón.*

*- Causar ao animal a perda ou a inutilidade dun sentido, órgano ou membro principal.*

*Por órganos ou membros principais hanse de entender aqueles que non son necesarios para a vida do animal pero que compren unha importante misión, como pode ser unha pata, un á ou un ollo. É un suposto agravado tamén consonte coas previsións feita no artigo 149 do CP para as lesións causadas aos seres humanos*

*- Realizar o feito polo seu propietario ou quen teña confiado o coidado do animal.*

*Esta agravante é introducida pola nova reforma e está directamente relacionada coa ampliación do elenco dos animais obxecto de protección e coa evolución normativa*

que considera agora que a conduta ten un maior “desvalor” ao ser realizada por quen estea a cargo do animal.

- Executar o feito en presenza dun menor de idade ou dunha persoa especialmente vulnerable.

Esta agravante introducida no 2015 vén protexer ademais do maltrato animal á indemnidade dos menores de idade pola a repercusión negativa que pode ter presenciar eses feitos na formación do menor, actos de crueldade contra os animais realizados polo maltratador con plena consciencia da súa presenza .

- Executar o feito con ánimo de lucro.

Esta agravante introducida na nova regulación será de aplicación a supostos de tráfico, compra venta e cría lucrativa e ilegal de animais que leve aparelada o maltrato dos mesmos.

- Cometer o feito para coaccionar, intimidar, acosar ou producir menoscabo psíquico a quen sexa ou fose cónxuxe ou a persoa que estea ou estivese ligada ao autor por unha análoga relación de afectividade, aínda sen convivencia.

De entre as circunstancias introducidas coa reforma de 2023 merece destacarse esta que, como sinala Mateos Rodríguez-Arias (2023), vén encadrarse na loita contra a violencia vicaria que supón a utilización e neste caso, o maltrato dos animais de compañía para intimidar ou coaccionar á outra persoa no marco dunha relación de afectividade e segue a liña marcada pola Lei 17/2021, do 15 de decembro, que reforma o art. 92.7 do Código civil sinalando que, en casos de separación, nulidade ou divorcio, non procederá a garda conxunta de ambos os proxenitores se se aprecia a existencia de malos tratos a animais, ou a ameaza de causalos, como medio para controlar ou vitimizar o outro cónxuxe ou os fillos que conviven con ambos.

De feito, estas condutas xa se daban con anterioridade á reforma e un bo exemplo é o suposto que se recolle na sentenza que examinamos a continuación na que, ademais de condenarse por varios feitos constitutivos de maltrato habitual no ámbito familiar, tamén se penou por un delito de maltrato animal ao que, na actual, lle sería aplicable esta agravación.

Sentenza 158/20 do Xulgado de Penal nº1 de Lugo:

*“O acusado tiña unha cadela á que agredía continuamente mediante patadas, dentadas, causándolle feridas, non permitindo que María (a súa parella,) a levase ao veterinario. Así, a principios de setembro de 2017, na mesma data que o episodio do coche (un episodio de maltrato á parella), María acudiu xunto con Alejandro ao domicilio do acusado, o cal mantivo unha actitude agresiva coa cadela, presentando marcas de mordela na cabeza”.*

- Executar o feito nun evento público ou difundilo a través de tecnoloxías da información ou a comunicación.

No relativo a esta circunstancia , tamén introducida de novo cuño polo reforma de 2023 ,o lexislador aplica un maior reproche penal aquelas condutas que dan unha publicidade ao maltrato ao facelo público a través dun evento ou aínda máis público coa súa difusión nas redes sociais alcanzando así a unha xeneralidade de persoas que ponde manifesto unha certa intención de exaltación ou normalización do maltrato e ata de se gabar do mesmo.

---

Un bo exemplo da difusión nas redes sociais aparece na sentenza que recollemos a continuación, no que ademais de ser condenado por un delito de difusión de pornografía infantil o acusado foi condenado pro un delito de maltrato animal ao agora lle sería de aplicación esta circunstancia.

Sentenza da Audiencia Provincial de Lugo 102/19, que recolle, no que nos incumbe, os seguintes feitos probados:

*“Por outra banda, o procesado o día 2 de decembro de 2015, no domicilio sito en Rúa --- , número --- de Chantada, con ánimo de menoscabar a saúde de varias crías de gato de moi curta idade que eran da súa propiedade, levou a cabo uns malos tratos de extrema crueldade esmagándoas ou destripándoas, facéndoo con gran asaño e causándolles a morte. Ademais, o procesado procedeu a continuación a masturbarse diante dos restos dos animais, gravando todos estes feitos para distribuír os vídeos posteriormente entre outros usuarios da internet.*

*Ademais, o procesado o día 25 de marzo de 2016 no domicilio sito na Rúa -- número - de Chantada, con ánimo de menoscabar a saúde de varias crías de gato de moi curta idade e que eran da súa propiedade, levou a cabo uns malos tratos de extrema brutalidade sobre as mesmas, golpeándoas, esmagándoas ou destripándoas, facéndoo con gran asaño e causándolles a morte. Ademais, o procesado procedeu a continuación a masturbarse diante dos restos dos animais, gravando a súa actuación para posteriormente distribuír os arquivos entre outros usuarios da internet.*

*Finalmente, o procesado nun momento non precisado, pero en todo caso anterior ao día 3 de maio de 2017 no domicilios sito na Rúa -- número - de Chantada, con ánimo de menoscabar a saúde de varios coellos da súa propiedade, levou a cabo uns malos tratos de extrema brutalidade sobre eles, degolándoos, facéndoo con gran asaño e causándolles a morte. Igualmente, o procesado gravara todos estes feitos para distribuír os vídeos entre outros usuarios da internet..”*

- Utilizar veneno, medios explosivos ou outros instrumentos ou artes de similar eficacia destrutiva ou non selectiva.

Por último, cabe destacar que a agravante de utilización de veneno, medios explosivos ou outros instrumentos ou artes de similar eficacia destrutiva ou non selectiva vén reproducir os medios recollidos no delito tipificado no art. 336 CP respecto á utilización destes medios no exercicio da caza e da pesca.

No caso de morte do animal, cando este pertenza a unha especie protexida, (conduta recollida no art. 334 CP) ou a morte se produza durante o exercicio da caza ou pesca (conduta castigada no art. 335 CP), producirase un concurso de normas entre estes preceptos e o art. 340 bis. 3 CP que, de acordo co principio de especialidade recollido no art. 8 CP, que establece que no caso de que a conduta delitiva sexa susceptible de incardinarse en varias normas penais deberá aplicarse o precepto máis especial (neste caso o que recolle circunstancias máis especiais é o que contén as normas referentes á caza e á pesca) con preferencia sobre o xeral, resolverase aplicando o artigo 336.

Un exemplo práctico atopámolo na seguinte sentenza na que se condenou o acusado por un delito do artigo 336 CP:

Sentenza Conformidade Xuízo Rápido 31/21 Xulgado de Instrución de Becerreá:

*“Entre os días 24 de xaneiro de 2021 e de febreiro de 2021 , o acusado, A., no monte da Silva lugar de Vilarín concello de As Nogais e partido xudicial de Becerreá, colocou*

*varias lazos para cazar animais, resultando atrapados un xabaril e dous cans, un deles propiedade de L. que non sufriu danos e regresou á casa polo seu pé , e o outro can ,un pastor alemán de nome Lucas, propiedade de M., que sufriu feridas que requiriron asistencia veterinaria e finou 3 días despois de ser rescatado. O custo da asistencia veterinaria prestada ascendeu a 377,26 euros, segundo a factura aportada.”*

#### 5.1.3.2.3. Penas na metade superior.

A metade superior da pena calcúlase dividindo o intervalo entre os anos de extensión da pena entre dous e restando o resultado da pena máxima para calcular o novo límite mínimo; por exemplo, nun delito con pena de 2 a 8 anos, a súa metade superior será a pena de 5 a 8 anos. Así ,á vista das penas do apartado 1 do artigo 340 bis as que corresponde impor aos tipos agravados do apartado 2 serán de prisión de dez meses e 15 días a dezaoto meses ou multa de nove a doce meses e de inhabilitación especial de dous a tres anos para o exercicio de profesión, oficio ou comercio que teña relación cos animais e para a tenencia de animais.

#### 5.1.3.2.4. Tipo “super-agravado”.

O artigo 349 bis .3 eleva as penas no suposto de resultado mortal pois:

*“Cando, con ocasión dos feitos previstos no apartado primeiro deste artigo, se cause a morte dun animal doméstico, amansado, domesticado ou que viva temporal ou permanentemente baixo o control humano, impoñerase a pena de prisión de doce a vinte e catro meses, ademais da pena de inhabilitación especial de dous a catro anos para o exercicio de profesión, oficio ou comercio que teña relación cos animais e para a tenencia de animais.*

*Cando, con ocasión dos feitos previstos no apartado primeiro deste artigo, se cause a morte dun animal vertebrado non incluído no apartado anterior, impoñerase a pena de prisión de seis a dezaoto meses ou multa de dezaoto a vinte e catro meses, ademais da pena de inhabilitación especial de dous a catro anos para o exercicio da profesión, oficio ou comercio que teña relación cos animais e para a tenza de animais.*

*Se o delito se cometeu utilizando armas de fogo, o xuíz ou tribunal poderá impoñer motivadamente a pena de privación do dereito á tenza e porte de armas por un tempo de dous a cinco anos.*

*Cando concorra algunha das circunstancias previstas no apartado anterior, o xuíz ou tribunal impoñerá as penas na súa metade superior”.*

Exemplos de aplicación deste suposto quedan reflectidos nas seguintes sentenzas:

Sentenza 118/20 do Xulgado do Penal nº1 de Lugo:

*“Entre os días 17 de outubro e o 18 de outubro de 2018 , a acusada, de forma intencionada e guiada do ánimo de acabar coa vida do animal atou cunha corda a un can podenco de tamaño mediano cor marrón da súa propiedade a unha pedra de grandes dimensións situada no seu domicilio Lugar de Pacio, Pinol na localidade de Sober provincia de Lugo para posteriormente golpealo na cabeza cunha maza ata causar a morte do animal.”*

Sentenza 429/2022 do Xulgado do Penal nº2 de Lugo:

*“O día 26 de maio de 2020, de forma intencionada e guiada do ánimo de acabar coa vida do animal da especie canina sen raza definida, sendo mestizo de pastor alemán con numero de Chip --, propiedade de M., que se atopaba nas inmediacións da explotación gandeira do procesado ,situada en O Páramo, Lugo, disparou cunha carabina de aire comprimido marca Hatsan Striker alcanzando o pulmón do animal causándolle a morte días despois. Os gastos veterinarios, de tratamento de cadáver e necropsia do animal ascenden a 96,80 euros.”*

#### 5.1.3.2.5. Tipo atenuado.

O apartado 4º do devandito artigo recolle unha conduta de menor gravidade determinando que *“Se as lesións producidas non requirisen tratamento veterinario ou se maltratase gravemente ao animal sen causarlle lesións, imponse unha pena de multa dun a dous meses ou traballos en beneficio da comunidade dun a trinta días. Así mesmo, imponse a pena de inhabilitación especial de tres meses a un ano para o exercicio de profesión, oficio ou comercio que teña relación cos animais e para a tenencia de animais”*.

Esta conduta, considerada polo lexislador de menor desvalor xurídico é constitutiva dun delito leve de maltrato animal ao ser penado cunhas penas recollidas no CP como penas leves pola súa menor duración, e malia a nova redacción, xa era recollido da redacción de 2015. A novidade máis importante da reforma, como desataca Mateos Rodríguez-Arias (2023), é que se suprime a esixencia do antigo art. 337.4 de que o maltrato tivese lugar en espectáculos públicos non autorizados, outro sinal máis na evolución no eido penal do tratamento destes delitos.

#### 5.1.3.2.6. O delito leve de abandono.

O art. 340 ter CP establece:

*“Quen abandone a un animal vertebrado que se atope baixo a súa responsabilidade en condicións en que poida perigar a súa vida ou integridade será castigado cunha pena de multa dun a seis meses ou de traballos en beneficio da comunidade de trinta e un a noventa días. Así mesmo, imponse a pena de inhabilitación especial dun a tres anos para o exercicio de profesión, oficio ou comercio que teña relación cos animais e para a tenencia de animais”*.

Este precepto tipifica o abandono de animais de forma moi similar ao derogado art. 337 bis CP que, á súa vez, tipificaba como delito leve o que antes da reforma de 2015 castigábase como falta.

O requisito relevante para ser autor do delito non será que este sexa o propietario ou titular legal do animal afectado, senón que sexa que o teña baixo a súa responsabilidade, de xeito que o animal estea ao seu cargo e dependa del.

A diferenza dos tipos do artigo anterior que esixían a produción resultado lesivo no animal, neste suposto atopámonos ante un delito de perigo que se consuma cando a acción do abandono orixine unha situación de perigo para a vida ou para a saúde do animal. Trátase dun nun risco de carácter abstracto, potencial ou hipotético que terá que ser analizado en cada caso concreto, debendo terse en conta as circunstancias que concorran nesa situación do abandono. Ha de valorarse a situación de perigo sufrida polo animal neses momentos de desamparo xerados polo abandono do autor e se existiron posibilidades de que se vise comprometida gravemente a súa saúde ou

---

a súa vida, sen que sexa necesario acreditar que o animal estivese case a piques de morrer ou de resultar lesionado de forma grave, pois non se presenta neste tipo penal o resultado como un risco concreto e ademais tampouco se require de maneira expresa que o perigo orixinado teña que ser grave.

Do mesmo xeito que sucede cos malos tratos dun animal estamos tamén ante un delito doloso que esixe que o autor saiba que deixa ao animal nese estado de abandono, ha de ter coñecemento da súa responsabilidade respecto do animal e de que o deixa nunha situación que implica un risco para a súa saúde ou para a súa vida.

Se a situación de risco ocasionada con esa conduta de abandono produce de maneira efectiva a morte ou a lesión grave do animal afectado estaremos entón delito de malos tratos do art.340 bis.4 CP. Esta é a postura que se recolle, por exemplo, na Sentenza da Audiencia Provincial de Madrid do 16 de outubro de 2017 en relación a uns feitos sucedidos antes da reforma de 2015, confirmándose a condena imposta por un Xulgado Penal polo delito de malos tratos do art. 337 do Código nunha situación de abandono inicial. Nesta resolución, onde se condenou a unhas persoas que abandonaron a un can nunha estrada na que resultou atropelado, afirmou o seguinte:

*“Por tanto acerta o Xuíz a quo cando considera o abandono como unha forma de malos tratos. Se ademais este abandono/maltrato prodúcese en condicións de perigo abstracto, entendendo por perigo a probabilidade dun evento temido e non querido, e si dun perigo concreto, próximo á certeza, en orde á causación inmediata da morte ou dunhas lesións graves, como ocorreu no presente caso que levaron ao sacrificio do animal, o procedente é a cualificación polo delito de resultado que absorbe ao de perigo.*

*No presente caso a situación era de risco extremo en orde ao atropelo do animal unha vez abandonado á súa sorte, algo que non podía ser ignorado dada a densidade do tráfico posta de manifesto polas testemuñas, e no que ademais participaban os entón acusados, que chegaron, fóronse e volveron nun vehículo, quedando o animal nun lado da estrada sen inmovilización nin suxeición algunha.*

*Por tanto non se crea polo Xuíz a quo, coa súa sentenza, unha nova conduta punible: o abandono dun animal en condicións de elevado risco en que poida perigar a súa vida, a sancionar polo art. 337, por canto en todo caso é preciso o resultado típico que se presenta ademais como concreción do perigo”*

Do mesmo xeito que nos delitos do art. 340 bis CP, haberá que deslindar o delito leve de abandono da infracción administrativa de abandono dun ou máis animais, tipificada no art. 74.2.k. LPDBA.

### 5.1.3.3. A responsabilidade penal das persoas xurídicas no maltrato animal.

Unha persoa xurídica é unha organización ou grupo de persoas físicas á que a lei recoñece legalmente personalidade independente e diferenciada da de cada un dos seus membros ou compoñentes, capaz de exercer dereitos e contraer obrigacións, e de ser representada xudicial e extraxudicialmente. Xorde así unha entidade cun patrimonio propio, dereitos e responsabilidades que incumben á dita entidade e que non se estenden aos seus membros cuxos patrimonios persoais non se verán afectados polas débedas ou obrigas que a persoa xurídica poida contraer. Exemplos de persoas xurídicas son as sociedades mercantís, como as Sociedades Anónimas e de Responsabilidade Limitadas e tamén as Fundacións e outras entidades sen ánimo de lucro.

---

Tradicionalmente no Dereito Penal excluíase que as persoas xurídicas puidesen ter responsabilidade penal, puidesen cometer delitos seguido o vello principio latino “*societas delinquere no potest*”. O sistema seguido pola nosa Lexislación penal ata a reforma de 2010 era a aplicación á persoa moral (con ou sen personalidade xurídica) cuxo administrador for, en tal condición, autor dun determinado delito, dunha serie de “consecuencias accesorias” do art. 129 CP, ademais da responsabilidade directa, conxunta con aquel, fronte ao abono da multa imposta á persoa física (art. 31. 2 C segundo a redacción dada pola LO 15/2003).

A responsabilidade penal das persoas xurídicas introduciuse como tal por primeira vez pola LO 5/2010, no artigo 31 bis CP. O Lexislador español previu a responsabilidade penal directa e independente das persoas xurídicas respecto dos propios administradores ou directivos da sociedade nos casos especialmente previstos neste Código. Este precepto foi obxecto de posteriores reformas, a derradeira delas en 2015 mais mantendo esta posibilidade de que as persoas xurídicas cometan delitos só nos casos en que o Código Penal así o prevexa.

No caso dos delitos de maltrato animal esta é unha das grandes novidades introducidas na reforma de 2023, que contempla “*ex novo*” a responsabilidade penal das persoas xurídicas. Así, segundo o art. 340 quater 1.:

*“Cando de acordo con o establecido no art. 31 bis unha persoa xurídica sexa responsable dos delitos recolleitos neste capítulo, impondérselle as seguintes penas:*

- *Multa dun a tres anos, se o delito cometido pola persoa física ten prevista na lei unha pena de prisión superior a dous anos.*
- *Multa de seis meses a dous anos, no resto dos casos”.*

Atendidas as regras establecidas no art. 66 bis CP, nos supostos de responsabilidade de persoas xurídicas os xuíces e tribunais poderán así mesmo impoñer as penas recollidas no art. 33.7, parágrafos b) a g).

Estas penas que prevén os ditos apartados do artigo 33.7 son as seguintes:

- Disolución da persoa xurídica. A disolución producirá a perda definitiva da súa personalidade xurídica, así como a da súa capacidade de actuar de calquera modo no tráfico xurídico, ou levar a cabo calquera clase de actividade, malia que sexa lícita.
- Suspensión das súas actividades por un prazo que no poderá exceder de cinco anos.
- Clausura dos seus locais e establecementos por un prazo que no poderá exceder de cinco anos.
- Prohibición de realizar no futuro as actividades no cuxo exercicio se teña cometido, favorecido ou encuberto el delito. Esta prohibición poderá ser temporal ou definitiva. Se for temporal, o prazo non poderá exceder de quince anos.
- Inhabilitación para obter subvencións e axudas públicas, para contratar co sector público e para gozar de beneficios e incentivos fiscais ou da Seguridade Social, por un prazo que no poderá exceder de quince anos.
- Intervención xudicial para salvagardar os dereitos dos traballadores ou dos acredores polo tempo que se estime necesario, que non poderá exceder de cinco anos.

Obviamente, dada a natureza das persoas xurídica non cabe impoñerlle penas privativas de liberdade. Como vemos as penas previstas neste caso son de carácter pecuniario ou privativas de dereitos de contido fundamentalmente económico e relativo ao exercicio da súa actividade.

---



#### 5.1.3.4. Medidas cautelares e outras previsións sobre as penas.

Nunha primeira aproximación (o tema das medidas cautelares tratarase con maior profundidade no capítulo seguinte deste libro), de xeito sinxelo a medida cautelar pódese definir como nunha decisión de carácter temporal que toma un xuíz a favor dunha das partes dun proceso xudicial, mentres se resolve de maneira definitiva un caso, coa finalidade de evitar un dano irreparable ao proceso e que finalmente non se protexa o dereito do prexudicado.

Na regulación anterior a reforma de 2023, en materia de maltrato animais, víñanse adoptando medidas cautelares aplicando a previsión xeral a tal efecto regulada no artigo 339 CP para todos os delitos do Título XVI onde se integraban entón os delitos de maltrato e abandono animal, mais non se regulaban expresamente as medidas que se poderían adoptar en concreto para salvagardar o benestar do animal e asegurar as probas do delito e a lei actual ven clarear a cuestión coas previsións do art. 340 quinquies CP sinalando que:

*"Os xuíces ou tribunais poderán adoptar motivadamente calquera medida cautelar necesaria para a protección dos bens tutelados neste Título, incluíndo cambios provisionais sobre a titularidade e coidado do animal.*

*Cando a pena de inhabilitación especial para o exercicio de profesión, oficio ou comercio que teña relación cos animais e para a tenencia de animais recaía sobre a persoa que tivese a asignada a titularidade ou coidado do animal maltratado, o xuíz ou tribunal, de oficio ou a instancia de parte, adoptará as medidas pertinentes respecto á titularidade e o coidado do animal".*

Cando se ten noticia da comisión dun presunto delito de malos tratos ou de abandono de animais parece claro que a primeira medida que se debe adoptar é proporcionar a pertinente asistencia veterinaria urxente ao animal ferido e poñelo a salvo dos autores da agresión impedindo que podan telo a seu alcance. Tales medidas, como se analizará con máis detalle no capítulo seguinte, adoitan ser adoptadas xa na fase de investigación policial ou no marco das dilixencias de investigación penal que se poden levar a cabo pola Fiscalía, sendo relevante neste sentido o servizo de atención que adoitan prestar establecementos para a protección de animais de compañía pertencentes á Administración ou a asociacións privadas, malia os problemas de falta de medios materiais e persoais aos que xa nos referimos. A novidade que presenta a reforma é a previsión específica de que unha resolución xudicial acorde en canto se teña coñecemento do delito a incautación a animal e a súa garda e coidado a cargo destas entidades. Esta previsión tamén se contén no parágrafo segundo, nos casos de sentenza condenatoria en que o penado sexa o responsable do animal maltratado, en que o tribunal estará obrigado a establecer estas medidas de custodia, o cal supón de feito outra novidade destacada.

## **5.2. Especialidades procesuais: A proba como medio de garantía no proceso en materia de benestar animal.**

### 5.2.1. Introducción: a fase preprocesual.

Analizada a protección xurídico-administrativa e penal que se outorga ao benestar animal, procede neste momento trazar unhas pinceladas sobre un factor esencial que,

---

en materia de proba, pode garantir o correcto curso dun proceso xudicial ante as condutas lesivas e delituosas que poidan sufrir os animais: referímonos, en concreto, á circunstancia de que os feitos deben ser probados e acreditados para que o curso do proceso, e a súa resolución, sexan satisfactorios.

Neste senso resulta clave obter probas que poidan demostrar a existencia dun ilícito penal, coa presenza de indicios suficientes que poñan de manifesto a gravidade dos feitos e que, no seu momento, sirvan de fundamento para unha acusación pública e unha sentenza condenatoria.

Debe recoñecerse que a pesar de que a lexislación estatal, autonómica e local recoñecen o deber de protexer os animais (e cando proceda, de indagar os actos que supoñan infraccións administrativas e penais), non deixa de ser unha realidade que se require unha maior concienciación das políticas públicas que poña en valor a sensibilidade cara a estes suxeitos, así como tamén un maior impulso, dende o punto de vista práctico, de actuacións de protección.

En primeiro lugar, tanto pola súa gravidade coma por ser unha constante en épocas estivais, cómpre recalcar que nos casos do abandono dun animal o primeiro que se debe facer é chamar ao Servizo Veterinario Municipal, o cal se fará cargo do mesmo, e requirirille á Policía Municipal que comprobe se leva microchip que o identifique, a fin de poder localizar o propietario ou propietaria. De transcorrer un breve prazo sen que o animal sexa recuperado, entenderase como abandonado.

A normativa internacional en materia de maltrato animal parte simplemente duns contidos mínimos e trata de concienciar a sociedade europea nesta materia, como sucede co Convenio europeo sobre protección de animais de compañía, feito en Estrasburgo o 13 de novembro de 2017, ratificado por España en 2017 e que entrou en vigor no ano 2018, ou co Tratado de funcionamento da Unión Europea, do 3 de decembro de 2007, que introduce a noción de “seres sensibles” xa aludida en capítulos anteriores. Tampouco a normativa nacional, descrita tamén en capítulos precedentes, achega solucións ou protocolos concretos a fin de garantir a proba destas condutas delituosas.

Sen dúbida, nun primeiro momento, na que se pode denominar fase previa a calquera incoación administrativa ou penal (é dicir, a chamada fase preprocesual), e na cal a investigación do posible delito se pode concretar a través das indagacións efectuadas polas forzas e corpos de seguridade ou ben a través das chamadas dilixencias informativas levadas a cabo polo Ministerio Fiscal, todos os cidadáns en xeral debemos ser conscientes da importancia de estarmos atentos a calquera desatención ou maltrato a un animal e de tomar parte activa mediante a comunicación ou denuncia dos ditos comportamentos, pois trátase de condutas punibles que para poder ser perseguidas teñen que coñecerse. Neste momento non principia aínda o curso do procedemento, pero esas primeiras medidas de investigación si que poden ser útiles para fundamentar o inicio do proceso penal.

Xa que logo, todo cidadán que coñeza un caso de abandono, maltrato ou desatención de gravidade a un animal poderao denunciar inmediatamente –ou incluso, se for o caso, consultar as condutas que lle xeren dúbidas– ante a autoridade competente: ben acudindo á vía administrativa; ben chamando aos distintos números da Policía Nacional (091), Garda Civil/Seprona (062) ou Policía Local (092); ben poñéndoo en coñecemento do xulgado de garda por escrito ou ante a Fiscalía de Medio Ambiente.

De todos os xeitos, para aquelas situacións en que teña dúbidas acerca de se os feitos son delituosos ou non, pode informarse con anterioridade nos servizos autonómicos

de atención ao cidadán ou acudindo ás diversas protectoras de animais do lugar máis próximo ao seu domicilio.

Igualmente, resulta clave para efectos probatorios documentar as actuacións delituosas, é dicir, achegar todo tipo de audios, gravacións, testemuñas, fotos... que demostren e acrediten que tales feitos son certos, así como facilitar toda a información precisa do lugar e tempo en que se cometeron ou están a cometer, identificando os posibles responsables.

Con todo, e sen lle restar a máis mínima importancia á colaboración social cidadá, é de facer notar que existen dous grupos profesionais que se erixen como claves para desenvolver na práctica o labor protector dos animais: as forzas e corpos de seguridade, por un lado, e os veterinarios, por outro, pois o papel inicial de ambos resulta fundamental para a correcta incoación de procedementos sancionadores administrativos ou, se for o caso, penais. E precisamente de aí a importancia de elaborar protocolos claros con base nos cales poidan as forzas e corpos de seguridade obter e documentar as probas necesarias, e os veterinarios elaborar informes que permitan determinar con claridade que a lesión causada ao animal deriva da acción ou omisión dun particular (é dicir, informes que acrediten que a causa do maltrato é a acción ou omisión da persoa responsable do animal lesionado).

A colaboración dos veterinarios non se cimenta nun deber moral ou de concienciación, senón que vén delimitada no artigo 262 da Lei de axuízamento criminal (LACrim) para todo tipo de profesional, ao establecer que:

*“Os que por razón dos seus cargos, profesións ou oficios tiveren noticia dalgún delito público estarán obrigados a denuncialo inmediatamente ao Ministerio Fiscal, ao tribunal competente, ao xuíz de instrución e, na súa falta, ao municipal ou ao funcionario de policía máis próximo ao sitio se se tratar dun delito flagrante”.*

---

130

Polo que atinxe ás forzas e corpos de seguridade, inician principalmente as súas actuacións ben pola iniciativa dos seus profesionais, rastrexando na rede publicacións de contidos que amosen maltrato aos animais (co cal os avisos tanto de particulares coma das asociacións para a defensa dos animais se configuran como vitais para principiar o rastrexo), ben a requirimento partindo das denuncias comunicadas, as cales deben ser filtradas para investigar as condutas penais.

Un dos primeiros problemas que xorden nos delitos que, cometidos contra os animais, se reproducen na rede é o da dificultade probatoria, motivada en non poucas ocasións pola complexidade que supón rastrexar un vídeo que acredite o feito, dado que moitos destes vídeos se fan rapidamente virais e se propagan en pouco tempo. Aínda así, o pretendido anonimato da primeira persoa que o sobe non impide que os aparellos técnicos dos que dispoñen as forzas e corpos de seguridade permitan identificala, mais resultará precisa unha autorización xudicial cando non se poida determinar o presunto culpable a través de fontes accesibles en xeral. A todo isto que se acaba de comentar hai que lle sumar, ademais, outra dificultade que nos vén dada pola disparidade de lexislacións existentes, na medida en que Internet é unha rede mundial e en que hai países que non colaboran na identificación deste tipo de condutas delituosas.

Debemos lembrar que a LACrim lle outorga ao atestado (isto é, ao escrito que se fai nas comisarías cando alguén denuncia un feito) o valor de denuncia, de aí a transcendencia de determinar os medios de proba para salvagardar os indicios que acrediten un maltrato e que poidan desvirtuar a presunción de inocencia, a cal é un principio básico recoñecido na nosa Constitución que presupón, para efectos penais,

---

que todo o mundo é inocente ata que se demostre o contrario. É por iso que resulta determinante achegar, xa sexa canda os atestados, xa sexa nun momento ulterior, fotografías, os mencionados informes de veterinarios ou vídeos que demostren a actuación delituosa, con identificación, sempre que for posible, da gravidade do feito delituoso e mais dos causantes do mesmo.

Resulta tamén esencial para os delitos que afectan o benestar animal o papel da Fiscalía dentro do proceso penal, posto que é o operador xurídico que exerce a acusación pública para as referidas accións delituosas.

Xa que logo, e malia que desde un enfoque meramente teórico o xeito de proceder parece claro á hora de recompilar información e probas nesta fase preprocesual, na práctica non está exento de dificultades, máxime cando as actuacións se levan a cabo, por exemplo, en lugares pechados, en cuxo caso pode que sexa necesaria a solicitude dunha entrada e rexistro, situación esta que analizaremos máis adiante.

## 5.2.2. Medios de proba do proceso.

### 5.2.2.1 Análise da entrada e rexistro e as súas peculiaridades.

Co fin de ilustrar medidas que permitan obter elementos probatorios, observaremos o procedemento de entrada e rexistro coas súas distintas peculiaridades e enfocándoo desde unha aplicabilidade práctica en materia de benestar animal: así, abordaremos a forma da solicitude para obter a autorización dunha dilixencia de entrada e rexistro; a protección constitucional de determinados lugares pechados (coma o domicilio ou figuras afíns), coas súas excepcións; a posible autorización ou denegación por parte da autoridade xudicial; os suxeitos que deben asistir á dilixencia de entrada e rexistro, coas matizacións da xurisprudencia; a regulación procesual da entrada e rexistro; a importancia da proba e da súa cadea de custodia; ou a inspección ocular e a súa importancia en caso de atoparse con animais mortos que sexan potenciais vítimas de condutas delituosas; materias todas elas que trataremos de enlazar cos supostos de benestar animal.

A dilixencia de entrada e rexistro atópase especificamente regulada nos artigos 566 a 572 da LACrim, aínda que non cabe comezar o seu estudo procesual sen antes ver como se solicita para poder ser autorizada polo xuíz, tendo en conta a existencia dunha norma constitucional que modera a dita dilixencia. Así, o artigo 18.2 CE indica que *“o domicilio é inviolable. Ningunha entrada ou rexistro poderá facerse nel sen consentimento do seu titular ou resolución xudicial, non sendo en caso de flagrante delito”*; e na medida en que o dito artigo se atopa inserido dentro do capítulo de dereitos fundamentais, é escusado dicir que cando o maltrato se leva a cabo nun domicilio nos atopamos ante unha clara limitación á obtención do medio probatorio obxecto de análise.

Xa que logo, o mencionado artigo 18 da CE determina que a legalidade dun rexistro nun domicilio require a concorrencia de certas condicións, que debemos subliñar por separado.

En primeiro lugar, o consentimento do titular, en cuxo caso non é preciso solicitarlle nada á autoridade xudicial para a legalidade da medida. Neste senso, o Tribunal Constitucional sinalou na súa sentenza 22/2003 que para estes efectos o concepto de titular do domicilio debe entenderse nun sentido máis real ca xurídico; é dicir,

entenderase que estando varios titulares, abondará con que un consinta se o resto non se opón a tal medida.

En segundo lugar, non se necesita autorización xudicial cando existe flagrancia delituosa, que aparece definida no artigo 795 da LACrim do seguinte xeito: *“considerarase delito flagrante o que se estea a cometer ou se acabe de cometer cando o delincente sexa sorprendido no acto. Entenderase sorprendido no acto non só o delincente que sexa detido no momento de estar a cometer o delito, senón tamén o detido ou perseguido inmediatamente despois de cometelo [...]. Tamén se considerará delincente in flagranti aquel a quen se sorprenda inmediatamente despois de cometido un delito con efectos, instrumentos ou vestixios que permitan presumir a súa participación nel”*.

Tamén tivo ocasión de se pronunciar ao respecto o Tribunal Constitucional, que na súa STC 94/1996 establece que se debe dar evidencia e inmediatez. Dende o punto de vista da Administración, o artigo 15.2 da Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, parece engadir igualmente como causa lexítima a necesidade de evitar danos inminentes e graves ás persoas e ás cousas en supostos de catástrofe, calamidade, ruína inminente ou outros semellantes de extrema e urxente necesidade.

Foi a xurisprudencia do Tribunal Supremo a que estableceu as notas propias ou requisitos da flagrancia. Así, indica que se debe dar acumulativamente:

- A inmediatez.
- A relación directa do reo co obxecto do delito ou efectos do delito.
- A percepción directa da situación.
- A necesidade urxente de intervención.

En terceiro lugar, legalízase unha entrada e rexistro cunha resolución xudicial, é dicir, coa decisión do xuíz competente habilitando a medida. A maior parte dos supostos de entrada e rexistro derivan de procedementos da orde xurisdiccional penal, aínda que tamén caben os rexistros ou entradas administrativos, como sucede coas inspeccións (por exemplo, en materia de estranxeiría coas inspeccións levadas a cabo de modo coordinado entre a Inspección de Traballo e mais o corpo da Policía Nacional).

Cómpre salientar que unicamente se debe solicitar a autorización desta dilixencia cando nos achemos ante moradas, cuxo concepto forneceu a xurisprudencia do Tribunal Supremo ao indicar que *“a doutrina xurisprudencial e a científica considera morada protexida todo lugar no que vive unha persoa de maneira estable ou transitoria, incluídos non só os cuartos dos hoteis e pensións, senón tamén as tendas de campaña e as caravanas”* (STS do 16 de marzo de 2001).

En efecto, a dilixencia de entrada e rexistro supón unha limitación de dereitos fundamentais, como é neste caso a inviolabilidade do domicilio, pero resulta moitas veces necesaria para finalizar un procedemento xudicial. É por iso que co fin de ponderar o conflito de dereitos existente, requírese que a autoridade xudicial habilite a referida dilixencia, para cuxo efecto deberá analizar a solicitude e documental presentada por parte das forzas e corpos de seguridade para poder outorgar unha autorización motivada e que delimite o alcance da medida (cómpre mencionar, a este respecto, a STC 139/1999).

Resulta evidente, mais non por iso hai que o deixar de mencionar, que a solicitude debe ser resolta de modo urxente por parte do xuíz de garda competente, pois se unha entrada ou rexistro se presentan como necesarios pátense da súa urxencia, motivada

---

pola finalidade de evitar que se fagan desaparecer probas que poidan ser incriminatorias. Xa que logo, o xuíz deberá analizar a viabilidade ou non da medida, así como tamén establecer o alcance da mesma, tal e como xa advertiu o Tribunal Constitucional (STC 139/1999, entre outras).

En síntese, a coñecida como inviolabilidade do domicilio está intimamente ligada ao dereito á intimidade das persoas, o cal deu lugar a que a xurisprudencia do Tribunal Constitucional lle outorgara ao concepto de domicilio un ámbito moito maior ca o establecido na lexislación civil, tal e como manifesta, por exemplo, o dito tribunal na súa sentenza 22/84, do 17 de febreiro, en cuxo fundamento xurídico 2 se indica: "*a protección constitucional do domicilio é unha protección de carácter instrumental, que defende os ámbitos en que se desenvolve a vida privada da persoa. É por iso que existe un nexo de unión indisoluble entre a norma que prohibe a entrada e rexistro nun domicilio (18.2 da Constitución) e a que impón a defensa e garantía do ámbito da privacidade (art. 18.1 da Constitución). Todo iso obriga a manter, polo menos prima facie, un concepto constitucional do domicilio de maior amplitude ca o concepto xurídico privado ou xurídico-administrativo.*" Unha excepcional selección de xurisprudencia constitucional reflíctese con Portero Molina (2000), na súa obra Constitución e xurisprudencia constitucional.

Polo tanto, con base en diversas sentenzas do Tribunal Supremo (entre elas, por exemplo, a STS 912/2016, do 1 de decembro), poderíase definir o domicilio do seguinte xeito: "*Calquera lugar pechado no que se desenvolva a vida privada, individual ou familiar, e que sirva de habitación ou morada, xa sexa en propiedade ou en arrendamento e xa sexa estable ou transitorio*". Pola súa banda, o Tribunal Constitucional tamén o conceptuou dun modo moi amplo, tal e como da fe, por exemplo, a súa sentenza 22/84, do 17 de febreiro, no seu fundamento xurídico 5: "*espazo limitado que a propia persoa elixe e que ten que caracterizarse precisamente por quedar exento ou inmune ás invasións ou agresións exteriores*". O emprego da voz "espazo", sen delimitar concretamente cal, pretende sen dúbida outorgar unha amplitude ao concepto de domicilio que permita protexer situacións nas que, de se atopar taxado por unha definición máis restrinxida ou do tipo de "*numerus clausus*", se podería daría lugar á desprotección efectiva da inviolabilidade do domicilio.

Deste xeito, a xurisprudencia do Tribunal Constitucional considerou como domicilio caravanas, cuartos de hotel, os garaxes das vivendas se están ligados a estas e mais tamén as segundas vivendas, mentres que reputou excluídos da protección de domicilio (no sentido de entendelaos como excepcións á devandita protección constitucional) os despachos profesionais ou oficinas abertas ao público, xa que non se dan os requisitos para consideralos como domicilio, así como as celas dos centros penais, pois, tal e como sinalou o Tribunal Constitucional na súa sentenza 89/2006, do 4 de maio, aínda que son lugares en que os internos desenvolven a súa vida privada, non o fan de ningún xeito como domicilio (así, neste último caso resulta evidente a necesidade de control público, de rexistros periódicos dos efectos persoais dos internos, que non debemos esquecer que se atopan en proceso de resocialización, pois a ausencia de control, ou un exceso de laxitude no mesmo, podería causar perigo para os propios internos ou para os profesionais penais).

En materia de maltrato animal, antes de rematar co concepto de domicilio resulta interesante a análise das explotacións agrícolas ligadas ás vivendas, pois en tales supostos pódese suscitar a dúbida xurídica, no caso de estaren unidas á vivenda, da súa posible consideración como domicilio. Neste sentido, malia tal unión, pódese entender que sempre que non se acceda aos límites infranqueables da morada, a

explotación agrícola non terá a consideración de domicilio; non obstante, en supostos dubidosos o ideal é que na solicitude que se lle faga á autoridade xudicial se lle pida a esta que analice a situación concreta a fin de non perturbar a inviolabilidade do domicilio, pois as antigas cortes estaban indisolublemente unidas ás casas (de feito, en moitos casos servían de "calefacción" no mundo rural) co cal se constituían como un elemento clave do domicilio aínda sendo o lugar no que habitaban os animais, de xeito tal que é posible que se necesite fundamentar o seu carácter de inviolable ou non en función de cada caso concreto.

No suposto de que o maltrato a un animal se efectuara dentro dun vehículo (e tendo xa claro que a flagrancia delituosa habilita para actuar), debe terse en conta que non é necesaria autorización xudicial para proceder ao rexistro dun vehículo de motor, en cuxo sentido xa se pronunciou o Tribunal Supremo (STS do 19 de marzo do ano 2001) ao indicar que este tipo de vehículos non constitúen domicilio, aínda que deben darse os requisitos da inspección ocular establecidos nos artigos 326 e seguintes da LACrim, que para os efectos do proceso será unha proba preconstituída. En definitiva, o rexistro dun vehículo é unha dilixencia do artigo 334 LACrim, unha das denominadas do corpo do delito.

De igual modo, para os efectos de rexistros constitúen outra excepción ao concepto de domicilio os establecementos comerciais ou locais de recreo (bares, pubs...), polo que se o maltrato se dá dentro deles tampouco será necesaria autorización xudicial nin, polo tanto, a presenza do Letrado da Administración de xustiza (LAX) para realizar actuacións que requiran actividade probatoria no seo dos mesmos. Non obstante, para as persoas xurídicas si que se outorga protección: en efecto, o Tribunal Constitucional, na súa STC 137/85, do 27 de outubro, sinala no seu FX 3: "*parece claro que o noso texto constitucional, ao establecer o dereito á inviolabilidade do domicilio, non o circunscribe ás persoas físicas, sendo pois extensivo ou predicable igualmente en canto ás persoas xurídicas*".

En canto á solicitude de entrada e rexistro por parte das forzas e corpos de seguridade, non debe centrarse en meras conxecturas, senón nunha investigación policial contrastada na que se reúnan os elementos e unha fundada crenza que determine a necesidade da medida (isto é, un sustento firme que permita determinar a súa autorización). Neste sentido, a STS do 17 de xuño de 2003 refire que se deberán achegar datos concretos que liguen causalmente o feito delituoso co domicilio, e "*non afirmacións xenéricas sen contido preciso*". En definitiva, non se trata de achegar probas claras, que farían xa innecesario adoptar esta medida de investigación, senón fundadas sospeitas de actuacións ilícitas que fundamenten a necesidade do rexistro para confirmar o actuar delituoso.

Xa que logo, recoméndase que coa solicitude se determinen ou precisen, ao menos, os seguintes particulares: a unidade policial que insta a medida, o obxecto da autorización, o presunto delito que se investiga, a finalidade da medida, o lugar do domicilio, a hora e día en que se efectuará a referida medida, a forma de executar esta, as probas que se tratan de obter, os titulares ou moradores do inmovible... E sempre sen esquecer que a solicitude deberá estar fundamentada en contrastadas sospeitas, e non en meros indicadores xenéricos.

Unha vez efectuada a petición, a autoridade xudicial deberá decidir por medio de auto se autoriza ou denega a medida, e neste sentido tanto a xurisprudencia do Tribunal Constitucional coma do Tribunal Supremo foron delimitando unha serie de parámetros para acordar a procedencia desta medida, entre os que debe destacarse a xa mencionada existencia dunha fundada sospeita ou de indicios máis ca suficientes da

---

obtención de datos obxectivos que incriminen o posible autor, así como a necesidade da entrada para recadar efectos, instrumentos ou probas do delito.

En canto á necesaria motivación do auto, a xurisprudencia constitucional ten indicado que a dita necesidade é unha clara esixencia do artigo 24 CE (tutela xudicial efectiva), mentres que a xurisprudencia do Tribunal Supremo afirmou que a resolución se pode entender motivada se nela se reproducen os termos do oficio policial de solicitude de autorización ou se se remite a el, sempre que este parta de fundadas sospeitas (STS do 6 de novembro de 2002).

A motivación do auto, por tanto, resulta intrínseca e necesaria para a legalidade da actuación; en tal sentido, un auto inmotivado estaría viciado de nulidade de pleno dereito e suporía un quebranto do dereito á inviolabilidade do domicilio. Dito noutros termos: a motivación, fundamentada en feitos indiciarios de carácter delituoso atribuíbles ao morador, é preceptiva non só para a solicitude efectuada polas forzas e corpos de seguridade, senón tamén para o auto do xuíz en que se habilite a dilixencia de rexistro, auto no que, ademais, se deberá ponderar de modo razoable a aplicación da medida.

Poderíase cuestionar se son nulos a entrada e rexistro efectuados naqueles casos en que o auto non consta asinado polo xuíz competente pero este si que estivo presente na dilixencia; a este respecto pronunciouse o Tribunal Supremo declarando a validación do auto, aínda que careza da sinatura do xuíz, se se produce a intervención persoal do mesmo na dilixencia e asiste a ela o LAX (STS 193/2015, do 30 de marzo). A dita decisión xurisprudencial ten todo o sentido, pois a simple ausencia da formalidade dunha sinatura na resolución non pode provocar a nulidade desta cando o LAX, que é quen exerce a fe pública xudicial e que é necesario na actuación, confirma a presenza do xuíz a través da acta que se levanta na propia dilixencia de entrada e rexistro.

De todos os xeitos, na práctica a intervención *"in situ"* do xuíz nas devanditas dilixencias é anecdótica e escasa, pois lexítima a actuación a través do auto que habilita, e pode delegar a súa execución en calquera autoridade ou axente da policía xudicial, consonte o disposto no artigo 563 LACrim. Pola contra, a teor do disposto nesta lei (art. 569, parágrafo 4º) requírese sempre a presenza do LAX para garantir a legalidade, a través da acta, da actuación acordada, por ser o único operador xurídico que exerce con exclusividade a fe pública xudicial, e unicamente se prevé como excepción o caso de entradas simultáneas cando non se conta con suficientes letrados da Administración de xustiza, que remite ao disposto na LOPX.

Pola súa parte, a presenza do interesado tamén resulta necesaria, tal e como establece o mencionado artigo 569 LACrim, que indica que *"o rexistro farase en presenza do interesado ou da persoa que lexítimamente o represente. Se aquel non for achado ou non quixer concorrer nin nomear representante, practicarase en presenza dun individuo da súa familia maior de idade. De non o haber, farase en presenza de dúas testemuñas, veciñas da mesma localidade"*.

En efecto, pode suceder, e sucede na práctica xurídica, que a persoa interesada non poida ser localizada por se atopar en paradoiro descoñecido: en tales casos o ideal sería acudir ao mencionado precepto e asegurarse de que a dilixencia de entrada e rexistro se efectúa coa presenza dun familiar que xa teña os dezaioito anos cumpridos, ou ben de dúas testemuñas. Pero, ¿que acontece se non se atopaba o morador e tampouco se efectuou o rexistro, tal e como indica o precepto, coas testemuñas? Con respecto a este suposto xa tivo ocasión de se pronunciar o Tribunal Supremo (STS

---



390/2008, do 12 de xuño, ou 15/2014, do 22 de xaneiro, entre outras) sinalando que ao se establecer na LACrim a presenza obrigatoria do LAX, e aínda que non concorran nin testemuñas nin o morador, deberase ter en conta o establecido no artigo 453.1 da Lei Orgánica do Poder Xudicial (LOPX), que establece a exclusividade e plenitude da fe pública xudicial nos actos en que a exerza, polo que non é necesaria a intervención adicional de testemuñas, considerada superflua ao se entender que a garantía para o titular ausente é sobradamente proporcionada polo LAX.

Outro suposto que se pode dar estaría constituído polo caso do interesado que se atopa detido, que convén analizar antes de entrar no contido procesual da dilixencia entrada e rexistro, pois resulta claro que con independencia do momento da detención (previa ou posterior á dilixencia), é imprescindible a súa asistencia, a non ser que concorran excepcións xustificadas, como poden ser rexistros simultáneos, que se atope detido nun lugar moi afastado e a dilixencia non se poida pospoñer ou que estea hospitalizado.

Neste sentido, polo tanto, resulta patente que debe estar presente o interesado, se ben o Tribunal Supremo matizou que inda que se atope ausente o investigado, no caso de estar presente outro dos moradores da vivenda xa se cumpre co requisito legal sen lesionar o dereito á inviolabilidade do domicilio (STS 111/2010, do 24 de febreiro).

Xa que logo, e enlazando as nocións legais e xurisprudenciais mencionadas, no suposto do maltrato animal efectuado nun domicilio pode afirmarse que de non haber flagrancia delituosa, a entrada para solicitar probas necesita a autorización xudicial habilitante e a presenza dun morador da vivenda (como acabamos de comentar, a dilixencia só require a presenza dun dos moradores), sexa ou non o propietario do animal, pois poden vivir varios membros da familia e non ser autores dos feitos todos os moradores.

Tal e como adiantamos, o contido procesual desta dilixencia vén delimitado na LACrim, a cal contiña unha regulación insuficiente, eiva esta que foi corrixida a través da reforma operada pola Lei orgánica 13/2015, do 5 de outubro, que reorganiza todo o título VIII do libro II coa finalidade de suplir as carencias legais e integrar na lei a xurisprudencia constitucional e mais a derivada do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos.

Deste xeito, introdúcese unha nova rúbrica no mencionado título VIII ("Das medidas de investigación limitativas dos dereitos recoñecidos no artigo 18 da Constitución"), que pasa a estar integrado por 10 capítulos. Analizaremos a entrada e rexistro en lugar cerrado (capítulo I) e faremos unha breve mención aos capítulos VI, VII e VIII, relativos respectivamente á "Captación e gravación de comunicacións orais mediante a utilización de dispositivos electrónicos", á "Utilización de dispositivos técnicos de captación da imaxe, de seguimento e de localización" e ao "Rexistro de dispositivos de almacenamento masivo de información", pola súa posible aplicabilidade práctica para garantir probas nos supostos maltrato animal, se ben se deben dar certos presupostos para optar a estes medios de proba, como veremos.

#### 5.2.2.2. Da entrada e rexistro en lugar pechado.

En primeiro lugar, debe terse en conta que a dilixencia de entrada é o que se adoita denominar como proba indirecta, é dicir, un acto de investigación que se utiliza como

---

medio necesario para, a través dun rexistro, obter probas ou conseguir os efectos dun delito, ou tamén para practicar unha posible detención.

No suposto de posibles delitos de maltrato animal podería servir ou ben para evitar un delito flagrante de maltrato, ou ben para acreditar as condicións nas que están retidos animais ou o estado en que se atopan.

A regulación que establece a LACrim parte da distinción entre edificios de carácter público e edificios privados que se fai nos artigos 546 e seguintes. Ademais, conceptúa a consideración de edificios públicos cunha cláusula un tanto aberta ao incluír dentro deles "*calquera outro edificio ou lugar que non constitúa domicilio dun particular*", o que denota un concepto residual amplo. Alén disto, entre os considerados como domicilios públicos hai que resaltar certas especialidades ligadas a determinados lugares, como acontece nos casos seguintes: o Congreso dos Deputados ou o Senado, que requiren a autorización do presidente respectivo por mor da recoñecida inviolabilidade das Cortes establecida no artigo 66.3 CE; os lugares de culto ligados a Igrexa católica, nos cales deberá pasarse recado ás persoas que estean encargadas do lugar de culto, así como respectar o Acordo entre o Estado Español e a Santa Sé, do 3 de xaneiro do ano 1979, onde se parte da consideración de inviolables dos lugares de culto e arquivos da Igrexa católica; ou o Palacio Real en que reside o Rei, pois antes de que o xuíz acorde a entrada cumprirá obter licenza por conduto do mordomo da súa maxestade. Non obstante, estas especialidades, así como outras contempladas na propia LACrim e na lexislación especial, son meramente anecdóticas para o caso que nos ocupa, pois resulta estraño de vez que as condutas delituosas ou infraccións administrativas relacionadas co benestar animal se cometan nos devanditos lugares.

Xa que logo, analizaremos con maior detalle o domicilio do particular. En efecto, dispón o artigo 550 LACrim que o xuíz de instrución poderá ordenar a entrada e rexistro de día ou de noite, se a urxencia o fai necesario, en calquera edificio ou lugar pechado que teña a consideración de domicilio, sempre que:

- Preceda o consentimento do interesado. Neste sentido a LACrim establece unha presunción legal de consentimento ao indicar que este se entende prestado cando se executan, sen invocar a inviolabilidade do domicilio, actos necesarios para facilitar a entrada.
- Á falta de consentimento, resulta preceptivo que se pronuncie un auto motivado autorizando a entrada.

O referido auto deberalle ser notificado á persoa afectada de modo inmediato, e de isto non ser posible, dentro das 24 horas seguintes ao seu pronunciamento.

Ao incidir nun dereito fundamental, limitándoo, a resolución, como xa adiantamos, debe pronunciarse por medio de auto, que debe ser fundado e que indicará concretamente o lugar ou edificio cerrado en que se pode entrar, o tempo da dilixencia e mais se se fará só de día, así como tamén a autoridade ou funcionario que vai realizar a actuación.

Polo que atangue ao criterio temporal, non existe unha limitación como tal, pero no auto débese especificar se se acorda unha actuación diúrna ou nocturna, establecéndose a este respecto no artigo 570 da LACrim que se o interesado se opón a que continúe de noite, continuarase coa dilixencia ao día seguinte.

En canto á forma do rexistro, resulta lóxico que se debe realizar do modo menos lesivo para os dereitos do interesado. En efecto, achámonos ante a limitación dun dereito

---

fundamental, polo que debe imperar a interpretación da normativa procesual que transite no sentido máis favorable ao afectado pola medida; xa que logo, cómpre evitar inspeccións inútiles e procurar non molestar nin importunar ao interesado máis do necesario, e así mesmo deberanse adoptar todo tipo de medidas para que non se vexa comprometida a súa reputación.

Non debemos esquecer que os dereitos recoñecidos ao investigado o amparan, estea privado de liberdade ou non, polo que tanto nun caso coma noutro lle será notificado o auto e se lle dará a opción de estar presente en por si ou a través dun representante; ademais, deberá ser informado do dereito a negarse a asinar a acta que se levanta con ocasión dun rexistro.

O procedemento técnico procesual da medida recóllese detalladamente nos artigos 566 e seguintes da referida LACrim, o cal podemos sistematizar sinalando que o auto se lle debe notificar no seu domicilio ao interesado; se este non está, a quen se atope no mesmo, con preferencia de familiares; e se non se atopa ninguén, farase constar por dilixencia estendida con presenza de dous veciños. Así pois, atopámonos ante unha norma graduada na que impera a notificación subsidiaria no caso de se dar a imposibilidade de a realizar do modo preferente, que é a notificación ao principal afectado pola medida.

Neste senso, e ao se producir a asistencia do LAX, a xurisprudencia, como xa adiantamos en páxinas precedentes, inclínase a entender como superflua a presenza de dúas testemuñas, na medida en que se trata dun funcionario con carácter de autoridade que exerce a fe pública xudicial con exclusividade e plenitude, no exercicio das súas funcións (STS do 28 de novembro de 1995, entre outras).

Contémplanse así mesmo, unha vez acordada a medida, unha serie de medidas de aseguramento para evitar a destrución de probas, como son a vixilancia do lugar ou da persoa.

Entre as garantías procesuais da entrada e rexistro acordada cómpre salientar:

- Que, á parte de lle ser notificada, a actuación se realice en presenza do interesado ou de quen o represente, e de non ser posible ou de se negar o interesado, perante unha persoa da súa familia, sempre que teña cumpridos os 18 anos.
- A presenza preceptiva do LAX, quen dará as instrucións oportunas para garantir unha orde, fará constar as incidencias e levantará acta do resultado, que debe ser asinada por todos os asistentes.

En efecto, resulta determinante a acta levantada polo LAX, pois nela debe describir con todo detalle os particulares da dilixencia, facendo constar todo o que presencie e mais os efectos que se atopen, na medida en que está presente e viu que se encontran nun determinado lugar. Xa que logo, é evidente que o rexistro se debe efectuar seguindo unha orde, estancia por estancia, e non buscando todos dun modo desordenado que impida ao fedatario xudicial observar que determinado efecto se encontraba en determinado lugar. Iso é moi relevante para os efectos procesuais, xa que a acta levantada polo fedatario público é a que serve de proba para a investigación procesual, e non as anotacións policiais que se poidan efectuar nese mesmo momento.

Evidentemente, a acta deberase levantar no lugar do rexistro, podendo gravarse o desenvolvemento da dilixencia de entrada e rexistro en calquera soporte audiovisual que acompañe a acta en soporte CD, gravación que deberá facer constar o LAX na acta xudicial.

A pesar da dicción literal da LACrim, promulgada por Real Decreto de 1882 e que inda non foi modificada neste sentido, resulta evidente que malia mencionar a referida lei a presenza do xuíz na dilixencia, esta é potestativa para o mesmo, posto que é o LAX quen debe practicar a dilixencia de entrada na medida en que se trata da persoa a quen se lle encomenda o exercicio da fe pública xudicial, que só se poderá delegar ou substituír nas circunstancias previstas na LOPX, é dicir, cando se trata de rexistros simultáneos, dada a imposibilidade de que unha persoa se atope en dous sitios ao mesmo tempo.

Unha vez comentada a dilixencia de entrada e rexistro, resulta obvia a súa virtualidade para asegurar probas na fase de instrución encamiñadas a obter unha futura sentenza de condena en supostos de abandono de animais en lugares cerrados ou de maltrato destes. Incluso en virtude da dita dilixencia se poden atopar efectos ou instrumentos que resulten claros para desvirtuar a presunción de inocencia que impera na nosa lexislación positiva.

5.2.2.3. A captación de comunicacións orais e de dispositivos de imaxe ou de almacenamento masivo.

Por outra banda, pode resultar clave para a investigación destes delitos a nova regulación introducida no ano 2015, que modificou profundamente o modo procesual de obtención de probas por determinados medios ante a confusión lexislativa existente ata 2015, eiva esta que quixo reparar o lexislador.

En tal sentido, para a captación de comunicacións orais na vía pública ou en lugar cerrado establécese no capítulo VI unha clara limitación, pois só cabe en delitos de terrorismo, en delitos cometidos no seo dunha organización criminal ou en delitos con pena, polo menos, no límite máximo, de tres anos de prisión. Isto pode resultar contraproducente, pois nos casos de delitos contra o benestar animal, se as condutas recentemente reformadas non se cometen no seo dunha organización criminal, só se poderá autorizar para condutas penais que excedan o límite máximo de tres anos de prisión.

Polo seu lado, o aludido capítulo VII céntrase na utilización de dispositivos de captación da imaxe, que poden resultar moi útiles para acreditar as condutas delituosas. Será o xuíz instructor quen valore a necesidade e proporcionalidade da medida, que está limitada a unha duración máxima de tres meses, podendo excepcionalmente prorrogarse por un período igual ou inferior, cun tope máximo de 18 meses.

O capítulo VIII regula o rexistro de dispositivos de almacenamento masivo de información (é dicir, a posible apreensión de sistemas informáticos), prevéndose que a súa autorización debe estar razoada polo xuíz instructor no auto habilitante e que en ausencia de autorización expresa do titular do órgano xurisdiccional, a simple incautación non habilita para acceder ao seu contido.

Polo tanto, os particulares do auto resultan claves para que se poida acceder aos datos apreñados que se conteñen nos computadores que se poidan incautar.

Para comprender o modo de autorizar e solicitar todas estas medidas, sucintamente enumeradas, debemos ter en conta as disposicións comúns do artigo 588 bis, no que se establecen os principios reitores para acordalas, que son:

- Especialidade: as medidas deben estar relacionadas cun delito concreto, e non fundamentadas en meras conxecturas ou xeneralidades.
- Idoneidade: en virtude do cal se define o ámbito obxectivo, a duración da medida e a súa utilidade.
- Excepcionalidade e necesidade: segundo os cales nin poden existir medidas menos lesivas que sexan tan útiles coma a autorizada nin se poderían obter os efectos do delito sen esta.

Ademais, cómpre salientar que como disposicións comúns a estas medidas do capítulo V e seguintes do título VIII do libro II da LACrim, na reforma operada polo lexislador establécese un contido mínimo da motivación para acordar a interceptación de comunicacións, gravacións, rexistro de equipos remotos... Así, determínase como contido mínimo da resolución autorizante:

- Os indicios racionais da xustificación da medida, feito e cualificación xurídica.
- A identidade do investigado e dos posibles afectados pola medida.
- A extensión da inxerencia acordada argumentando o respecto aos principios reitores apuntados.
- A unidade investigadora encargada da medida.
- A duración e periodicidade da mesma.

Como peculiaridade, a diferenza da lexislación anterior á reforma, e aínda cando non se declare expresamente o segredo da causa, tramitarase a autorización e actuacións posteriores nunha peza separada e secreta, tal e como indica o art. 588 bis.d) LACrim.

En definitiva, a nova regulación, organizada dun xeito máis ordenado e detallado por parte do lexislador, merece un crítica favorable, pois é a lei a que debe esbozar e detallar as condicións á limitación de dereitos fundamentais, e anteriormente, cunha regulación confusa ou pouco detallada destas medidas, o poder xurisdiccional tiña un campo de actuación moi amplo que prexudicaba, en definitiva, as persoas afectadas por estas medidas limitativas de dereitos, que se podían estender no tempo máis do necesario.

#### 5.2.2.4. A cadea de custodia.

A cadea de custodia pódese definir como a garantía e control da intervención dun efecto do delito dende que se intervéñ ata que se examina no acto do xuízo oral, é dicir, o respecto a cadea de custodia implica que dende que se recolle un vestixio dun delito ata que se examina polo xuíz, ese efecto do delito ten un recorrido controlado polos axentes que interveñen na recollida.

Centrándonos na proba e na cadea de custodia, está claro que o obxecto de calquera actuación ou medida das explicadas é obter os elementos necesarios para acreditar o feito delituoso en materia de maltrato animal, sempre que non se conte xa con elementos que o acrediten na denominada fase preprocesual (é dicir, a fase previa á incoación dun proceso penal na que os xa referidos profesionais da seguridade e veterinarios, así como calquera persoa que teña probas e denuncie, exercen un papel básico para a concienciación e punición destas condutas). En relación coa fase procesual instrutora, obxecto de análise neste momento, imos apuntar a seguir diversas cuestións que poden resultar transcendentales.

---

En primeiro lugar, loxicamente, debe protexerse á vítima do delito unha vez que se incoa un procedemento penal. Así pois, obviando que se poña a recado o animal, que se faga a incautación das armas coas que se maltrataba, que se nomeen protectoras como depositarios xudiciais para que leven a cabo as atencións idóneas ao animal vítima do delito..., a esencia da fase instrutora é recompilar todas as probas que acrediten os feitos delituosos obxecto do procedemento, o cal non está exento de dificultades na medida en que as modalidades comisivas son múltiples e variadas, en que moitas veces resulta complicado obter probas testemuñais ou en que hai casos nos que para determinadas especies se produce unha inexistencia de periciais que poidan determinar a relación de causalidade (é dicir, que permitan determinar sen dúbida que dunha determinada actuación humana se causou unha determinada lesión ao animal).

Para todas as probas obtidas, sexan fornecidas desde o momento inicial ou durante a instrución da causa, resulta determinante asegurar a cadea de custodia (así, e simplemente a xeito de exemplo, resulta fundamental que unha proba de ADN do animal sexa custodiada en todo momento sen que dea lugar a dúbidas sobre un quebrantamento da dita cadea). De igual xeito, de se atoparen efectos do delito nunha entrada e rexistro (por exemplo, armas coas que se podería acreditar o maltrato a un animal), resulta clave que desde o mesmo momento en que se levanta a acta de dilixencia se acorde o depósito das mesmas, ben a cargo da unidade investigadora, ben nos arquivos xudiciais baixo responsabilidade do LAX.

Polo tanto, é moi importante que a cadea de custodia sexa controlada minuciosamente, aínda que a LACrim. da a cadea de custodia por ben feita, cando na práctica poden darse irregularidades na custodia da mesma, no caso dos delitos de maltrato animal, por exemplo, é importantísimo que os técnicos recollan nas actas perfectamente delimitados os análises, ou efectos, con actas de recollida e entrega, que determinen un control do camiño percorrido pola proba que se pretende amosar no xuízo, porque se ben a xurisprudencia sinalou que as irregularidades na cadea de custodia non supoñen a vulneración dun dereito fundamental (ver STS 1349/2009, de 29 de decembro), si que supón perda de fiabilidade da mesma ou que non a admita o xuíz.

No caso da proba pericial levada a cabo polos veterinarios, a cadea de custodia e básica para que o fiscal poida acusar e o xuíz xulgar por lesións os animais, porque a pericial non só debe reflectir a asistencia clínica, senón tamén os datos relevantes da causa da lesión, como se produciu, o momento e o lugar... polo que o desexable sería ter uns protocolos que coordinen estas intervencións e maior formación e sensibilización na materia, para poder perseguir de xeito eficaz estas condutas de maltrato animal.

Cabe facer mención a STS 148/2017, porque pon énfase na cadea de custodia, e indica o carácter instrumental da proba técnico-pericial (veleno no corpo do animal, lesión producidas...), dende a acta de recollida ata facer o informe pericial debe ser escrupuloso nos tempos e na salvagarda, pois debe evidenciar o que se recolle no momento do crime. A ruptura da cadea de custodia supón crear dúbidas sobre a autenticidade do informe e do analizado, e aínda que a proba non é nula, si supón a non fiabilidade da proba que fundamente unha acusación, tendo que acudir a outros elementos de proba, que na práctica pode supoñer unha absolución.

Polo tanto, a proba e a cadea de custodia son elementos esenciais para o correcto curso do proceso penal.

#### 5.2.2.5. Relevancia da proba pericial veterinaria nos delitos de maltrato animal.

No primeiro momento que se ten noticia dun delito de maltrato ou abandono animal o recoñecemento dos animais afectados por facultativos veterinarios ,será para os efectos de facer constar estado daqueles ao tempo da súa recollida e valorar a relación de causalidade entre os malos tratos recibidos e as lesións sufridas ou a morte producida. Tal informe pericial será fundamental para acreditar os feitos que se integran na conduta penal, probando a relación de causalidade entre o maltrato e as lesións sufridas, máxime cando agora a nova regulación establece como requisito do tipo básico o tratamento veterinario

Neste senso, desde moitos sectores xurídicos se vén reivindicando nos últimos anos a implantación da figura do veterinario forense para lograr unha maior garantía probatoria nos delitos de maltrato animal, de igual forma que na práctica xudicial contamos cos Institutos de Medicina Legal e Ciencias Forenses (órganos técnicos adscritos ao Ministerio de Xustiza ou, no seu caso, a aquelas Comunidades Autónomas con competencia na materia, cuxa misión principal é auxiliar á Administración de Xustiza no ámbito da súa disciplina científica e técnica). Esta figura do veterinario como perito forense é esencial desde a primeira asistencia ao animal ou animais ata a ratificación do seu informe e valoración no acto do xuízo oral.

Outra razón que evidencia a necesidade da intervención do perito veterinario nos momentos iniciais do proceso é a preservación da cadea de custodia. A trazabilidade da proba dota de fiabilidade ao informe emitido, respectando os criterios de conservación, aseguramento, preservación e verosimilitude da proba establecidos polo Tribunal Supremo. Ademais ao estar o veterinario forense ao servizo da Administración de Xustiza o seu informe sería tratado como unha proba obxectiva revestida da presunción de imparcialidade.

Resultaría así mesmo esencial tamén a súa intervención na adopción de medidas cautelares, debido a que a súa valoración respecto ao risco que supoñería que o animal permanecese en mans do seu agresor durante a tramitación do procedemento xudicial, facilitaría a súa xustificación, garantindo así a súa indemnidade.

#### 5.2.2.6. A inspección ocular.

Outra medida que pode levar a cabo, moi útil nos casos de animais mortos, é a inspección ocular, na cal podemos distinguir a prevista no artigo 282 LACrim como dilixencia preprocesual, que ten o valor dun atestado e que está conformada polo conxunto de actuacións, comprobacións e operacións técnico-policiais que se fan no lugar do suceso para comprobar a realidade dos feitos e determinar os posibles responsables. Os axentes deberán plasmar a dilixencia nunha acta de inspección técnico-ocular. Así, no caso, por exemplo, dun animal morto deberán levar a cabo a inspección do lugar, unha reportaxe fotográfica, a recompilación de probas forenses e a comprobación de se o animal ten microchip, crotal ou outra identificación análoga para identificar o seu propietario, e todo iso cun escrupuloso cumprimento da cadea de custodia a fin de evitar absolucións non desexadas; e terán en conta, ademais, que o cadáver do animal representa un elemento probatorio esencial que será trasladado para a súa necropsia, a cal pode achegar información transcendental para a investigación, pois os informes periciais veterinarios lanzan luz na práctica totalidade

dos casos sobre as posibles actuacións delituosas, constituíndo un apoio científico de suma importancia para unha condena na vía administrativa ou penal.

Con todo, na fase instrutora en que nos atopamos tamén temos outra vertente da inspección ocular, acordada en sede xudicial e recoñecida nos artigos 326 a 333 LACrim: neste caso o xuíz instrutor acordará a inspección ocular cando o considere necesario para recoller vestixios ou probas materiais da perpetración do feito, ordenando as medidas necesarias para recoller as pegadas e mostras existentes e proceder ao seu exame, así como a tamén custodia das mesmas. Esta dilixencia de inspección ocular acordada pola autoridade xudicial documentarase por escrito no mesmo acto da inspección ocular e será asinada polo xuíz instrutor, o fiscal (no caso de que este asista ao acto), o LAX e as persoas que se atopen presentes. O LAX deberá procurar que a persoa afectada coñeza con antelación a realización da inspección ocular por se quere estar presente e realizar as observacións que considere, as cales se consignarán por dilixencia de non seren atendidas.

Polo que respecta aos os efectos do delito, o máis aconsellable é que se acorde a súa custodia no lugar máis axeitado segundo o tipo de material atopado ou incautado, atendendo á normativa específica que para cada mostra adoitan ofrecer os servizos de criminalística e adoptando as precaucións necesarias en cada caso. Neste senso é esencial garantir a protección do animal, ou mesmo as intervencións cirúrxicas que poida precisar; así, por exemplo, nos xulgados de Lugo o Xulgado de Instrución número 2 ditou, xunto coa apertura do xuízo oral, a autorización para a intervención cirúrxica dun poni que foi maltratado e precisaba a medida, así como a súa incautación e custodia pola Xefatura Territorial de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, na correspondente peza de responsabilidade civil.

### 5.2.3. A figura do comiso no eido penal.

No marco do proceso penal, a incautación do animal para garantir a súa integridade obrigou aos operadores xurídicos a tratar de integralo na figura do comiso, cunha interpretación extensiva deste, na medida en que o seu sentido era netamente económico.

O comiso, no eido penal, pódese definir como a medida que se pode acordar en delitos económicos para se incautar de bens que proceden dun delito, bens que pasa a xestionar o Estado ou a destruílos. Esta medida de incautación dos animais é a que o sector animalista solicita como cautelar, contemplándoa como un instrumento de protección dos mesmos, e difire do chamado comiso administrativo, no que pode intervir a Administración procedendo á incautación cando se vulnera a normativa administrativa: isto leva a que en ocasións se pida autorización xudicial por actuacións que a Administración xa ten potestade para levar a cabo, ao ser unha facultade que, cando se dan os supostos para intervir, lle recoñece a normativa administrativa.

### 5.2.4. O principio acusatorio e a necesidade de concienciación.

Todas as medidas enunciadas e probas obtidas resultan de vital importancia para a fase do xuízo oral (é dicir, para a fase na que se poñen de manifesto as probas ante o xuíz nun xuízo), pois unicamente probas determinantes e un respecto escrupuloso da cadea de custodia que evite adulteracións ou manipulacións de axentes externos servirán para fundamentar unha acusación, desvirtuar a presunción de inocencia e

---



fundamentar un reproche penal das condutas tipificadas como delito de maltrato animal.

Tal e como manifestou unha das persoas pioneiras na defensa do Dereito animal, Joyce Tischler, "*O Dereito animal é a única rama do Dereito onde os clientes son sempre inocentes*", reflexión breve e clara que pode servir para motivar e concienciar sobre un problema social e xurídico en materia de benestar animal existente.

A realidade da actualidade legislativa en materia de benestar animal demostra un claro avance e unha maior concienciación do lexislador nesta materia, se ben é certo que este avance legislativo dista moito da realidade xurídica de países da nosa contorna... ao que lle hai que sumar a disparidade de lexislación no noso territorio por mor da descentralización da normativa ao coexistir dezasete comunidades autónomas, o cal impide unha uniformidade ou protocolos comúns en materias básicas que afectan o benestar animal.

Xa que logo, a gran tarefa do lexislador estatal será uniformar a disparidade existente a través dunha posible lei marco en materia de benestar animal que unifique os distintos criterios existentes nas lexislacións autonómicas, moi dispares en materia de maltrato animal.

## 6. Referencia á tutela xurisdiccional civil.

Todos os aspectos relativos á consideración do animal como ser vivo sentinte en relación aos dereitos de propiedade e tenza polo seu titular, as responsabilidades polos danos causados por el, os negocios xurídicos dos que sexa obxecto e as cuestións relativas ao dereito de familia nas que un animal de compañía forme parte do núcleo familiar, corresponde tutelalos á xurisdición civil, mediante as accións recoñecidas en cadanseu precepto.

O procedemento en que se incardinan variará en función do tipo de acción exercitada, e pode ser de xurisdición voluntaria en caso de procedementos consensuais de familia, ou na vía contenciosa civil no resto de situacións.

Como especialidades procesuais cabe citar, sempre en relación aos animais de compañía, as seguintes:

- Art. 605 LAC: Inembargabilidade dos animais de compañía.
- Art. 771 LAC: Medidas provisionais previas á demanda de nulidade, separación ou divorcio, que inclúen as relativas ao coidado de animais de compañía.
- Art. 774 LAC: Medidas definitivas en sentenza de familia, que inclúen o pronunciamento sobre convivencia e necesidades dos animais de compañía.

O contido destes pronunciamentos e a tutela proxectable sobre os animais de compañía son desenvolvidos na Parte I desta obra.

## Parte III

### 7. Conclusións.

1. A protección xurídica dos coidados e o benestar animal ten evolucionado notablemente nos últimos anos, cara unha regulación máis respectuosa coa súa natureza, que colectivamente valoramos como a propia de seres sentintes, dotados de sensibilidade física e psíquica.

2. Esta apreciación social elevou a rango legal a protección do ben moral que supón o respecto polos animais en xeral e o apego en particular por aqueles que tradicionalmente conviviron co ser humano e que hoxe integran o núcleo de convivencia de moitos fogares.

3. A toma de conciencia da cidadanía é clave para a lexitimación democrática da acción pública en defensa dos dereitos e o benestar dos animais, por iso é básico o desenvolvemento das campañas institucionais de fomento da cultura do respecto, a convivencia e o coñecemento do carácter sentinte dos animais, así como a potenciación das asociacións dirixidas a protexer aos animais, como expresión da sociedade civil organizada para a difusión destes valores.

4. Pese á menor sensibilización, tamén aumentou a preocupación polo benestar animal en ámbitos como os da produción ou da experimentación científica, que orienta a lexislación a impedir as prácticas que causen sufrimentos durante os procesos en que son empregados e potenciar unha existencia cunhas maiores cotas de benestar.

5. O marco lexislativo actual en España mellora o respecto aos dereitos dos animais, tendo como unha das súas finalidades a prevención de condutas abusivas que se deron dun xeito moito máis xeneralizado e aínda socialmente admitido. Mais a evolución lexislativa, aínda que repercute de maneira positiva nos comportamentos sociais, só reflicte a propia evolución e concienciación social no respecto cara os animais, polo que calquera avance lexislativo só será factible se vén precedido ou acompañado da convicción social da falta de xustificación de calquera espectáculo ou actividade na que as prácticas con animais, non só impiden o seu benestar senón que provocan o seu sufrimento.

6. A estratexia de fomento do benestar animal debe desenvolverse en paralelo á sensibilización ambiental, pois é fundamental a comprensión tanto do entorno de procedencia dos animais como o necesario equilibrio ecolóxico das especies. Igualmente, debe terse en conta a influencia dos modelos de produción nas explotacións no benestar animal e na loita contra o cambio climático.

7. Os avances acadados non impiden ver a necesidade de seguir avanzando nas seguintes liñas de actuación:

- A prohibición de todos os festexos nos que se somete aos animais a maltrato, tortura ou a prácticas danosas ou estresantes.
  - A prohibición do sacrificio de animais por ritos relixiosos nos que non existe atordamento previo.
  - A prohibición das granxas de visóns.
-

- O cambio de modelo das explotacións de animais, limitando as macrogranxas e fomentando unha crianza baseada en modelos de explotación en extensivo e ecolóxicos.

- A mellora da lexislación sobre caza, tanto na protección dos cans como da regulación das condicións do exercicio da actividade.

8. A nivel constitucional cómpre a mellora dentro dos Capítulos II e III do Título a Primeiro para a actualización da protección do medio ambiente, do equilibrio ecolóxico, da loita contra o cambio climático e, de forma autónoma, a protección dos coidados e o benestar dos animais, con previsións específicas no eido dos dereitos uns e nos principios reitores da política social e económica outros.

9. A nivel galego, cómpre unha reforma do Estatuto de Autonomía que recolla, dentro da parte dogmática, o recoñecemento destes dereitos e o deber de actuación positiva dos poderes públicos galegos nesa dirección. É necesaria tamén a revisión da LPBACG ao abeiro da LPDBA.

10. En xeral a técnica lexislativa na materia é dispersa e en ocasións reiterada e confusa. Conviría avanzar cara un código de regulación integral a nivel administrativo, tanto no eido estatal como autonómico.

11. A protección penal substantiva debería contemplar todas as formas de maltrato e deixar de eximir os espectáculos taurinos e outras manifestacións de maltrato animal. En materia procesual e de garantía de proba é preciso afondar na formación de todos os intervenientes en aras a garantir o correcto curso dos medios de proba, a mellora da capacidade de investigación, así como na tutela xurisdiccional protexida aos animais.

12. Sería importante acadar unha maior coordinación da normativa penal e administrativa no relativo ás penas e sancións pecuniarias en materia de protección e benestar animal, especialmente nas condutas de abandono de animais nas que a definición e os límites entre as accións constitutivas de delito leve e de infracción administrativa grave son difusos, resultando de facto, na aplicación práctica das normas, a contía efectiva da multa penal moito menos gravosa que a da multa correspondente á sanción administrativa.

13. As medidas de intervención forzosa que a lei habilita a adoptar ás administracións públicas están basicamente encadradas no ámbito sancionador, é dicir, é un presuposto para poder adoptalas que exista un incumprimento legal. Porén, existen situacións de desamparo ou nas que o benestar dos animais pode verse comprometido derivadas de circunstancias persoais e sociais dos posuidores ou responsables deles, que os incapacitan de xeito puntual, e que non derivan de ningunha conduta infractora. Para estes últimos casos a norma debería recoller previsións que habiliten tamén as administracións públicas a intervir cando se dean situacións de urxencia que o requiran.

14. Para os efectos de materializar as intervencións que unha administración acorde ante situacións nas que isto sexa necesario, sería fundamental ter habilitados medios suficientes para a súa execución con antelación. Neste punto, ademais, coa finalidade de acadar unha maior eficacia práctica, resultaría de suma importancia conseguir a colaboración de asociacións privadas dedicadas á protección animal.

## 8. Bibliografía.

Castro Álvarez, C. (2019): Los animales y su estado jurídico. Protección y utilización de los animales en el derecho. Aranzadi, Pamplona.

Boletín temático maltrato animal (abril 2023). Asociación juezas y jueces para la democracia.

Mateos Rodríguez-Arias, A. (2023): Los delitos contra los animales tras la reforma del Código Penal por Ley Orgánica 3/2023, de 28 marzo. Sepin editorial jurídica. SEP/DOCT/129669 Abril.

Mulà Arribas, A. e Torres Márquez, I. (2022): Acercamiento a la reforma del Código Civil, la Ley Hipotecaria y la Ley de Enjuiciamiento Civil, a raíz de la aprobación de la Ley 17/2021, de 15 de diciembre, sobre el régimen jurídico de los animales. En Revista General de Derecho Animal y Estudios interdisciplinarios en bienestar animal, Nº 10.

Páez, E. (2022): Sintientes, pero sin derechos. Análisis ético de la Ley 17/2021, sobre el régimen jurídico de los animales, y propuestas de reforma. En Revista General de Derecho Animal y Estudios interdisciplinarios en bienestar animal, Nº 10.

Pelegrín López, A. (2018): Malos tratos y abandono de animales en el vigente Código Penal. Centro de Estudios Jurídicos. Abril.

Peñalba Ribera, T. (2022): La superación de la dualidad de personas y cosas y las normas posesorias de los animales. En Revista General de Derecho Animal y Estudios interdisciplinarios en bienestar animal, Nº 10.

Portero Molina, J.A. (2000): Constitución y jurisprudencia constitucional. Tiran lo blanch, Valencia.

Prats, E. (2020): El delito de maltrato animal en España: pasado presente y futuro. Revista jurídica de Catalunya vol. 199 (4), páxs. 965-1002.

Vercher Nogueras, A. (2019): Algunas reflexiones sobre la evolución del delito de malos tratos a animales domésticos y la posibilidad de decomiso de los mismos. Diario La Ley, - 27 novembro 2019.

Vivas Tesón, I. (2019): Los animales en el ordenamiento jurídico español y la necesidad de una reforma. En Revista internacional de doctrina y jurisprudencia, Vol. 21, páxs. 1-4.

Repositorios normativos de bienestar animal:

<https://www.mapa.gob.es/es/ganaderia/temas/produccion-y-mercados-ganaderos/bienestanimal/> (21 xuño, 2023)

<https://eur-lex.europa.eu/ES/legal-content/glossary/animal-welfare.html> (21 xuño, 2023)

BOE (2023): [https://www.boe.es/biblioteca\\_juridica/codigos/codigo.php?id=204\\_Codigo\\_de\\_Produccion\\_y\\_Bienestar\\_Animal&modo=2](https://www.boe.es/biblioteca_juridica/codigos/codigo.php?id=204_Codigo_de_Produccion_y_Bienestar_Animal&modo=2) (21 xuño, 2023)

<https://mediorural.xunta.gal/es/temas/gandaria/bienestar-animales> (28 setembro, 2023).

---

## **9. Abreviaturas.**

AECOSAN: Axencia española de seguridade alimentaria e nutrición.

AP: Audiencia Provincial.

CC: Código Civil.

CE: Constitución Española.

DD: Disposición Derrogatoria.

DT: Disposición Transitoria.

FCSE: Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.

LAC: Lei 1/2000, de 7 de xaneiro, de axuizamento civil.

LACrim: Lei de axuizamento criminal (RD 14/9/1882).

LCA: Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais, na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio.

LOPX: Lei orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial.

LPACAP: Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

LPBACG: Lei 4/2017, de 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

LPDBA: A Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais.

LRXSP: Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

LSA: Lei 8/2003, do 24 de abril, de Sanidade Animal

MAPA: Ministerio de agricultura, pesca e alimentación.

PNTs: procedementos normalizados de traballo.

REGANUZ: Rexistro galego de núcleos zoolóxicos.

STC: Sentenza do Tribunal Constitucional.

STS: Sentenza do Tribunal Supremo.

TRLDCU: Texto refundido da Lei de Defensa de Consumidores e Usuarios.

TFUE: Tratado de funcionamento da Unión Europea.

UE: Unión Europea.

XR: Xuízo rápido.

OMSA: Organización Mundial de Sanidade Animal.

OIE: Oficina Internacional de Epizootias.

## 10. Agradecementos.

Queremos facer un agradecemento especial a María Mercedes Camiña García, Profesora da área de Fisioloxía da Facultade de Veterinaria da USC, por ter lanzado hai xa tres anos un foro de encontro, debate e aprendizaxe arredor do coidado e benestar dos animais. O Curso de Verán da USC “*Protección e malos tratos animais. Unha perspectiva actual das normas e actuacións desde o ámbito legal e veterinario*”, que xa vai pola terceira edición, constitúe un necesario punto de encontro entre as comunidades veterinaria e xurídica, para a mellor comprensión desta materia e a formación de futuros profesionais que velarán polas garantías de coidado e benestar dos animais. Foi grazas a ela que os catro autores e autoras tivemos a oportunidade de traballar e reflexionar conxuntamente sobre este tema.

O noso agradecemento especial tamén debe ser para Jesús Juan Cantalapiedra Álvarez, veterinario da Xunta de Galicia, impulsor desta obra, pois foi quen nos animou a transformar os relatorios do Curso de Verán nun estudo integral sobre o benestar animal a nivel legal. A súa paciencia coas labores de corrección e edición da obra fano tamén acredor do noso recoñecemento.

Como profesionais do Dereito, queremos tamén recoñecer a labor formativa da Facultade Veterinaria do Campus de Lugo da USC arredor dos aspectos legais do benestar animal; aos Colexios Veterinarios pola divulgación de boas prácticas e a concienciación entre os profesionais nesta materia; ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, singularmente o SEPRONA e os Servizos de Inspección Veterinaria, por velar polo cumprimento da normativa no seu traballo de campo; ao IBADER por confiar en nós para realizar esta publicación, e en xeral a todas as persoas que entenden que os animais son seres vivos con capacidade de sentir, e moitos deles forman parte inseparable da nosa forma de vida e a nosa cultura.

A todas as persoas que sabedes que tratar con coidado e respecto aos animais fainos máis e mellores humanos, grazas.

